**Primaria**

# 2º NIVEL

## Programación didáctica

*Javier Prieto Barro*

*José Luis Alamancos Couso*

*María del Carmen Casal Tato*

*Lois Bóveda Suárez*
*Remedios PedrosaFernández*

*-2º Nivel de Primaria-*

***CURSO 2020-2021***

# ÍNDICE


1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
2. OBXECTIVOS DE ETAPA
3. CONTIDOS, COMPETENCIAS ,CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.
4. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
5. METODOLOXÍA XERAL. METODOLOXIA DA ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL OU NON PRESENCIAL
6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
8. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓNINICIAL
9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
10. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR, AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC, AO PLAN DE CONVIVENCIA E ÁS COMPETENCIAS CLAVE.
11. ACTIVIDADES DE REFORZO/RECUPERACIÓN
12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
14. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA
15. PROCEDEMENTOS E INDICADORES PARA AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN
16. APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR
17. PROGRAMACIÓNS DIDACTICAS DAS DIFERENTES ÁREAS:
    RELIXIÓN
    LINGUA INGLESA
    EDUCACIÓN FÍSICA
    EDUCACIÓN MUSICAL

# 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación foi deseñada para alumnos e alumnas de 2º nivel de Educación Primaria. Os grupos están formados por alumnado con distintos ritmos e estilos de aprendizaxe. Este é o motivo polo que deseñamos unha programación aberta e flexible para que se adapte a cada un deles ou delas e a súa situación.

Esta escola está situada en Arzúa, A Coruña. Hai 222 alumnos/as atendidos por 22 profesores. O colexio está equipado con 12 aulas, das cales 5 son de Infantil e as restantes de Educación Primaria.

Este centro educativo conta tamén cunha Biblioteca, unha aula de PT, unha aula de AL, unha aula de informática con 11 ordenadores conectados a Internet, unha aula de música, unha aula de inglés, un ximnasio, dous patios, unha sala de mestres/as…

As súas **instalacións** están compostas por varios edificios nos que se sitúan as aulas, a sala de mestres, a Biblioteca, a aula de audiovisuais, as oficinas, un ximnasio, o comedor, a aula de informática,... pistas deportivas e unha zona de xogos para Educación Infantil.

En canto ao profesorado se refire, ademais dos/as titores/as, contamos con especialistas de Inglés, Música, Relixión e de Educación física. Asemesmo, para a atención ao Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo contamos co persoal especializado: unha orientadora, unha especialista en Audición e Linguaxe e duas especialistas en Pedagoxía Terapéutica.

A principal actividade económica das familias está vencellada á agricultura e gandeiría, destancando a incorporación dende o ano 1993 no sector turístico polo Camiño de Santiago atopándose nun nivel sociocultural medio.

A lingua vehicular do centro será o galego, xa que esta é a lingua materna da maioría dos nenos e nenas e das súas familias. O reparto de horas en Castelán e Galego farase seguindo a porcentaxe marcada no Proxecto Lingüístico do centro.

## PRINCIPIOSXERAIS

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

Esta Lei modificou o artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, para definir o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas, que se desenvolve no *DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Esta programación didáctica fai referencia ao currículo vixente, publicado na *ORDE do 23 de xullo de 2014 pola que se regula a implantación para o curso 2014/15 dos cursos primeiro, terceiro e quinto de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o calendario de aplicación da Lei orgánica 8/2013, para a mellora da calidadeeducativa*.

## 2. OBXECTIVOS DA ETAPA

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedadedemocrática.
b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espíritoemprendedor.
c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que serelacionan.
d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas condiscapacidade.
e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e, se a houber, a lingua cooficial da comunidade autónoma, e desenvolver hábitos de lectura.
f ) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.
g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vidacotiá.
h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e dacultura.
i ) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
l ) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal esocial.
n) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar xeitos de comportamento que favorezan o seucoidado.
ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipossexistas.
o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes detráfico.

## 3. APRENDIXACES IMPRESCINDIBLES NON

| ÁREA | LINGUA CASTELÁ E LITERATURA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR | | | | |
| - a<br>- c<br>- d<br>- e | - B1.1. Estratexias e normas básicas para o intercambio comunicativo: participación; escoita; respecto á quenda de palabra; respecto polos sentimentos, ideas e coñecementos dos e dasdemais. | - B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra e a intervención dos e dasdemais. | - LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións. | - CCL<br>- CAA<br>- CSC |
| | | | - LCB1.1.2. Aplica as normas socio - comunicativas: escoita, espera dequendas. | - CCL<br>- CAA<br>- CSC |
| - b<br>- e | - B1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que complementen o significado damensaxe. | - B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produciónpropia. | - LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais paracomunicarse oralmente, identificando, de xeito global, o valor comunicativodestes. | - CCL |

| ÁREA | LINGUA CASTELÁ E LITERATURA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | - LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seunivel. | - CCL |
| - a<br>- b<br>- e | - B1.3. Participa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando unha secuencia linealsinxela. | - B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación deaula. | - LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións decomunicación:<br>- -diálogos<br>- -exposicións orais guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación. | - CCL<br>- CD<br>- CAA<br>- CSC<br>- CSIEE |
| - b<br>- e | - B1.4. Dedución das palabrasevidentes polo contexto. Interese pola ampliación de vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas. | - B1.4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula. | - LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado aoseu nivel. | - CCL |
| | | | - LCB1.4.2. Identifica polo contexto osignificado de distintas palabras. | - CCL |
| - b<br>- d<br>- e<br>- i | - B1.5. Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (produción didáctica, gravacións, medios decomunicación). | - B1.5.Recoñecer o tema e o sentidoxeral dun texto oral breve e sinxelo, de diferente tipoloxía, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). | - LCB1.5.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo deuso habitual, do ámbito escolar esocial. | - CCL<br>- CAA |
| | | | - LCB1.5.2. Recoñece a tipoloxía moi evidente de textos orais sinxelos atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa: cartas, anuncios, regulamentos,folletos…. | - CCL<br>- CAA |

| ÁREA | LINGUA CASTELÁ E LITERATURA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | - LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á compresiónliteral. | - CCL |
| - b<br>- d<br>- e<br>- i | - B1.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación. | - B1.6. Valorar os medios de comunicación social comoinstrumento decomunicación. | - LCB1.6.1.Icíase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información. | - CCL<br>- CD<br>- CAA |
| | | | - LCB1.6.2. Recoñece de forma global ocontido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación. | - CCL<br>- CD<br>- CAA<br>- CSC |
| - b<br>- e | - B1.7. Audición e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen oseu interese. | - B1.7. Reproducir textos axeitados aos seus gustos eintereses. | - LCB1.7.1. Reproduce de memoria textos literarios ou non literarios, sinxelos ebreves, axeitados aos seus gustos eintereses. | - CCL<br>- CAA<br>- CCEC |
| - b<br>- e | - B1.8. Dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias. | - B1.8. Dramatizar, de xeitocolaborativo, textos infantís. | - LCB1.8.1. Adecúa a entoación, o volume e o xesto á representacióndramática. | - CCL |
| - b<br>- e | - B1.9. Produción de textos orais breves e sinxelos segundo a súa tipoloxía: atendendo á forma damensaxe | - B1.9. Producir textos orais breves, imitando modelos a atendendo á forma e a intencióncomunicativa. | - LCB1.9.1. Elabora comprensiblementetextos orais sinxelos, do ámbito escolar e social, de diferente tipoloxía: noticias, avisos,contos, | - CCL<br>- CAA<br>- CSIEE |

| ÁREA | LINGUA CASTELÁ E LITERATURA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). | | poemas, anécdotas…. | |
| | | | - LCB1.9.2. Organiza o discursocunha secuencia coherenteelemental. | - CCL<br>- CAA<br>- CSIEE |
| - a<br>- d<br>- e<br>- m | - B1.10. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosacoas diferenzas. | - B1.10. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosacoas diferenzas. | - LCB1.10.1 Usa unha linguaxe nondiscriminatoria e respectuosa coasdiferenzas. | - CCL<br>- CSC |
| - a<br>- b<br>- e | - B1.11. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar epreguntar. | - B1.11. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar epreguntar. | - LCB1.11.1 Emprega de xeito efectivo alinguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para asegurar acomprensión. | - CCL<br>- CAA<br>- CSC<br>- CSIEE |
| BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER | | | | |
| - b<br>- e | - B2.1. Lectura de distintos tipos de texto:próximos á súaexperiencia. | - B2.1. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos sinxelos de carácter infantil. | - LCB2.1.1. Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textosmoi sinxelos apropiados á súa idade. | - CCL |
| | | | - LCB2.1.2. Le en silencio textos moisinxelos próximos á súa experienciainfantil. | - CCL |

| ÁREA | LINGUA CASTELÁ E LITERATURA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| - E | - B2.2. Comprensión de textos de diversa tipoloxía, adecuados á súa idade utilizando a lectura como medio para ampliar ovocabulario. | - B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario. | - LCB2.2.1. Identifica o tema dun textosinxelo. | - CCL<br>- CAA |
| | | | - LCB2.2.2. Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios eprescritivos). | - CCL<br>- CAA |
| - b<br>- e | - B2.3. Utilización de estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do título e das ilustracións. Identificación de palabras clave. Anticipación de hipótese de significado polo contexto. Recoñecemento básico da tipoloxíatextual. | - B2.3. Utilizar de xeito guiadoestratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía. | - LCB2.3.1. Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender untexto. | - CCL<br>- CAA |
| | | | - LCB2.3.2. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións redundantes | - CCL<br>- CAA |
| | | | - LCB2.3.3. Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto. | - CCL<br>- CAA |
| - E | - B2.4. Gusto polalectura.<br>- B2.5. Selección de libros segundo ogusto persoal.<br>- B2.6. Lectura dos libros establecidos no Planlector. | - B2.4. Ler por propia iniciativadiferentes tipos detextos. | - LCB2.4.1. Dedica, de xeito guiado, momentosde lecer para a lecturavoluntaria. | - CCL |
| | | | - LCB2.4.2. Explica, de xeito sinxelo, as súas preferenciaslectoras. | - CCL |

| ÁREA | LINGUA CASTELÁ E LITERATURA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| - e<br>- i | - B2.7. Uso da biblioteca para a procurade información e utilización da mesma como fonte de información elecer. | - B2.5. Usa, de xeito guiado, a biblioteca para localizar libros axeitados aosseus intereses. | - LCB2.5.1. Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre libros do seuinterese. | - CCL<br>- CD<br>- CAA |
| - a<br>- b<br>- e | - B2.8. Iniciación á creación da biblioteca persoal. | - B2.6. Mostrar interese por ter unha bibliotecapropia. | - LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza osseus libros. | - CCL<br>- CSC |
| - a<br>- e | - B2.9. Identificación dasmensaxes transmitidas polotexto. | - B2.7. Identifica, con axuda, aestrutura básica de diferentes textoslidos. | - LCB2.7.1. Diferenza, con axuda, entre información epublicidade. | - CCL<br>- CAA<br>- CSC |
| | | | - LCB2.8.1. Formula hipóteses, de xeito guiado, sobre a finalidade de diferentes textos moi sinxelos a partir da súa tipoloxía, e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos moi redundantes, axeitados á súaidade. | - CCL<br>- CAA<br>- CSC |
| - b<br>- e<br>- i | - B2.10. Uso guiada das Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento igualmenteguiado, dainformación. | - B2.8. Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información. | - LCB2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información. | - CCL<br>- CD<br>- CAA |
| BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR | | | | |

| ÁREA | LINGUA CASTELÁ E LITERATURA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| - b<br>- e<br>- m | - B3.1. Produción de textos para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades: con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas (informativos, literarios e prescritivos).<br>- B3.2. Cohesión do texto: mantementodo tempo verbal,puntuación.<br>- B3.3. Aplicación das normas ortográficas axeitadas ao nivel.<br>- B3.4. Produción de textos segundo oPlan de escritura docentro. | - B3.1. Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas(informativos, literarios e prescritivos, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidandoa presentación. | - LCB3.1.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa)e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textosliterarios… | - CCL<br>- CD<br>- CAA |
| | | | - LCB3.1.2. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza, evitando riscosetc. | - CCL<br>- CAA |
| - b<br>- e<br>- m | - B3.5. Valoración da súa propiaprodución escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. | - B3.2. Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. | - LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. | - CCL<br>- CSC |
| - b<br>- e | - B3.6. Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función, destinatario, xeración de ideas, estrutura...)<br>- B3.7. Textualización en frases elementais con secuencialineal.<br>- B3.8. Revisión e mellora dotexto. | - B3.3. Aplicar, de xeito guiado, todasas fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión ereescritura. | - LCB3.3.1. Utiliza borradores que amosan a xeración e selección de ideas e a revisión ortográfica na escritura de textos sinxelospropios do ámbito da vida persoal, social eescolar. | - CCL<br>- CAA<br>- CSIEE |
| - b<br>- e | - B3.9. Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteispublicitarios. | - B3.4. Elaborar, de xeito guiado, proxectos individuais ou colectivossobre diferentes temas da área. | - LCB3.4.1. Elabora, de forma guiada, gráficas sinxelas sobre experiencias realizadas:plantar fabas, cría de vermes deseda…. | - CCL<br>- CAA |

| ÁREA | LINGUA CASTELÁ E LITERATURA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| - i | Anuncios. Cómics. | | - LCB3.4.2. Elabora e presenta, de formaguiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes de carácter redundante cocontido. | - CCL<br>- CD<br>- CAA |
| - e<br>- i | - B3.10. Creación de textos utilizandoas Tecnoloxías da Información e Comunicación de xeitoguiado.<br>- B3.11. Produción de textos segundo o Plan de escritura docentro. | - B3.5. Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación dexeito guiado para presentar as súas produción. | - LCB3.6.1. Usa, con axuda, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para escribir e presentar textos moisinxelos. | - CCL<br>- CD<br>- CAA |
| BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA | | | | |
| - b<br>- e | - B4.1. Apalabra.<br>- B4.2. Recoñecemento das distintas clases de palabras(nome, verbo, adxectivo, pronomes, artigos) Características e uso de cada clase de palabra.<br>- B4.3. Tempos verbais: presente,pasado efuturo. | - B4.1. Aplicar os coñecementos gramaticais básicos sobre a estrutura da lingua, (categorías gramaticais), para favorecer unha comunicación máis eficaz. | - LCB4.1.1. Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo. | - CCL |
| | | | - LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro aoproducir textos orais eescritos. | - CCL |
| - e | - B4.2. Recoñecemento das distintas clases de palabras (nome, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra. | - B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso dalingua. | - LCB4.2.1. Utiliza sinónimos e antónimos, polisémicas na expresión oral eescrita. | - CCL |
| | | | - LCB4.2.2. Forma palabras compostas a partir de palabrassimples. | - CCL |

| ÁREA | LINGUA CASTELÁ E LITERATURA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | - B4.4. Vocabulario. Frases feitas. Formación de substantivos, adxectivose verbos. Recursos derivativos: prefixos e sufixos.<br>- B4.5. Recoñecemento dos constituíntes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado. | | - LCB4.2.3. Identifica o suxeito/grupo nominale predicado nas oraciónssimples. | - CCL |
| - b<br>- e | - B4.6. Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía epuntuación. | - B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz. | - LCB4.3.1. Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textossinxelos. | - CCL |
| - b<br>- e | - B4.7. Clases de nomes: comúns e propios.<br>- B4.8. As relacións gramaticais Recoñecemento e explicación reflexiva das relacións que se establecen entre o substantivo e o resto dos compoñentes do gruponominal. | - B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento dalingua. | - LCB4.4.1. Aplica as normas de concordanciade xénero e número na expresión oral eescrita. | - CCL |
| | | | - LCB4.4.2. Utiliza signos de puntuación nas súas composiciónsescritas. | - CCL |
| | | | - LCB4.4.3. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritaspropias. | - CCL |
| - e<br>- i | - B4.9. Utilización do material multimedia educativo e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súaidade. | - B4.5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas eavanzar naaprendizaxe. | - LCB4.5.1. Utiliza de forma guiada,distintos programas educativosdixitais. | - CCL<br>- CD<br>- CAA |

| ÁREA | LINGUA CASTELÁ E LITERATURA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| - d<br>- e<br>- o | - B4.10. Identificación das variedades da lingua na nosa comunidade autónoma. Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativaintegrada. | - B4.6. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada. | - LCB4.6.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas quecoñece. | - CCL<br>- CAA |
| BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA | | | | |
| - d<br>- e | - B5.1. Valoración dos textosliterarios como fonte de gozopersoal. | - B5.1. Valorar textos como fonte delecer einformación. | - LCB5.1.1. Valora de forma global, textospropios da literatura infantil: contos, cancións, poesía, cómics, refráns e adiviñas | - CCL<br>- CCEC |
| - d<br>- e | - B5.2. Lectura guiada e comentada de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literaturaactual.<br>- B5.3. Identificación de recursosliterarios. | - B5.2. Iniciar a lectura e expresivade textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na prácticaescolar. | - LCB5.2.1. Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual. | - CCL<br>- CAA<br>- CCEC |
| | | | - LCB5.2.2. Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textosliterarios (personificacións) | - CCL<br>- CAA |
| - d<br>- e | - B5.4 Valoración de recursosliterarios. | - B5.3. Valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns,adiviñas. | - LCB5.3.1. Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas. | - CCL<br>- CCEC |

| ÁREA | LINGUA CASTELÁ E LITERATURA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| - b<br>- e | - B5.5 Creación de textos literarios en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións, eteatro. | - B5.5. Reproducir, con axuda, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos: contos epoemas. | - LCB5.5.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelosdados. | - CCL<br>- CAA<br>- CSIEE<br>- CCEC |
| - a<br>- b<br>- e | - B5.6. Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicciónadecuados. | - B5.6. Reproducir textos literariosbreves e moi sinxelos adaptados á súaidade. | - LCB5.6.1. Reproduce textos orais moi brevese sinxelos: cancións epoemas. | - CCL |
| - d<br>- e | - B5.7. Dramatización e lectura dramatizada de textosliterarios. | - B5.7. Participar con interese en dramatizacións de sinxelostextos literarios adaptados áidade. | - LCB5.7.1. Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textosliterarios axeitados á súaidade. | - CCL<br>- CAA<br>- CCEC<br>- CSC |
| - d<br>- e<br>- o | - B5.8. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada) como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal. | - B5.8. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecerpersoal. | - LCB5.8.1. Valora a literatura en calqueralingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal. | - CCL<br>- CSC<br>- CCEC |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR | | | | |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| a<br>e | B1.1. Comprensión e valoración de textos orais sinxelos procedentes da radio e da televisión para obter información xeral e relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil e ao contorno máis inmediato. | B1.1. Comprender a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil. | LGB1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil. | CCL<br>CAA |
| | | | LGB1.1.2. Recoñece a función dos medios de comunicación como fonte de información. | CCL<br>CSC |
| b<br>d<br>e<br>i | B1.2. Comprensión global e específica de informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes establecendo relacións de identificación, de clasificación e de comparación entre elas. | B1.2. Comprende informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes. | LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSC |
| a<br>b<br>c<br>e<br>o | B1.3. Comprensión e produción de textos orais sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposición ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo). | B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico. | LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CSEIEE |
| | | | LGB1.3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo e pregunta, se é preciso, para verificar a súacomprensión. | CCL<br>CAA |
| | | | LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais sinxelos ante a clase e responde preguntas elementais sobre o seu contido. | CCL<br>CSIEE<br>CAA |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo. | CCL<br>CSIEE<br>CAA |
| a<br>c<br>e<br>o | B1.4. Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas e respecto das opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas. | B1.4. Manter unha actitude de escoita adecuada, respectando as opinións dos e das demais. | LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais en conversas e exposicións, sen interromper. | CCL<br>CSC |
| | | | LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala. | CCL<br>CSC |
| a<br>c<br>d<br>e | B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou narracións de feitos vitais, emocións e sentimentos), con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, ton adecuado, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala, actitude receptiva de escoita e respecto ás opinións das demaispersoas). | B1.5. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral. | LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. | CCL<br>CSC<br>CAA |
| | | | LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais. | CCL<br>CSC<br>CCEC |
| | | | LGB1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela. | CCL<br>CSC<br>CCEC |
| | | | LGB1.5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral. | CCL<br>CSC<br>CCEC |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | LGB1.5.5. Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese, unha actitude receptiva de escoita e respecta as opinións das demais persoas. | CCL<br>CSC<br>CCEC |
| | | | LGB1.5.6. Participa na conversa formulando e contestando preguntas. | CCL<br>CSC<br>CCEC<br>CAA |
| a<br>b<br>e<br>o | B1.6. Uso de fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda. | B1.6. Usar fórmulas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais. | LGB1.6.1. Usa fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda. | CCL<br>CAA |
| b<br>d<br>e | B1.7. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida. | B1.7. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo. | LGB1.7.1. Amosa respecto ás achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo. | CCL<br>CAA<br>CSIEE |
| e<br>o | B1.8. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas. | B1.8. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas. | LGB1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación axeitada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CSIEE |
| a<br>d | B1.9. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, en especial ás | B1.9. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. | LGB1.9.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente. | CCL<br>CSC |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| e<br>o | referentes ao xénero, ás razas e ás etnias. | | LGB1.9.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial ás referentes ao xénero, ás razas e ás etnias. | CCL<br>CSC |
| a<br>d<br>e<br>o | B1.10. Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. | B1.10. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral. | LGB1.10.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación... | CCL<br>CCEC |
| | | | LGB1.10.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. | CCL<br>CCEC<br>CSC |
| BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER | | | | |
| b<br>e<br>l<br>j<br>o | B2.1. Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.<br>B2.2. Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado en textos procedentes dos medios de comunicación social, especialmente a noticia.<br>B2.3. Localización de información en textos para | B2.1. Comprender e localizar información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación. | LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación. | CCL<br>CD<br>CSC |
| | | | LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas. | CCL |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | aprender vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións). | | LGB2.1.3. Localiza información en textos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións). | CCL<br>CAA<br>CSIEE |
| b<br>e | B2.4. Integración de coñecementos e de informacións procedentes de ilustracións. | B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións. | LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CSIEE<br>CMCT |
| a<br>b<br>e | B2.5. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.<br>B2.6. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios. | B2.3. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras, e dramatiza cando é preciso. | LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos diversos. | CCL<br>CAA |
| | | | LGB2.3.2. Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada. | CCL |
| | | | LGB2.3.3. Fai lecturas dramatizadas de textos. | CCL<br>CSC |
| a<br>b<br>e<br>i | B2.7. Introdución ao uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos. | B2.4. Coñecer, de forma xeral, o funcionamento da bibliotecas de aula, e de centro como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos. | LGB2.4.1. Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| | | | LGB2.4.2. Coñece, de xeito xeral, o funcionamento da biblioteca de aula e de centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais | CCL<br>CAA<br>CSC |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | diversos | |
| a<br>b<br>e | B2.8. Mantemento adecuado e ampliación da biblioteca persoal. | B2.5. Ter interese por ter unha biblioteca propia. | LGB2.5.1. Coida, conserva e organiza os seus libros. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| a<br>b<br>e<br>o | B2.9. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de lecer. | B2.6. Amosar interese polos textos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer. | LGB2.6.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC |
| a<br>b<br>e<br>m<br>o | B2.10. Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais, así como a apreciación do texto literario como recurso de gozopersoal. | B2.7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias. | LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias. | CCL |
| | | | LGB2.7.2. Explica dun xeito moi sinxelo as súas preferencias lectoras. | CCL<br>CSC<br>CAA<br>CSIEE |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR | | | | |
| a<br>b<br>e<br>o | B3.1. Produción e reescritura de textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos.<br>B3.2. Composición de textos sinxelos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas, titulares, pés de foto…) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar.<br>B3.3. Composición de textos sinxelos relacionados coa escola para obter, organizare comunicar información (cuestionarios, listaxes, descricións, explicaciónselementais).<br>B3.4. Respecto polas convencións xerais da escrita: uso das maiúsculas e do punto.<br>B3.5. Utilización de xeito guiado de estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de *para quen*, e *que* escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto). | B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola. | LGB3.1.1. Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións,felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos. | CCL<br>CSIEE<br>CAA |
| | | | LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo. | CCL<br>CAA<br>CSIEE |
| | | | LGB3.1.3. Usa nos seus escritos o punto, a coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación. | CCL |
| | | | LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas. | CCL<br>CSC<br>CCEC |
| | | | LGB3.1.5. Compón, seguindo modelos, textos relacionados coa escola (listaxes, descricións e explicacións elementais) ou cos medios de comunicación social (novas sinxelas, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximo á súa experiencia. | CCL<br>CAA<br>CSIEE |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| a<br>b<br>e<br>j<br>o | B3.6. Creación de textos sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic. | B3.2. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal. | LGB3.2.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic. | CCL<br>CSC<br>CCEC<br>CAA<br>CSIEE |
| b<br>d<br>e<br>i<br>j | B3.7. Iniciación á utilización de programas informáticos de procesamento de textos. | B3.3. Usar de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto. | LGB3.3.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSIEE |
| b<br>e<br>i<br>j | B3.8. Utilización de elementos gráficos e sinxelos como a ilustración para facilitar a comprensión. | B3.4. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos. | LGB3.4.1. Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido. | CCL<br>CD<br>CSIEE |
| a<br>b<br>e<br>i | B3.9. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.<br>B3.10. Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe, como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión creativa. | B3.5. Presentar adecuadamente os traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. | LGB3.5.1. Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica. | CCL<br>CD<br>CAA |
| | | | LGB3.5.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. | CCL<br>CSC |
| BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA | | | | |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| E | B4.1. Inicio na identificación implícita e uso dos termos lingüísticos elementais, nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; enunciado, palabra e sílaba, nome común e nome propio.<br>B4.2. Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos. | B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. | LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas. | CCL<br>CAA |
| | | | LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra. | CCL<br>CAA |
| | | | LGB4.1.3. Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos. | CCL<br>CAA |
| | | | LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas. | CCL<br>CAA |
| b<br>e | B4.3. Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas. | B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas. | LGB4.2.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. | CCL<br>CSC<br>CCEC |
| E | B4.4. Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego.<br>B4.5. Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura. | B4.3. Recoñecer a relación entre o son e grafía, así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura. | LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía. | CCL<br>CAA |
| | | | LGB4.3.2. Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura. | CCL<br>CAA |
| a<br>d<br>e<br>h | B4.6. Observación das diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita. | B4.4. Recoñecer de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita. | LGB4.4.1. Recoñece, de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita. | CCL<br>CCEC |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| m | | | | |
| a<br>d<br>e<br>h<br>m | B4.7. Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. | B4.5. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada. | LGB4.5.1. Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. | CCL<br>CAA |
| BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA | | | | |
| b<br>d<br>e<br>o | B5.1. Recreación e reescritura de diversos textos literarios sinxelos (narrativos ou poéticos): contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.<br>B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. | B5.1. Recrear e reescribir diversos textos literarios, usando modelos. | LGB5.1.1. Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos. | CCL<br>CAA<br>CCEC |
| | | | LGB5.1.2. Valora os textos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. | CCL<br>CCEC |
| b<br>d<br>e | B5.3. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras. | B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á | LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora. | CCL<br>CCEC<br>CD |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| i | | autonomía lectoras. | LGB5.2.2. Le, de forma guiada, textos en voz alta, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora. | CCL<br>CCEC<br>CD |
| b<br>e | B5.4. Recreación e composición de poemas sinxelos e relatos breves para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas. | B5.3. Recrear e compoñer poemas sinxelos e relatos breves a partir de modelos sinxelos dados. | LGB5.3.1. Recrea e compón poemas sinxelos e relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas. | CCL<br>CCEC<br>CSC |
| - m | - B1.1. O autocoñecemento. A autopercepción. A imaxe dun mesmo/a. As calidades persoais. A percepción das emocións. O recoñecemento das emocións. A linguaxeemocional. | - B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a en base ás autopercepciónse<br>- autodescrición decalidades. | - VSCB1.1.1. Recoñece e describe verbalmenteos seus estados de ánimo en composiciónslibres. | - CSC<br>- CCL |
| - a<br>- m | - B1.2. As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e verbalización. Asociación pensamento-emoción.<br>- B1.3. O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturacióncognitiva. | - B1.2.Estruturar un pensamento efectivo empregando as emocións de forma positiva. | - VSCB1.2.1. Detecta en si mesmo/asentimentos negativos e emprega estratexias sinxelas para transformalos. | - CSC<br>- CSIEE |
| | | | - VSCB1.2.2. Motívase mediante estratexias sinxelas de pensamento en voz alta duranteo traballo individual egrupal. | - CSIEE<br>- CAA |
| | | | - VSCB1.2.3. Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións. | - CCL<br>- CSIEE |
| | | | - VSCB1.2.4. Expresa, respondendo a preguntas de persoas adultas, os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividadescooperativas. | - CCL<br>- CSC |
| - b | - B1.4. A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas. A realización responsable das tarefas escolares. A motivación. | - B1.3. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación extrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais ecompartidos. | - VSCB1.3.1. Asume as súas responsabilidades durante acolaboración. | - CSC<br>- CSIEE |
| | | | - VSCB1.3.2. Realiza, respondendo apreguntas de persoas adultas, unha autoavaliación responsable da execución dastarefas. | - CSC<br>- CAA |

| ÁREA | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| - b<br>- m | - B1.5. A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade nun mesmo e nunha mesma, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. A toma de decisións persoal meditada. Tolerancia á frustración. | - B1.4. Adquirir capacidades para tomar decisións, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante osproblemas. | - VSCB1.4.1. Utiliza o pensamento creativo na formulación de propostas deactuación. | - CSC<br>- CSIEE |
| | | | - VSCB1.4.2. Toma iniciativas de actuación durante acolaboración. | - CSC<br>- CSIEE |
| - a<br>- c | - B1.6. A iniciativa. A automotivación. A autoproposta dedesafíos. | - B1.5. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendementopara conseguir logros persoais responsabilizándose do bencomún. | - VSCB1.5.1.Participa con interese na resolución de problemas escolares. | - CSIEE<br>- CSC |
| | | | - VSCB1.5.2. Define e formulaclaramente problemas de convivencia. | - CSC<br>- CCL |
| BLOQUE 2. A COMPRENSIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS | | | | |
| - m | - B2.1. As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favoreceno diálogo: ton de voz e maneira de falar. Adecuación a diferentescontextos. | - B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e nonverbal. | - VSCB2.1.1 Expresar con claridade sentimentose emocións. | - CCL<br>- CSC<br>- CSIEE |
| | | | - VSCB2.1.2.Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais para expresar opinións, sentimentos e emocións. | - CAA<br>- CSIEE |

| ÁREA | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | - VSCB2.1.3. Emprega a linguaxepara comunicar afectos e emocións con amabilidade. | - CCL<br>- CSC |
| - m<br>- e | - B2.2. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicaciónconstrutivas. | - B2.2. Empregar aaserción. | - VSCB2.2.1. Emprega a linguaxepositiva. | - CCL<br>- CSC |
| - c<br>- m | - B2.3. A intelixencia interpersoal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. Oaltruísmo. | - B2.3. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais. | - VSCB2.3.1. Emprega diferenteshabilidades sociais básicas. | - CSC |
| - a | - B2.4. O respecto, a tolerancia e a valoración das demais persoas. As diferenzas culturais. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado.<br>- B2.5. A diversidade. Respecto polos costumes e modos de vida diferentesao propio. | - B2.4. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas. | - VSCB2.4.1. Identifica distintas maneiras de ser e actuar. | - CSC<br>- CSIEE |
| | | | - VSC2.4.2. Identifica necesidades dos compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emitecumprimentos. | - CSC<br>- CSIEE |
| - c<br>- m | - B2.6. As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión degrupo. | - B2.5. Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudescooperativas e establecendo relaciónsrespectuosas. | - VSCB2.5.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo. | - CSC<br>- CSIEE |
| | | | - VSCB2.5.2 Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianzamutua. | - CSC<br>- CSIEE |

| ÁREA | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | | |
| BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS | | | | |
| - b<br>- m | - B3.1. Aplicación dos valores cívicos en situacións de convivencia no contorno inmediato (familia, centro escolar, grupo, amizades, localidade). Desenvolvemento de actitudes de comprensión e solidariedade. Valoración do diálogo para solucionar os conflitos de intereses en relación coas demaispersoas.<br>- B3.2. Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas edecisións. | - B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demaise compartindo puntos de vista e sentimentos. | - VSCB3.1.1. Establece relacións de confianza cos iguais e as persoasadultas. | - CSC<br>- CSIEE |
| | | | - VSCB3.1.2. Pon de manifesto unhaactitude aberta cara aosdemais. | - CSC<br>- CSIEE |
| - b | - B3.3. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. Ascondutas | - B3.2. Traballar en equipo favorecendoa interdependencia positiva e amosando condutas solidarias. | - VSCB3.2.1. Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para aaprendizaxe. | - CAA<br>- CSIEE<br>- CSC |

| ÁREA | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, compartir puntos de vista e sentimentos.<br>- B3.4. Estruturas e técnicas da aprendizaxecooperativa. | | - VSCB3.2.2. Respecta as regras durante o traballo enequipo. | - CSC |
| - a | - B3.5. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centropositivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. | - B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa, empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valoresuniversais. | - VSCB3.3.1. Coñece e enumera as normas da aula. | - CCL<br>- CSC |
| | | | - VSCB3.3.2. Pon en práctica procesos de razoamento sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordescoas normas de convivenciaescolares. | - CSC<br>- CSIEE |
| | | | - VSCB3.3.3 Participa na elaboración das normas da aula | - CCL<br>- CSC<br>- CSIEE |
| | | | - VSCB3.3.4. Respecta as normas do centro escolar. | - CSC |
| - c | - B3.6. A resolución de conflitos. Alinguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intenciónse | - B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade e usando alinguaxe | - VSCB3.4.1. Resolve problemas persoais da vida escolar mantendo unha independenciaadecuada á súaidade. | - CSC<br>- CSIEE |
| | | | - VSCB3.4.2. Escoita as razón das persoas coas que entra en conflito, compréndeas, na medida das súas posibilidades e exponasoralmente. | - CCL<br>- CSIEE<br>- CSC |

| ÁREA | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | posicionamentos persoais. | positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. | - VSCB3.4.3. Identifica as emocións e os sentimentos das partes enconflito. | - CSC<br>- CSIEE |
| | | | - VSCB3.4.4. Explica conflitos, causas e as súas posibles solucións, tendo en conta os sentimentos básicos daspartes. | - CSC<br>- CCL |
| - a | - B3.7. Os dereitos e deberes. A declaración dos Dereitos do Neno: alimentación, vivenda e xogo. Igualdade de dereitos dos nenos e nenas no xogoe no emprego dos xoguetes. | - B3.5. Analizar, en relación coa experiencia de vida persoal, a necesidade de preservar os dereitos á alimentación, á vivenda e ao xogo de todos os nenos e nenas domundo. | - VSCB3.5.1. Representa plasticamente a necesidade da alimentación, a vivenda e oxogo para os nenos e asnenas. | - CSC<br>- CCAC |
| | | | - VSCB3.5.2. Explica as consecuencias paraos nenos e para as nenas dunha mala alimentación, a falta de vivenda digna e a imposibilidade dexogar. | - CSC<br>- CL<br>- CSIEE |
| | | | - VSCB3.5.3. Respecta a igualdade de dereitos dos nenos e das nenas no xogo e noemprego dos xoguetes. | - CSC |
| - d<br>- m | - B3.8. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibriode xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Valoración da igualdade de dereitos de homes e de mulleres na familia e no mundo laboral esocial. | - B3.6. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade dedereitos e corresponsabilidade entre homes e mulleres. | - VSCB3.6.1. Colabora con persoas do outrosexo en diferentes situaciónsescolares. | - CSC<br>- CCL |
| | | | - VSCB3.6.2. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seusexo. | - CSC<br>- CSIEE |
| - c<br>- k | - B3.9. Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes no ámbito escolar edoméstico. | - B3.7. Tomar medidaspreventivas, valorando a importancia de previr accidentesdomésticos. | - VSCB3.7.1. Valora a importancia do coidadodo corpo e a saúde e de previr accidentes domésticos. | - CSIEE |

| ÁREA | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | - B3.10. Actitudes e estratexias de promoción de formas de vida saudable e decalidade. | | - VSCB3.7.2. Razoa as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade devida. | - CCL<br>- CSIEE |
| | | | - VSCB3.7.3.Expresa as medidaspreventivas dos accidentes domésticos máisfrecuentes. | - CCL<br>- CSC |

**A educación como portadora de valores contribúe ao desenvolvemento integral da persoa e á potenciación de actitudes democráticas, tolerantes e solidarias.**

Programaranse seguindo os seguintes criterios:

- Educación Ambiental: manifestando respecto pola Natureza, rexeitando a contaminación, fomentando os usos de coidado do medio, con fichas sobre o Día do Medio Ambiente…que se desenvolven en determinadas materias durante ocurso.
- Educación para a saúde:, traballando aspectos importantes como a hixiene corporal , os beneficios do ejercicio físico axeitado, os hábitos de descansodiario,etc…
- Educación para a igualdade: participando por igual nenos e nenas en tódalas actividades, aceptando a non discriminación segundo o sexo, acabando dunha maneira definitiva cós estereótipos dexénero.
- Educación para a paz: con actividades para fomentar a solidaridade, o respecto á diversidade, capacidade de diálogo e participación social, resoluc ión pacífica de conflictos…
- Educación para o consumo: a través do descubrimento do valor de diferentes obxectos e productos de uso cotián, fomentando un consumoresponsable…
- Educación moral e cívica: con actividades para traballar valores de tolerancia, aceptación e valoración dosoutros.
- Educación viaria: tratando de coñecer as normas de circulación e actuar correctamente como peóns, viaxeiros ou conductores. Aspectos que se traballarán por ejemplo nas diferentes saídas que se realicen polocontorno.
- Educación sexual: Traballarase o aprecio do propio corpo e a mellor autoestima así como o respecto mutuo, identificando as diferencias entre o sexo masculino e feminino

**Elementos transversais**

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas asdisciplinas.

-Fomentarase a calidade, a equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e a non-discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todas as persoas, atención á diversidade, e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumno con discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.

-Promover o desenvolvemento de valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia social ou persoal.

-Tamén se promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida familiar, persoal e social, así como os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

-Tratarase a prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquer forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feitohistórico.

-Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan calquer tipo de discriminación.

-Incorporaranse aqueles elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, calquer tipo de explotación, o uso adecuado das tecnoloxías da información e a comunicación, así como a protección ante posiblescatástrofes.

-Incorporaranse elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor, a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

-Promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención para os accidentes de tráfico.

## LÍNGUA INGLESA

### 1. Introdución

Os alumnos/as aprenden inglés a través de actividades motivadoras con carácter lúdico que permita de forma inconsciente e natural a adquisición da lingua estranxeira, e que encerran o reto de potenciar a habilidade do alumnado para percibir o coñecemento dunha lingua estranxeira non so como unha materia máis senón como o descubrimento dun mundo externo do que todos formamos parte responsable, promóvese a interacción na clase para desarrollar unha actitud de alerta hacia as normas e os valores sociais, dentro dos principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta o deseño curricular para a etapa de EducaciónPrimaria.

Debemos conseguir que o alumnado adquira todas as competencias marcadas pola LOMCE centrándonos, como é lóxico, na competencia en comunicación lingüística e facendo especial fincapé nas competencias sociais e cívicas, aprender a aprender e sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Por outra parte, incorporar tamén o conxunto de elementos transversais ao proceso de aprendizaxe.

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC, traballaranse intensamente ao longo de todo o proceso, pero tamén terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e en xeral, a resolución pacífica de conflictos en todos os ámbitos, rechazo a calquer tipo de violencia, o desenvolvemento do espíritu emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada e a mellora da convivencia.

Nun mundo cada vez máis globalizado,o dominio dunha segunda lingua estranxeira faise necesario, así como o impacto das novas tecnoloxías, repercutindo directamente nos alumnos á hora de aprender, de comunicarse ou de realizar unha tarefa.

Os profesores deberán crear as condicións esenciais para que se produza a aprendizaxe atendendo á diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumno e á búsqueda do desenvolvemento do talento particular de cada un deles. Tamén deberá preparar e organizar o traballo, axudando no desenvolvemento do mesmo; coordinar accións; impulsando actitudes positivas hacia o idioma e a cultura inglesa, captando e desenvolvendo o interese do alumno hacia o novo e a creatividade, intervindo de forma activa e reflexiva, e tratando os errores como signos de progreso. Pola súa parte, os alumnos/as deberán participar de forma activa no seu proceso de aprendizaxe, sendo,o centro e a razón de ser da educación.

### 1.1. As competencias clave integradas

A sociedade actual, cada vez máis heteroxénea e global, demanda un tipo de cidadán competente, que sepa o que fai e o que dice de forma creativa e autónoma.

Dende a área de linguas estranxeiras, esta formación, necesariamente continua, constitúe un proceso de construción social e emocional do coñecemento na que interaccionan permanentemente o corpo, a mente, a razón e as emocións.

Nun proceso de aprendizaxe continuo, basado na adquisición de competencias, o alumnado, mediante os coñecementos que adquiriu , ten que ser capaz de aplicar o que sabe en situacións concretas, é dicir, poñer en práctica e demostrar os coñecementos, habilidades e actitudes que posúe para resolver diferentes feitos en diversos contextos.

Destaca o *carácter combinado* da aprendizaxe por competencias: o alumno, mediante o que *sabe,* debe demostrar que o *sabe aplicar,* pero ademais que *sabe ser e estar.* Desta forma vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral do alumno. Polo tanto, a institución escolar non so prepara ao alumno no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán, de ahí que deba demostrar unha serie de actitudes sociais, cívicas e intelectuais que impliquen o respeto aos demais, responsabilidade e cooperación.

## 2. Contexto

### 2.1. Contexto do centro educativo e características doalumnado

O contexto do centro educativo, enmarcado nun pobo de interior, así como as características dos grupos de alumnos serán dous factores determinantes a ter sidos en conta.

### 2.2. Plan delectura

Algunhas actividades para desenvolver a competencia lectora en inglés poden ser:

-Lectura en voz alta de textos por parte dos alumnos.
-Grupos de lectura dentro e fóra da aula.

-Lectura graduada relacionada coa linguaxe e o tema da unidade en casa.

### 2.3. Plan de tecnoloxías da información e acomunicación

| | |
|---|---|
| **Obxectivos:** | ▪Favorecer a aprendizaxe da linguaestranxeira.<br>▪Adquirir habilidades tecnolóxicas ecomunicativas.<br>▪Facilitar o acceso á información en soportedixital.<br>▪Investigar e contrastarinformación.<br>▪Facer un uso adecuado deInternet.<br>▪Crear documentos en formatodixital.<br>▪Outros. |
| **Recursos:** | ▪Conexión aInternet<br>▪Aula deinformática<br>▪Ordenadores,portátiles<br>▪Pizarradixital<br>▪Outros. |
| **Programas / Aplicacións:** | ▪Páxinas web educativas<br>▪Procesadores detexto<br>▪Outros |
| | |

## 3. Deseño curricular

### 3.1. Currículo

O currículo estará integrado polos seguintes elementos:

a) Os **obxectivos** de cada ensinanza e etapa educativa: referentes relativos aos logros que o alumno debe alcanzar ao finalizar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino-aprendizaxe intencionalmente planificadas a talfin.
b) As**competencias**,oucapacidadesparaaplicardeformaintegradaoscontidospropiosdecadaensinanzaeetapaeducativa,cofindelograrrealizciónadecuadade actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
c) Os **contidos**, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, estratexias, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e á adquisición decompetencias.
Os contidos ordeanse en asignaturas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas nos que participe o alumnado.
d) A **metodoloxía didáctica**, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dosdocentes.
e) Os **criterios de avaliación** do grado de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa: referentes de avaliación que definen o que se quere valorar, o que o alumnado debe lograr, tanto en términos de conceptos como en procedementos ou actitudes. Responden directamente ao que se pretende lograr coaasignatura.

f) Os **estándares e resultados de aprendizaxe avaliables**: concrecións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados das aprendizaxes e concretan mediante accións o que o alumno debe saber e saber facer en cada asignatura. Deben permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado. Teñen que ser observables, medibles e avaliables xa que contribúen e facilitan o deseño de probas estandarizadas ecomparables.

### 3.2. Obxectivos

As esixencias e necesidades na sociedade do século XXI propiciaron axustes no ámbito escolar, preparando aos alumnos e alumnas para vivir nun mundo progresivamente máis internacional, multicultural e multilingüe á vez que tecnolóxicamente máis avanzado.

O currículo básico establece que a Educacion Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:
a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respetar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedadedemocrática.
b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudio, así como actitudes de confianza en sí mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espíritOemprendedor.
c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflictos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que serelacionan.
d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outrosmotivos.
e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas aslinguas.
f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situaciónscotiás.
g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vidacotiá.
h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados conGalicia.
i) Iniciarsenautilizacion,paraaaprendizaxe,dastecnoloxías dainformaciónedacomunicación,desenvolvendounespíritucríticoanteasmensaxes querecibeneelaboran.
j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais eaudiovisuais.
k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal esocial.
l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seucoidado.
m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestión de diversidade afectivo-sexual.
n) Fomentar a educacion viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes detráfico.
o). Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

### 3.3. Competenciasclave

A reforma educativa, seguindo as recomendacións do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006, da UNESCO e da OCDE, entre outras, básase na potenciación da aprendizaxe por competencias, como complemento á aprendizaxe de contidos. Na definición que a Lei Orgánica pa ra a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) fai del currículo, atopámonos cos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe entre os que están as C*ompetencias clave.*
Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre sí en moitas ocasións, un proceso educativo orientado á acción, basado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que terán que ser demostrados polos alumnos,é dicir, non consiste soamente nunha formación funcional.

En suma, unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos.
Formar en competencias permite a aprendizaxe ao longo de toda a vida, facendo fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquer área de coñecemento. A formación académica do alumno transcorre na institución escolar durante un número limitado de anos, pero a necesidade de formación persoal e/ou profesional non remata nunca.
No noso sistema educativo considérase que as Competencias clave que debe ter o alumno cando finaliza a súa escolaridade obrigatoria para enfrentarse aos retos da súa vida persoal e laboral son asseguintes:

- Competencia en comunicaciónlingüística.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia etecnoloxía.
- Competenciadixital.
- Aprender aaprender.
- Competencias sociais ecívicas.
- Sentido de iniciativa e espírituemprendedor.
- Conciencia e expresiónsculturais.

**▪Competencia en comunicaciónlingüística**

Está vinculada á acción comunicativa dentro dunhas prácticas sociais, na que o individuo, ademais de producir, tamén recibe mensaxes con distintas finalidades. Supón a apertura dunha vía de coñecemento, dentro e fóra da escola, e enriquecemento cultural e constitúe un obxectivo de aprendizaxe permanente, considerando a lectura como o principal medio para a ampliación da aprendizaxe e desta competencia.
O individuo, mediante a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación, pon en funcionamento unha serie de actitudes e valores como son o respeto ás normas de convivencia, o exercizo da cidadanía, o desenvolvemento dun espíritu crítico, o respeto aos dereitos humanos e o pluralismo, a resolución de conflictos, o desenvolvemento das capacidades afectivas en todos os ámbitos, interese hacia a aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes a esta competencia como fonte de lecer.
A competencia en comunicación lingüística está constituida por cinco compoñentes: lingüístico, pragmático-discursivo, socio-cultural, estratéxico e persoal, que se concretan en distintas dimensións na interacción comunicativa.

**▪Competencia matemática e competencias básicas en ciencia etecnoloxía**

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Require coñecementos sobre os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e de razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e o mundo laboral. A súa adquisición supón, en suma, establecer unha relación profunda entre o coñecemento conceptual e o coñecemento procedimental, implicados na resolución dunha tarefa matemática determinada.
Esta competencia inclúe unha serie de actitudes e valores que se basan no rigor, o respeto aos datos e a veracidade. Os ámbitos integrados na competencia matemática son os referentes aos números, a álxebra, a xeometría e a estadística.
As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento a mundo físico e á interación responsable nel. Contribúen a desenvolvemento do pensamento científico e capacitan ao individuo para identificar, plantexar e resolver situacións da vida cotiá, para actuar fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.
O desenvolvemento destas competencias require unha serie de coñecementos científicos relativos á física, química, bioloxía, xeoloxía, matemáticas e tecnoloxías, que se derivan de conceptos, procesos e situacións interconectadas; así como unhas destrezas que permitan utilizar e manipular ferramentas tecnolóxicas, datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo.
As actitudes e valores integrados nestas competencias están relacionados coa asunción de criterios éticos, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico e a responsabilidade sobre a conservación dos recursos naturais e medioambientais, así como a adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saúdable nun entorno natural esocial.

**▪Competenciadixital**

Implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación. Supón a adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías e a adquisición de novos coñecementos, habilidades e actitudes para ser competente nun entorno dixital.
Require o coñecemento das principais aplicacións informáticas, e precisa do desenvolvemento de diversas destrezas relacionadas co acceso á información, o procesamento e uso para a comunicación, a creación de contidos e a resolución de problemas en distintos contextos.
O individuo ten que ser capaz de facer un uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles co fin de resolver os problemas reais dun modo eficiente, así como avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas, a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.
A adquisición desta competencia require tamén actitudes e valores que permitan ao usuario adaptarse ás novas necesidades establecidas polas tecnoloxías, a súa apropiación e adaptación aos propios fins e a capacidade de interacionar socialmente en torno a elas. Por outra parte, a competencia dixital implica a participación e o traballo colaborativo, así como a motivación e a curiosidade pola aprendizaxe e a mellora no uso dastecnoloxías.

▪**Aprender aaprender**
Esta competencia supón, por un lado, iniciarse na aprendizaxe e, por outro, ser capaz de continuar aprendendo de maneira autónoma, aspecto fundamental para a aprendizaxe permanente.
Aprender a aprender inclúe unha serie de coñecementos e destrezas que requiren unha reflexión e toma de conciencia sobre os propios procesos de aprendizaxe, polo que os procesos de coñecemento convírtense en obxecto do coñecemento e aprender a executalos adecuadamente.
As actitudes e valores clave na adquisición desta competencia son a motivación para aprender e a confianza para alcanzar as metas da aprendizaxe.

▪**Competencias sociais ecívicas**
Estas competencias implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade para comprender a realidade social do mundo en que se vive e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade cada vez máis plural.
A competencia social relacionase co benestar persoal e colectivo e require a adquisición de coñecementos que permitan comprender e analizar os códigos de conducta e o comportamento adecuado para convivir en sociedade.
Os elementos fundamentais desta competencia son a capacidade de comunicarse de forma constructiva en distintos entornos e a confianza nun mesmo, a integridade e a honestidade.
A competencia cívica básase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xusticia, igualdade, cidadanía e dereitos civís.
Nesta competencia son fundamentais: a habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público, manifestar solidaridade e interese polos problemas da comunidade, o respeto dos dereitos humanos, a igualdade, a apreciación e comprensión das diferentes relixións ou culturas.
O desenvolvemento destas competencias implica afrontar os conflictos con valores éticos e exercer os dereitos e deberes cidadáns dende unha actitude solidaria e responsable.

▪**Sentido de iniciativa e espíritoemprendedor**
Esta competencia refírese á capacidade de transformar ideas en actos, o que implica adquirir conciencia dunha situación e optar con criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elexida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal como no social ou laboral.
A adquisición desta competencia é determinante para a formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.
Esta competencia require uns coñecementos relacionados coa capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais; e unhas destrezas como a capacidade de análise, de planificación, organización, xestión, toma de decisións, resolución de problemas, liderazgo, pensamento crítico, avaliación eauto-avaliación.
Require o desenvolvemento de actitudes e valores como a predisposición a actuar de forma creadora e imaxinativa, o autocoñecemento e a autoestima, a independencia, o interese e esforzo, e o espírito emprendedor.

▪**Conciencia e expresiónsculturais**
Esta competencia implica coñecer, apreciar, comprender e valorar críticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de lecer e enriquecemento persoal e consideralas parte do patrimonio cultural dos pobos.

Require coñecementos que permitan aceder ás distintas manifestacións sobre a herencia cultural a tódolos niveis. Comprende a concreción da cultura e outras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá. Incorpora o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas e a identificación entre as diferentes manifestacións artísticas e a sociedade.

A adquisición desta competencia pon en funcionamento destrezas como a aplicación de diferentes habilidades de pensamento para poder comprender, valorar, emocionarse e disfrutar das diferentes manifestacións artísticas. Supón, ademais, actitudes e valores persoais de interese, recoñecemento e respeto por elas e pola conservación do patrimonio.

### 3.3.1. Competencias clave na área de primeira lingua estranxeira:inglés

▪**Competencia en comunicaciónlingüística:**
O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dunha maneira directa, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e aconducta.

▪**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia etecnoloxía**

Utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos productos e procesos tecnolóxicos, así como a comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas competencias básicas o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos basados en probas.

▪**Competenciadixital**

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

▪ **Competencia para aprender aaprender**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rentabilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e as estratexias que os fan máis eficaces.
Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entreoutras.

▪**Competencias sociais ecívicas**

As linguas serven aos falantes para comunicarse socialmente, pero tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de rasgos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes da mesma.
Este feito favorece a comprensión da realidade social en que se vive, o respeto, o recoñecemento e a aceptación de diferencias culturais e de compo rtamento, promove a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os rasgos de identidade como as diferenzas.

▪**Sentido de iniciativa e espíritoemprendedor**

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida en que a autonomía e iniciativa persoal involucran a menudo a outras persoas, esta competencia obliga a dispor de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber adecuadamente aos demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espíritu emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, por tanto, poder reelaborar os plantexamentos previos ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

▪**Conciencia e expresiónsculturais**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, por tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.
Esta competencia incorpora asimesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

### 3.3.2. Rúbrica de avaliación decompetencias

Esta rúbrica permítenos avaliar o grado de adquisición das Competencias clave indicando o **nivel de calificación** que vai adquirindo o alumno.

As competencias clave desglósanse en **indicadores.** Á hora de avaliar coas rúbricas, débese calificar, en primeiro lugar, cada un dos indicadores ou aqueles nos que se centre o profesor, obtendo así unha visión global da competencia para avaliala seguidamente.
No proceso de avaliación, identifícanse cinco niveis de calificación, e para o seu rexistro é convinte ter a seguinte escala cualitativa ordeada de menor a maior:
IN: Insuficiente para as cualificacións negativas
Para as cualificacións positivas:
SU: Suficiente
BE: Ben
NT: Notable
SB: Sobresaliente
A estes achegaraselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala do un ao dez; coas seguintes correspondencias:
– Insuficiente: 1, 2, 3 ou4.
– Suficiente:5.
– Ben:6.
– Notable: 7 ou8.
– Sobresaliente: 9 ou10.
Para establecer os **criterios de calificación** deben aplicarse estos niveis aos criterios de avaliación detallados para a área de lingua estranxeira.

### 3.3.3. Instrumentos deavaliación

Os instrumentos de avaliación permiten obter uns datos concretos e así poder avaliar aos alumnos/as.
Os instrumentos de avaliación máis indicados son:
- Observacióndirecta.
- Probaescrita
- Proba oral
- Caderno/activity book e traballos de clase individuais ougrupais.

Os **indicadores** nos que se desglosan as Competencias clave para este nivel na área de Primeira Lingua Estranxeira Inglés son os seguintes:

**1. Competencia en comunicación lingüística(CCL)**

| **Indicadores** |
|---|
| CCL1. ESCOITAR |
| CCL1.1. Identifica palabras, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese. |
| CCL1.2. Identifica frases sinxelas, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese. |
| CCL1.3. Capta o sentido global en textos orais e identifica algún detalles específicos coa axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto. |
| CCL1.4. Recoñece aspectos sonoros de ritmo, acentuación e entoación de expresións que aparecen en contextos comunicativos habituais. |
| CCL2. FALAR |
| CCL2.1. Canta unha canción usando de forma adecuada os elementos lingüísticos e paralingüísticos apropiados. |
| CCL2.2. Recita tonadillas, trabalinguas, pequenos poemas, etc. con entoación e pronunciación adecuadas. |
| CCL2.3. Participa en representacións sinxelas. |
| CCL3. CONVERSAR |
| CCL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación fácilmente predecibles. |
| CCL4. LER |
| CCL4.1. Le palabras presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares e de interese. |
| CCL4.2. Le frases sinxelas presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares de interese. |
| CCL5. ESCRIBIR |
| CCL5.1. Escribe palabras a partir de modelos e cunha finalidade específica. |
| CCL5.2. Escribe frases a partir de modelos e cunha finalidade específica. |

**2. Competencia matemática, científica e tecnolóxica(CMCT)**

| Indicadores |
|---|
| CMCT1. Conta números ata o 10. |
| CMCT2. Resolve problemas sinxelos. |
| CMCT3. Relaciona os elementos e recursos fundamentais coa vida das persoas. |

**3. Competencia dixital(CD)**

| Indicadores |
|---|
| CD1. Utiliza o soporte dixital para a aprendizaxe da lingua estranxeira. |

**4. Aprender a aprender(CAA)**

| Indicadores |
|---|
| CAA1. Usa estratexias para aprender a aprender, como utilizar dicionarios visuais. |
| CAA2. Usa estratexias de comprensión como captar a idea global en textos orais con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto. |
| CAA3. Usa estratexias básicas de interación, como pedir axuda, acompañar a comunicación con xestos, etc. |

**5. Competencias sociais e cívicas(CSC)**

| Indicadores |
|---|
| CSC1. Participa e disfruta en xogos e escenificacións axustando a súa actuación á relación cos compañeiros e compañeiras. |
| CSC3. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas. |

**6. Sentido de iniciativa e espíritu emprendedor(CSIEE)**

| Indicadores |
|---|
| CSIEE1. Amosa interese e curiosidade por aprender a lingua estranxeira. |
| CSIEE2. Identifica aspectos persoais que lle axudan a aprender mellor. |

**7. Conciencia e expresións culturais(CCEC)**

| Indicadores |
|---|
| CCEC1. Recoñece algunas manifestacións culturais presentes no mundo anglosaxón. |

| |
|---|
| CCEC2. Realiza composicións plásticas sinxelas. |
| CCEC3. Reproduce esquemas rítmicos e melódicos coa voz. |
| CCEC4. Participa e disfruta en xogos e escenificacións. |

### 3.4. Contidos

Os contidos para este curso, agrupáronse en: comprensión e produción (expresión e interación) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e consciencia intercultural. Os catro primeiros bloques están relacionados cos dous centros de atención específicos: a linguaxe oral e a linguaxe escrita, recollen os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións e a dimensión social e cultural da lingua estranxeira. O quinto bloque axudarall es a comprender ás persoas falantes da lingua estranxeira e a súa maneira de ver o mundo.

**Bloque 1. Comprensión de textos orais**
-Estratexias de comprensión de textos orais:

-Iniciación, a través do xogo e da expresión corporal e musical, á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en fun ción dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación moi sinxelas conectadas cos intereses do alumnado.

-Captación da idea global e identificación dalgúns elementos específicos en textos orais, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.

-Identificación do tema de textos sinxelos, adaptados á idade e próximos á súa experiencia (contos, rimas, cancións…).
-Asociación de palabras e expresións sinxelas con elementos paraverbais.
-Asociación de palabras e frases sinxelas con elementos xestuais e visuais ou co apoio de ilustracións en soporte papel e dixital.
-Seguimento verbal e non verbal de instrucións moi sinxelas.
14. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento decomunicación.
15. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competenciaintegrada.

### 3.7.2.2. Estándares de aprendizaxeavaliables

Os estándares de aprendizaxe organízanse en cinco grandes bloques: comprensión e produción (expresión e interación) de textos orais e escritos, coñecemento da lingua e consciencia intercultural.

**Bloque 1. Comprensión de textos orais**

1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden ácomprensión.
2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.
3. Comprende preguntas básicas(nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e dasdemais.
4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down…).
5. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (rutinas diarias, peticións).

6. Entende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temasfamiliares.
7. Recoñece patróns, rítmicos e de entoación básicos en diferentes contextoscomunicativos.
8. Comprende polo contexto debuxos animados con narracións moisinxelas.

**Bloque 2. Produción de textos orais**

1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoacióncomprensibles.
2. Preguntaerespondeparadar/obterinformaciónenconversasbásicas(nome,idade,gustos).
3. Amosa unha actitude de escoitaatenta.
4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.
5. Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.
6. Reproduce as expresións do docente ou das grabacións utilizadas naaula.
7. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas sobre temas cotiás ou do seu interese usando estruturas moi básicas.
8. Dramatiza situacións cotiás simples utilizando expresións moisinxelas.
9. Respecta as normas que rixen a interación oral.
10. Responde adecuadamente en situacións de comunicación.
11. Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos que permitan ver a cara e xestos do interlocutor, nas que se es tablece contacto social e se intercambia informaciónpersoal.
12. Coñece e utiliza expresións relacionadas coas celebracións familiares ouculturais.

**Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.
3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do titulo do mesmo e das imaxes que oilustran.
4. Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronunciacomprensibles.
5. Comprende indicacións e información básica en letreiros e carteis habituais na clase e encolexios.
6. Comprende correspondencia moi breve e moi sinxela que trate sobre temasfamiliares.
7. Le palabras coñecidas no material visual utilizado para as rutinas ou nos libros daclase.
8. Formula hipóteses sobre o contido a partir das ilustracións, o título, e outros elementosgráficos.
9. Comprende textos escritos relativos a palabras e expresiónstraballadas.
10. Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación paraler.

**Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción**

1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de formaoral.
2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.
3. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema daescritura.
4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido,idade...).
5. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é ocaso.
6. É capaz de construír textos sinxelos partindo de modelos moiestruturados.
7. Redacta postais e outras formas de correspondencia sinxela seguindo un modelo e utilizando algunas convencións básicas de inicio e peche dotexto.
8. Completa formularios marcando opcións e completando datos ou outro tipo de informaciónpersoal.

**Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural**

1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas …) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara aodiferente.
2. Recoñece e aplica fórmulas básicas de relaciónsocial.
3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e dasdemais
4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuseme…)..
5. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado.
6.Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesíabásicas.
7.Expresa e identifica a posesión referida a si mesmo/a e a unha terceira persoa.
8.Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta.
9.Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos.
10.Diferenza preguntas e respostas moi simples.
11.Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades.
12.Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados,dramatizacións etc.
13. Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad,bored…).
14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de formaoral.
15. Amosa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións deaula.
16. Compara aspectos moi básicos e elementais (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas quecoñece.

# EDUCACIÓN FÍSICA

## 1) Obxectivos

Seguindo o establecido no **Decreto 105/2014, do 4 de setembro,** polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, os obxectivos son *"os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para talfin".*

### 1.1. *Obxectivos deetapa*

Dito Decreto establece 15 obxectivos para a etapa de Educación Primaria. A continuación descríbese o obxectivo que máis relación garda coa área de educación física e que será traballado en todas as unidades didácticas do curso:
**k)** *Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal esocial*.

### 1.2. *Obxectivos decurso*

- Coñecer as características individuais doalumnado.
- Favorecer os primeiros contactos grupais e crear un clima agradable, positivo e deconfianza.
- Concienciar sobre as normas básicas de seguridade e coidado domaterial.

- Vivenciar a mobilidade de todas as partes do corpo e a súaflexibilidade.
- Apreciar velocidades, distancias etraxectorias.
- Adaptar o movemento ás referencias temporais (duración, ritmo,velocidade,...)
- Favorecer e desenvolver a percepcióntemporal.
- Desenvolver a coordinación dinámico xeneral e específica ousegmentaria.
- Afianzar as habilidades motoras básicas a través dacoordinación.
- Aceptar os niveis de destreza propios ealleos.
- Explorar e coñecer as limitacións do propiocorpo.
- Interiorizar o esquemacorporal.
- Tomar conciencia das diferentes partes do corpo implicadas no movementocorporal.
- Identificar distancias con respecto a un mesmo, e ósobxectos.
- Experimentar diferentes sensacións de equilibrio no chan ou en superficies próximas ael.
- Iniciar e tomar conciencia dos diferentes tipos de desprazamentos e as súascombinacións.
- Iniciar os diferentes tipos de saltos en posición estática e dinámica, en lonxitude e enaltura.
- Experimentar e desenvolver a capacidade para lanzar obxectos de diferentesxeitos.
- Desenvolver o equilibrio estático e dinámico.
- Respectar as medidas de seguridadenecesarias.
- Desenvolver desprazamentos activos epasivos.
- Experimentar distintos tipos de xiros
- Desenvolver a coordinación óculo-manual eóculo-pédica.
- Mellorar a precisión nos lanzamentos e recepcións.
- Mellorar as habilidades motoras básicas a través de xogos.
- Fomentar relacións de cooperación entre oalumnado.
- Iniciar os lanzamentos enmovemento.
- Xirar no chan con apoio total ouparcial.
- Rodar adiante ouatrás.
- Voltearadiante.
- Iniciar e desenvolver o bote endesprazamento
- Consolidar o coñecemento corporal e o desenvolvemento das habilidades motricesbásicas.
- Utilizar os xogos como medio de socialización e iniciar o espírito colectivo.
- Fomentar o coñecemento e respecto de sinxelas normas dexogo.
- Explorar as posibilidades e recursos expresivos docorpo.
- Adaptar o movemento corporal a estruturas rítmicassinxelas.
- Desenvolver os recursos expresivos do corpo.
- Lograr a desinhibición ante situacións deexpresión.
- Adaptar os movementos aosritmos.
- Respectar as normas e regras dasactividades.
- Levar á práctica xogos tradicionais, de forma similar a como se facíaantano.
- Respectar, valorar e coñecer o medionatural
- Fomentar actitudes de cooperación e traballo enequipo.
- Consolidar as aprendizaxes de unidades anteriores a través de xogos sinxelos, en pequenos grupos egrupos.
- Utilizar o xogo como medio de socialización.
- Coñecer e valorar o xogo como patrimonio cultural.
- Fomentar a practica e recuperación dos xogos propios da zona, propios dos máispequenos.
- Consolidar unha boa base motriz mediante os xogospopulares.

- Coñecer e participar en xogos e actividades físicas de máis recenteimplantación.
- Coñecer e valorar a actividade física no entornonatural.
- Valorar a actividade física como medio de lecer no tempo libre.
- Consolidar unha boa basemotriz.

## 2) Contidos

O **Decreto 105/2014, do 4 de setembro** define os contidos como o "conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado". **O currículo, no seu anexo II,** establece 6 bloques de contidos para a área de educación física. Esta agrupación non determina métodos concretos, senón que responde a unha forma de organizar os contidos que deben ser abordados de forma enlazada atendendo á configuración cíclica da ensinanza da área, construíndo uns contidos sobre outros. Os contidos a traballarserán:

- Coñecemento das instalacións e normas deseguridade.
- Coñecemento e control do propiocorpo.
- A actitude postural, relaxación erespiración.
- Recoñecemento das nocións topolóxicas eespaciais.
- Realización de xogos de persecución, desprazamentos entreobstáculos.
- Aceptación de regras e normas deseguridade.
- Valoración do propio esforzo einterese.
- Percepción, identificación e representación do propio corpo e afirmación dalateralidade.
- Afirmación do controlpostural.
- Recoñecemento das relacións temporais erítmicas.
- Experimentación de diferentes velocidades, duracións eritmos.
- Recoñecemento da dereita e esquerda respecto a si mesmo(lateralidade).
- Partes do corpo implicadas nas accións demovemento.
- Relacións topolóxicas referidas ao propio corpo (diante,detrás)
- Recoñecemento de espazos, distancias etamaños.
- Experimentación de diversas formas de desprazamento (dirección, posición, velocidade) O xogo: xogo libre e xogoorganizado.
- Aspectos propioceptivos do corpo: en equilibrio estático edinámico.
- Autonomía e confianza nas propias habilidades motoras.
- Desprazamentos básicos (marcha,carreira)
- Habilidades motoras básicas:saltos.
- Habilidades motoras básicas:xiros.
- Utilización correcta de espazos e materiais para a actividadefísica.
- Coñecemento dos tipos dexiros.
- Habilidades motoras básicas: lanzamentos erecepcións.
- Coordinación específica ousegmentaria.
- Coordinación dinámica global en desprazamentos, saltos exiros.
- Posta en práctica de normas básicas de hixienecorporal.
- Destreza na manipulación deobxectos.
- O corpo coma instrumento de expresión ecomunicación.
- Ritmo e movemento: danzas sinxelas e expresión libre a través dobaile.
- Realización de actividades que desenvolvan capacidades expresivas. Utilización do xesto e do movemento paraexpresarse.
- Superación do medo ao ridículo nas tarefas propostas.

- Aceptación da vitoria e da derrota como algo propio do xogo.
- Coñecemento e orientación no ámbitopróximo.
- A educaciónvial.
- Elementos e simboloxía dos planos, orientación/desorientación no ámbitonatural.
- Conservación e respecto polo medionatural.
- Realización de xogos e actividades recreativas, así coma xogospopulares.
- Valoración e aceptación das posibilidades do propio corpo e do dosdemais.
- Confianza e autonomía das accións motoras en diversassituacións.
- Participación e cooperación nos xogos, aceptando as normas e respectando aosdemais.

## 3) Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe

Os **criterios e estándares de aprendizaxe** serán os referentes para avaliar ao alumno. Nomeámolos de maneira resumida, podendo observarse de maneira máis detallada no anexo I do **Decreto 105/2014, do 4 desetembro**:

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Aceptar no grupo a outroscompañeiros.
- Atender ás explicacións doprofesor.
- Mostrar interese nas actividadespropostas.
- Recoñecer e respectar as normas deseguridade.
- Coñecer, sinalar e utilizar as distintas partes do seucorpo.
- Axustar os movementos corporais a cambios nas actividades: intensidade, duración eespazo.
- Levar a cabo suxestións rítmicassinxelas.
- Alternar os botes de forma consciente evoluntaria.
- Axustar a postura e o equilibrio corporal á actividadelúdica.
- Relaxar e contraer voluntariamente diferentes segmentoscorporais.
- Identificar variacións do mecanismo respiratorio en función daintensidade.
- Utilizar a vestimenta apropiada para realizar actividadesfísicas.
- Desprazarse establecendo relacións espaciais en función de estímulosexternos.
- Colocarse á dereita ou esquerda de obxectos oucompañeiros.
- Adaptar o movemento do seu corpo aos distintosritmos.
- Lanzar unha pelota ao aire erecepcionar.
- Coordinar os brazos e pernas durante osdesprazamentos.
- Manter o equilibrio durante certo tempo en situaciónsdesequilibrante.
- Adaptar os movementos ás condicións de cadasituación.
- Adoptar as medidas de seguridadeaxeitadas.
- Coordinar movementos dos segmentos corporais en desprazamentos esaltos.
- Saltar e desprazarse buscando amellora.
- Realizar correctamente a reviravolta adiante eatrás.
- Coordinar os xiros cos saltos edesprazamentos.

- Realizar lanzamentos e recepcións con certaprecisión.
- Botar o balón de formacoordinada.
- Lanzar un obxecto adiantando a perna contraria ao brazo quelanza.
- Adaptar as habilidades motoras básicas ás situacións dexogo.
- Axustar os desprazamentos ao tempo e aoespazo.
- Coordinar a acción brazos-pernas en distintas direccións, tanto na marcha como nacarreira.
- Coñecer e executar distintos tipos de xiros nos diferentes eixescorporais.
- Observar traxectorias dos obxectos e levar a cabo accións motoras de anticipación para o seucontrol.
- Utilizar os recursos expresivos para representar obxectos, animais,etc.
- Recoñecer accións e mensaxes representadas polosdemais.
- Participar nas actividadespropostas.
- Respectar as normas e aoscompañeiros.
- Botar a pelota e conducila con certodominio.
- Realizar pases e recepcións con certaseguridade.
- Colaborar coscompañeiros/as.
- Poñer atención nasexplicacións.
- Dominar os desprazamentos en situaciónsdiversas.
- Valorar a participación por enriba dosresultados.
- Colaborar cos compañeiros/as nas actividadespropostas.
- Experimentar primeiros contactos en espazos descoñecidos (no medionatural).
- Cumprir as normas de educaciónviaria.
- Utilizar de forma adecuada materiais e espazos onde se desenvolven actividadesfísicas.
- Coñecer os beneficios da práctica de actividades físicas e do exercicio físico sobre asaúde.

## ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Participa na recollida e organización de material utilizado nasclases.
- Acepta formar parte do grupo que llecorresponda.
- Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas daclase.
- Coñece e identifica as partes do corpo propias ealleas.
- Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características desesestímulos.
- Desprázase de distintas formas, variando os puntos deapoio.
- Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición eespontaneidade.
- Reproduce corporalmente unha estruturasinxela.
- Adopta hábitos alimentariossaudables.
- Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación eoposición.
- Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra docentro.
- Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelospublicitarios.
- Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de formarazoable.
- Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na prácticadeportiva.
- Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) en diferentes tipos de contornos intentando aplicar os xestos adecuados e utilizando os segmentos dominantes.
- Mantén o equilibrio en diferentes posicións esuperficies.

- Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente e enparellas.
- Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para asaúde.
- Adopta hábitos posturaisaxeitados.
- Realiza os quecementos de formaguiada.
- Recoñece as diferenzas e características básicas dos xogos populares e actividades nanatureza.
- Utiliza os espazos naturais, respectando a flora e fauna dolugar.
- Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinión dos e dasdemais.
- Demostra certa autonomía resolvendo problemasmotores.
- Coñece e respecta as normas de educación viarias en contornos habituais e nonhabituais.
- Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións condeportividade.
- Incorpora nas súas rutinas o coidado e a hixiene docorpo.
- Recoñece os dous tipos derespiración.
- Colócase á esquerda e a dereita de diferenteselementos.

## 4) Competenciasclave

Tal e como aparece indicada na nova configuración do currículo, a cal está concretada no **Decreto 105/2014, do 4 de setembro,** establécense a adquisición de determinadas competencias claves, as cales deben ser adquiridas polo alumnado. Segundo este decreto as competencias clave son *"capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos".*
Coa entrada en vigor da **Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro,** para a Mellora da Calidade Educativa, establécense 7 competencias clave, as cales son un elemento esencial no currículo, polo que a área de educación física contribuirá a consecución de estas. Ademais de estas 7 competencias clave, destacamos tamén a competencia motriz:

- No currículo de Educación Primaria **(Decreto 105/2014, de 4 de setembro),** no *Anexo II* menciona a **competencia motriz**, fundamental para o desenvolvemento das sete competenciasclave.

A continuación detallaranse a forma na que se van a traballar as 7 competencias clave, dunha maneira práctica, intentando achegar ao alumnado á adquisición das mesmas:

- **Competencia en comunicación lingüística (CCL):** desenvólvese dende distintas perspectivas, debido a gran cantidade de intercambios comunicativos que permite. Na fase de volta á calma os alumnos/as responderán a preguntas formuladas polo mestre, onde terán que mostrar a súa opinión. Tamén presentarán diferentes xogos na sesión.
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):** desenvólvese en todas aquelas actividades nas que exista percepción do espazo, cálculo de traxectorias, interpretación de mapas, así como tamén en temas orientados á mellora da calidade de vida,etc.
- **Competencia dixital (CD):** a LOMCE fomenta o uso das ferramentas dixitais, polo que haberá sesións de visualización de vídeos para a súa posterior posta en común, sempre supervisado polomestre.
- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** traballarase en tarefas nas que o alumnado teña a responsabilidade de tomar decisións para conseguir os obxectivos das determinastarefas.
- **Competenciassociaisecívicas(CSC):**osxogosenequipofavoreceránaspectosgrupais,comoacolaboración,oposición,integración,respecto,xogolimpo,etc.
- **Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC):** a través das unidades de expresión corporal e a práctica dexogos.
- **Competencia aprender a aprender (CAA):** farase uso dos métodos de ensinanza que fomenten o desenvolvemento cognitivo *(descubrimento guiado e resolución de problemas),* na meirande parte das actividades levadas a cabo, buscando o desenvolvemento integral doalumnado.

## 5) Metodoloxía

Cando falamos de **metodoloxía,** referímonos ao como ensinar, segundo nos indica o **Decreto 105/2014, do 4 de setembro,** a metodoloxía é o *"conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar as aprendizaxes do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados".*
Nesta programación imos utilizar o **xogo** como recurso metodolóxico na maior parte das sesións. Este axudaranos ao desenvolvemento integral do alumnado, así como á adquisición de determinados contidos de maneira lúdica. **Cagigal (1996)** define o xogo como *"acción libre, espontánea e pracenteira que se desenvolve nunha limitación espacial e temporal, conforme a unhas determinadas regras, e cuxo elemento informativo é a tensión".*

### *5.1. Principiosmetodolóxicos*

Tal e como nos indica o **Decreto 105/2014, do 4 de setembro,** débense de ter en conta unha serie de **orientacións ou principios metodolóxicos** na educación primaria, á hora de impartir diferentes contidos na aula:

Os **contidos** seleccionados deben de levarnos á consecución das competencias clave da etapa. A base da nosa docencia será o **traballo cooperativo**, o cal nos axudará a potenciar todo aquela inclusión localizada na aula. Traballaremos sempre que podamos en parellas ou pequenos grupos, para fomentar as diferentes relacións interpersoais. As **familias** serán imprescindibles no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que deseñaremos diferentes actividades nas que a presenza de determinados familiares sexa fundamental. Todas as sesións terán un **carácter lúdico e global**, para desta forma facilitar a adquisición dos diferentes contidos. A **interdisciplinariedade** resultará da elaboración de diferentes materiais nas área de educación plástica *(***deseñar diferentes materiais***)*

### *5.2. Metodoloxíaespecífica*

Nas clases de educación física imos utilizar diferentes **estilos de ensino**, os cales, seguindo a **Muska Mosston** ou **Delgado Noguera** presentan as seguintes características:

- **Mando directo modificado**: o docente é o encargado de levar o peso da clase. Nas tarefas de quecemento, e tamén nas partes finais deestiramentos.
- **Asignación de tarefas:** segue sendo o docente o encargado de marcar o inicio e o final da actividade, pero é o alumnado o que decide o número de repeticións que realiza, o ritmo e similares. Utilizarémolo nas sesións que involucremos o traballo en circuítos,etc.
- **Descubrimento guiado:** será o profesor o encargado de propoñer a actividade, pero será o alumno/ao/a que se dispoña a atopar asolución.
- **Resolución de problemas:** no mesmo caso que no anterior, pero cando haxa máis de unha respostaposible.
- **Ensinanza recíproca:** Por parellas un alumno/a pasa a ser o observador e corrector do outro. O docente decide as tarefas que se van realizar e os criterios de observación ecorrección.

As **canles** que utilizaremos para transmitirlle a información ao alumnado serán:

- **Canle visual:** transmitirase a información a través da axuda visual. Utilizando vídeos, na explicación de distintos aspectos técnicos etácticos.
- **Canle auditivo:** a través de explicacións, na meirande parte dasexplicacións.
- **Canle kinestésico-táctil:** axuda nas diferentes execucións, na fase de volta á calma, coa correccións de posturasincorrectas.

No referente ás **estratexias**, serán fundamentalmente globais, xa que se busca o desenvolvemento integral do alumnado.

Favoreceremos os **agrupamentos** en pequenos grupos, para a mellora comunicativa, ademais de agrupamentos en parellas e masivos, aínda que os utilizaremos case todos en función das necesidades.

No referentes ás **instalacións** específicas de educación física, dentro do propio centro predominan 1 ximnasio, 1 aula de psicomotricidade, 1 pista cuberta, 1 pista

polideportiva.

A nivel de **recursos,** destacamos: Recursos humanos: pais, profesor titor, outros profesores, centro, familia e sociedade. Recursos materiais: balóns de baloncesto, balóns de fútbol, balóns de balonmán, balóns de voleibol, indícaas, raquetas de bádminton, aros, conos, etc. Recursos impresos, tales como fotocopias, libros de consulta, murais, láminas, xornais, revistas, etc. Recursos Audiovisuais: ordenador, reprodutor CD e DVD.

## 6) Elementostransversais

O **actual currículo da Educación Primaria** indica unha serie de elementos transversais no seu **artigo 11**, os cales debemos de traballar ao longo do curso. Anteriormente, na **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación** eran denominados como "Educación en Valores". Os elementos transversais deben ser traballados en todas as áreas, e nós dende a área de Educación Física farémolo da seguinte maneira:

**Calidade, equidade e inclusión educativa.** Especial énfase no alumnado con diferentes ritmos de aprendizaxe. **Prevención e resolución pacífica de conflitos.** Integraremos o respecto polos valores máis importantes da nosa sociedade. Aproveitaremos o Día Escolar da non Violencia e a Paz. **Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón de orientación sexual.** A través do traballo en grupos mixtos traballaremos este elemento transversal. Aproveitaremos a conmemoración do Día Internacional da violencia de xénero. **Desenvolvemento do espírito emprendedor e iniciativa empresarial.** Este elemento transversal traballarémolo dende as actividades que impliquen estilos pouco directivos. **Desenvolvemento sostible e medio ambiente.** Na área de Educación Física promoveranse actividades que axuden a coñecer, gozar, respectar e coidar o contorno. Aproveitaremos as conmemoracións do Día Mundial do Ambiente, inculcando a importancia de manter limpo o entorno que nos rodea.

## 7) Plans eproxectos

Nesta programación incluiremos varios plans de centro, así como proxectos, seguindo a **LOMCE** e o actual currículo da Comunidade Autónoma de Galicia **(Decreto 105/2014, do 4 de setembro):**

**Plan Lector:** desenvolveremos a competencia lectora, fomentando así o hábito da mesma. En EF, o alumnado terá que ler as explicacións propias da fase informativa, que o profesor lle proporcionará en papel. Fomentaremos isto a través da busca de información na biblioteca. Ademais o colexio, seguindo a lexislación, establece 30 minutos diarios de lectura. **Plan Tic:** segundo nos indica o **D. 105/2014, do 4 de setembro,** a adquisición da Competencia Dixital é sumamente importante. En educación física usaremos documentos audiovisuais como fonte de información. **Plan de atención á diversidade:** recolleranse todas as actuacións relacionadas co alumnado con NEAE**. Plan de acción titorial:** abordaremos todas as actuacións referidas a atención do alumnado. Será levado a cabo polo titor. **Plan de convivencia:** realizaranse xogos de carácter cooperativo, especialmente na UD 1, a cal irá orientada a xogos depresentación.

## 8) Atención ádiversidade

Esta programación está deseñada e orientada para dar solución a un grupo de alumnos, que de maneira directa ou indirecta, é un grupo con multitude de diferenzas entre si.

Coa sutil intención de dar maiores facilidades ao alumnado, axustarase a axuda pedagóxica ás súas necesidades. Tentarei que entre algunhas desas facilidades, predominen a facilitación de recursos e estratexias diversas, os cales e as cales serán necesarios para dotar ao alumnado dunha mellor resposta ante a gran cantidade de motivacións, intereses, carencias e capacidades que presentan os alumnos nesta franxa de idade.

Tal e como nos indica o **artigo 16** do **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, defínese NEAE como: "alumnos/as que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais; por dificultades específicas de aprendizaxe, Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais; por incorporarse tarde ao sistema educativo; por condicións persoais ou de historia escolar".

Segundo o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro,** polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, como docentes debemos ser capaces de identificar con moita brevidade estes casos.

Polo tanto, teremos en conta as **medidas de atención á diversidade** que aparecen recollidas na **Orde do 6 de Outubro de 1995**, pola que se regulan as adaptacións do currículo, establecéndose as seguintes: **Reforzo Educativo ou Adaptación Curricular Individualizada (A.C.I.)**, nos casos que fosen necesarios.
Durante o transcurso do ano académico, poden xurdir **patoloxías temporais**como (escordadura, fractura, cambra, distensión muscular ou articular, feridas, etc.) que impiden a realización de actividade física durante algunhas sesións. Durante este tempo o alumnado que as padeza realizará algunhas das seguintes tarefas de maneiraescrita:

- Recompilar información, sobre a U.D. que se leva a cabo nesemomento.
- Completar modelos de sesión coas actividades realizadas poloscompañeiros/ás.

**Diversidade e concreción dos casos:** Os alumnos/as lesionados temporalmente axudarán ao docente no transcurso da clase. En todos os casos o alumno terá que permanecer na instalación deportiva co calzado e material deportivo adecuado, salvo casos moi concretos, os cales estean xustificados.

## 9) Procedementos deavaliación

A avaliación entendese como unha fase máis do propio proceso de ensino aprendizaxe, polo que potenciaremos o seu carácter pedagóxico (elemento de mellora). A pesar de que a avaliación é un proceso continuo, distinguimos tresmomentos:

**Avaliación inicial ou de diagnóstico:** esta avaliación será a través dunha pequena observación do historial académico de cursos anteriores. Na UD 1 realizaremos un xogo de preguntas que engloben diferentes vertentes, para comprobar como se manexa o alumnado, así como unha serie de probas prácticas, para comprobar os seus valores de destreza, habilidade, cooperación, forza e velocidade. Ao comezo de cada U. D. é importante recoller información sobre o estado en que se atopan os nosos alumnos/as respecto aos novos contidos a desenvolver. En todas as unidades, a primeira sesión será ordinaria, pero facendo especial fincapé en tomar rexistros.

**Avaliación continua ou formativa:** Ao longo da unidade, analizaremos as incidencias, se están claros os obxectivos, se a selección de contidos é axustada, o enfoque metodolóxico, as actividades atractivas ou eficaces, realizando os axustes necesarios.
A avaliación será continua e global, polo que unha vez que nos atopemos inmersos no proceso de ensino-aprendizaxe, a avaliación levarémola a cabo con rexistros anecdóticos e con rúbricas**.** Disporemos dunha escala de comportamentos e actitudes que tamén se avaliarán diariamente, durante o transcurso de calquera sesión.

**Avaliación final ou sumativa:**Ao final da U. D., é preciso obter información sobre o grao de aprendizaxe dos contidos e resultados acadados polo alumnado. A parte dos indicado anteriormente, realizarase unha avaliación final e un traballo para cada UD**.** Acharemos a nota media (0 - 10) a partir das notas alcanzadas nos seguintes ítems: probas de carácter práctico e fichas de clase (Rúbricas; 40%), comportamento, participación e actitudes (40%), cuestionarios (10%) e traballo/exposición (escala; 10%).

## 10) Criterios de cualificación e instrumentos deavaliación

Intentaremos obter a maior cantidade de información sobre o proceso de ensino-aprendizaxe, polo que utilizaremos varios instrumentos de avaliación.

A **avaliación do alumnado** realizarase mediante:

1) **Observación diaria:**rexistraremos o que sucede nas sesións de forma sistemática. Para iso contamos en cada U.D. con **rúbricas** coas que se avaliarán os distintos estándares de aprendizaxe, valorado cun **40%.** Tamén utilizaremos unha **escala de observación** e **rexistro anecdótico**, para valorar o comportamento, participación e actitudes, cun**40%.**
2) **Probaoral:**. AprobaoralfarasenaúltimasesióndecadaU.D.,naFasedeAnálisedeResultados.
Relizaríase mediante dúas preguntas conceptuais sobre contidos traballados na Unidade Didáctica correspondente. Suporá un 20% da nota final.

**2) Escala de observación.**

| AVALIACIÓN | | | |
|---|---|---|---|
| **Tipo de avaliación** | **Criterio** | **Instrumento** | **Porcentaxe** |
| **Observación directa** | Aspecto psicomotor | *Rúbrica* | **40%** |
| | Comportamento, participación e actitudes | *Escala de observación* | **40%** |
| **Probas orais eescritas** | Aspecto conceptual | *Cuestionario* | **20%** |

Na **avaliación docente**, somos conscientes de que **debemos reflexionar** sobre a nosa propia actuación, coa intención de mellorala. Realizarase unha **análise exhaustivadoprocesodeensino-aprendizaxeedapropiaprogramación, atravésde autoavaliación eavaliación docente.**

Seguirase a **Orde do 9 de xuño de 2016**, que regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, na que se estipulan os resultados en: insuficiente (1, 2, 3 ou 4), suficiente (5), ben (6), notable (7 ou 8) e sobresaínte (9 ou 10).

**Que imos avaliar?**: Avaliaranse todos os elementos do proceso educativo, tales como a aprendizaxe do alumnado e a propia práctica docente do profesorado *(analizaremos as súas características, comportamentos e actitudes*).
**Momentos e instrumentos de avaliación (Como e cando?)**; realizaremos a avaliación do alumnado en diferentes momentos: antes, durante e despois, como explicamos anteriormente.

**Como imos avaliar ao profesor?, ou o que é o mesmo, como nos imos a avaliar a nós mesmos?.**Ao final de cada UD entregaráselle aos alumnos/as un cuestionario de avaliación docente, e cuestionario de auto avaliación docente para os mestres. **Aos alumnos/as** entregaránselles ao final de cada avaliación o seu boletín de notas, nas que á parte da cualificación numérica, poderán aparecer diferentes observacións. As familias terán **feedback** do progreso dos seus fillos/as a través de informes ao finalizar cada sesión de avaliación.

## 11) Mínimosesixibles

Os **mínimos**que se lles vai a esixir ao alumnado son:

1. Amosa un axeitado coñecemento do corpo, dos seus elementos efuncionalidade.

2. Adapta os movementos ás circunstancias e condicións de cadasituación.
3. Reproduce estruturas rítmicas sinxelas e reprodúceas corporalmente ou coninstrumentos.
4. Utiliza os recursos expresivos do corpo e domovemento.
5. Desprazase e salta, combinando as habilidades de maneira equilibrada e coordinada, axustando os movementos corporais eficazmente aos cambios das condicións da actividade.
6. Xira sobre os eixos lonxitudinal e transversal sen perder o equilibrio e con certasoltura.
7. Lanza, pasa e recibe pelotas ou outros móbiles con certo control e adaptándose ástraxectorias.
8. Recoñece os efectos da actividade física, da hixiene e alimentación sobre asaúde.
9. Participa en xogos e actividades físicas establecendo relacións equilibradas cos outros, evitando discriminación por características persoais, de xénero ouculturais.
10. Coñece e valora a diversidade de actividades físicas e lúdicas, así coma os ámbitos nos que sedesenvolven.
11. Resolve problemas motores de xeito eficaz nas actividades físicas, lúdicas eartísticas.
12. Coñece e practica xogos tradicionais propios dazona.
13. Coñece, respecta e aplica as regras e principios de acción propios dosxogos.
14. Asiste coa roupa axeitada ás clases de EF *(roupa deportiva e zapatillasdeportivas)*

## 12) Actividades de recuperación e dereforzo

En canto os mecanismos de recuperación, o alumnado que non acade os mínimos poderá repetir a proba conceptual e valoraranse as probas prácticas (relacionadas coa evolución motriz) en posteriores unidades didácticas dado o carácter continuo da avaliación.

## 13) Actividades complementarias eextraescolares

Actividades extraescolares e complementarias que se levaran a cabo:

- Magosto eSamaín.
- Día dasbibliotecas.
- Conmemoración da Constitución e Estatuto de Autonomía deGalicia.
- Día mundial das persoas condiscapacidade.
- Día da Declaración Universal dos DereitosHumanos.
- Nadal.
- Día daPaz.
- Día Internacional da MullerTraballadora.
- Día Mundial dos Dereitos doConsumidor.
- Día dapoesía.
- Día doteatro.
- XXIII Xogos de Primavera.
- Semana daprensa.
- Día dolibro.
- Semana das LetrasGalegas.

RELIXIÓN

## Obxectivos en clave deCompetencias

1. Coñecer, apreciar e respectar o patrimonio cultural-relixioso como expresión da fe católica. (Competencia cultural e histórica, Competencia para a comunicación lingüística)
2. Comprender e valorar o sentido sagrado, festivo, cultural e celebrativo das festas e os seus ritos, especialmente na liturxia da Igrexa.(Competencia cultural e histórica, Competencia para a comunicaciónlingüística)
3. Coñecer a Biblia e identificar o sentido dalgúns textos básicos como Palabra de Deus. (Competencia cultural e histórica, Competencia para a comunicación lingüística, Aprender aaprender)
4. Comprender a relación intrínseca entre os valores básicos do ser humano e a acción creadora de Deus Pai. (Competencia humanizadora, Competencia social e cívica, Aprender aaprender)
5. Valorar a novidade do amor de Deus que nos salva do pecado e da morte, polo seu Fillo Xesucristo.(Competencia de sentido trans cendente, Competencia humanizadora)
6. Descubrir en Xesucristo o fundamento para un estilo de vida cristián. (Competencia humanizadora, Competencia social e cívica, Competencia de sentido transcendente)
7. Identificar a Igrexa nas súas manifestacións e o servizo eclesial prestado polos apóstolos e polos seus sucesores. (Competencia social e cívica, Competencia de sentido transcendente, Competenciahumanizadora)
8. Recoñecer os valores cristiáns xa presentes nas figuras bíblicas máis destacadas da historia da Salvación. (Competencia ético-moral, Competenciahumanizadora)
9. Valorar a relación entre a fe e o comportamento cristián, coñecendo as raíces e o sentido da acción e do compromiso cristián. (Competencia humanizadora, Competencia ético-moral, Competencia sentidotranscendente)
10. Descubrir a relación entre o destino eterno do home e a realidade temporal na que está a vivir, apreciando a vitoria de Cristo sobre a morte. (Competencia de sentido transcendente, Aprender aaprender)

## Contidos

1. Situación de acollida a unnenoou nena novosnaclase.
2. Noé e Moisés exemplos de confianza enDeus.
3. Os cristiáns son felices amando a Deus e osdemais.
4. A Biblia. Estrutura daBiblia.
5. Aconfianza.
6. As celebracións e a mensaxe doNadal.
7. Coroa deAdvento.
8. Elementos simbólicos: a estrela doNadal.

9. Relatos bíblicos: A tempestade calmada.
10. Xesús ensina a confiar en DeusPai.
11. Nosopai.
12. ARTE: unha pintura de Xesús calmando atormenta.
13. A cruz, símbolo doscristiáns.
14. SIMBOLOXÍA: a auga e o aceite noBautismo.
15. As celebracións de Semana Santa.
16. Feitos dos últimos días de Xesús e Pascua (paixón,morte e resurrección de Xesús)
17. Mandamento doamor.
18. ARTE: unha pintura de Xesús entrando enXerusalén.
19. Espírito Santo transforma as persoas para amar como Xesúsensinou.
20. Os amigos de Xesús forman a Igrexa.
21. Partes da celebración daMisa.
22. SIMBOLOXÍA: o lume, o vento e apomba.
23. Ordenación cronolóxica de escenas da vida de Xesús xunto aMaría.
24. Os cristiánsrecoñecen a María como nai deXesús.
25. A oración doRosario.
26. Calidades deMaría.
27. Os cristiáns piden a María que llesaxude, acompañe e console: AAvemaría.
28. ARTE: unha pintura deMaría.
29. Reino de Deus é un mundo mellor paratodos.
30. A invitación de Deus á festa do ceo é paratodos.

**Criterios deAvaliación**

1. Identificar boas maneiras de acoller unnovocompañeiro/a.
2. Sinalar e valorar as accións correctas dos bosamigos.
3. Participar activamente nas conversas e actividades degrupo.
4. Explicar os relatos bíblicos de Noé e Moisés utilizando o vocabulario aprendidonaunidade.
5. Amosarunhaactitude de amor e entrega aosdemais no momento de ensinar algún coñecementoadquirido.
6. Divertirse en xogos e reflexionar con sinceridade sobre a súaactitudeneles.
7. Explicar de forma ordenada e coherente o relato do nacemento de Xesús e a adoración dosMagos.
8. Describir e respectar prácticas relixiosas relacionadas co Nadal e o seu sentido utilizando o vocabulario relixiosoaprendido.
9. Apreciar a mensaxe do Nadal como a presenza do amor de Deusáspersoas.
10. Saber situar algúns símbolos relixiososnas festas do seucontorno.
11. Distinguir personaxes bíblicos significativos como a persoa de Xesús como digno deimitación.
12. Sacar conclusións das ensinanzas deXesús.
13. Reproducir o relato da tempestade calmada e relacionalo coa ensinanza deXesús.
14. Amosarunhaactitude caritativa cara áspersoas próximas quesofrenalgunhadoenza.

15. Describir os elementos que aparecen nunha pintura sobre Xesús e identificar o tema central daobra.
16. Sacar conclusiónsdalgunhas parábolas básicas naensinanza deXesucristo.
17. Explicar o significado de símboloscristiáns.
18. Amosarunhaactitudecristiábaseada noamor.
19. Reproducir o relato do Pai Bo e relacionalo coa ensinanza deXesús.
20. Saber aplicar os mandamentos da lei de Deus á vidacotiá.
21. Amosarseaberto a recoñecer as propias equivocacións e as dos demaispedindo perdón eperdoando.
22. Comprender que Cristo morre e nos amosa o seu amor como camiño para chegar aDeus.
23. Describir e respectar as distintas prácticas relixiosas e o seu sentido ao culto e aocompromiso.
24. Explicar o por que da celebración da Semana Santa e a raíz celebrativa da festacristiá.
25. Recoñecer a Igrexa como a familia dos amigos deXesús.
26. Comprender que Deus envía o Espírito Santo para lles dar fortalezaaoscristiáns.
27. Identificar a Eucaristía coa celebración cristiá porexcelencia.
28. Identificar os símbolos do Espírito Santo en obras dearte.
29. Explicar quenfoi María, coñeceralgúns dos principaisfeitos da súa vida e a súaresposta defe.
30. Relacionar as distintasadvocacións marianas coa figura histórica da nai deXesús.
31. Recoñecer a Avemaría como unha oración que os cristiánslledirixen aMaría.
32. Identificar accións portadoras de consolo cara ao triste e levalas acabo.
33. Recoñecer que a Igrexatraballa para facer un mundo mellor paratodos.
34. Ser capaces de actuar compartindo as boas ideas e atopar a maneira de solucionarconflitos.
35. Participar activamente nas actividades degrupo

**Estándares deAprendizaxe**

- 
- Identifica as accións correctas dos bosamigos.
- Explica os relatos bíblicos de Noé e Moisés utilizando o vocabularioaprendido.
- Sabe explicar de forma ordenada e coherente o relato do nacemento de Xesús e a Adoración dosMagos.
- Identifica personaxes bíblicos significativos como Xesús, como dignos deimitación.
- Describe os elementos que aparecen nunha pintura sobre Xesús e identifica o tema central daobra.
- Explica o significado de símboloscristiáns.
- Identifica a Eucaristía coa celebración cristiá porexcelencia.
- Recoñece a Igrexa como a familia dos amigos deXesús.
- Sabe explicar quenfoi María, coñece algún dos principaisfeitos da súa vida e a súaresposta defe.
- Sinala coas súas palabras o por que da celebración da Semana Santa e a raíz celebrativa da festacristiá.
- É capaz de actuar compartindo as boas ideas e atopar a maneira de solucionarconflictos.

## EnsinanzasTransversais

***Educación do consumidor***

1. Identificar costumes e tradicións doNadal.
2. Identificar aspectos necesarios para vivir e serfeliz.

***Educación ambiental***

1. Amosar interese por respectar e coidar a natureza creada por Deus.

***Educación para a paz***

1. Comprometerse enacoller.
2. Aprender acompartir.
3. Valorar o perdón como base para aconvivencia.
4. Amosargratitude polo amorrecibido.
5. Apreciar e respectar as celebracións de SemanaSanta.
6. Transmitir alegría efelicidade.

***Educación moral e cívica***

1. Interesarse por coñecer os compañeiro-as.
2. Descubrir os mandamentos como normas para amar a Deus e aspersoas.
3. Identificar actitudes baseadas noAmor.
4. Comprometerse en sersolidario.
5. Valorar a pertenza a un equipo e os seuslogros.

***Educación para a convivencia***

1. Identificar as acciónsbaseadas no amor: axudar, ensinar, compartir,facerrir.
2. Participar nas tarefasdomésticas.
3. Interesarse por formular propósitos e esforzarse por cumprilos en relación ao amoraosdemais.
4. Reflexionar sobre a propia actitude de coidado dosdemais.
5. Respectar o templo doscristiáns.

## Contidos e Criterios de Avaliación Mínimos Esixibles para Superar o SegundoNivel

***Contidos mínimos esixibles***

1. Os bos amigos escóitanse eaxúdanse

2. A acollida a un compañeiroou compañeira acabado dechegar
3. Noé e Moisés exemplos de confianza enDeus
4. A Biblia. Estructura daBiblia.
5. As celebracións e a mensaxe deNadal
6. O Nosopai como oración que ensina Xesús para dirixirse aDeus
7. A Cruz, símbolo doscristiáns
8. As celebracións de Semana Santa
9. O madamento doamor
10. Os amigos de Xesús forman a Igrexa
11. María comonai deXesús

***Criterios de avaliación mínimos esixibles***

1. Respectar as relacións deamizade.
2. Coñeceraosmembros da familia.
3. Explicar as mostras de amor que levan a cabo nafamilia.
4. Explicar o relato daAnunciación.
5. Nomearalgunha festa na honra áVirxeMaría.
6. Explicar o relato do nacemento de Xesús e da adoración dospastores.
7. Enumerar elementos creados porDeus.
8. Apreciar o amor de Deus ao home e á súaCreación.
9. Identificar as actitudes que seguen as ensinanzas deXesús.
10. Descubrir que Deus é Pai, cóidanos e podemos falar conEl.
11. Identificar o amor de Deus cara aos seresvivos.
12. Valorar o propio esforzo por mellorar comopersoa.
13. Coñecer os feitos básicos relacionados coa Semana Santa e coaPascua.
14. Amosarunhaactitude de amor cara aosdemais do mesmo xeito que ensinaXesús.
15. Recoñecer que a Igrexa é a familia dos fillos deDeus.
16. Identificar unhaigrexa e os elementos relixiosos do interior e doexterior.
17. Coñecer o significado dodomingo.

**Procedementos e Instrumentos deAvaliación**

***Escritos***

1. Tarefas diversas realizadas polo alumnado naactividade diaria daclase.
2. Actividades de avaliación (libro, fichas fotocopiables, probas escritasindividuais...).
3. Traballos degrupo.
4. Resolución de tarefaseproblemas.

5. Actividadesinteractivas.

***Orais***

1. Preguntas individuais e engrupo.
2. Participación do alumno/a de xeito responsable erespetuoso.
3. Intervenciónsna clase (uso dun vocabularioaxeitado).

***Observación directa e sistemática***

1. Listas decontrol.
2. Rexistros deincidencias.

***Outros***

1. Rúbrica deavaliación
2. Persoal deavaliación.
3. Autoavaliación.

**Criterios de Cualificación ePorcentaxes**

A cualificación estará relacionada co grao de adquisición das Competencias do alumno de Segundo Nivel de Educación Primaria, a través de todas as actividades que leve a cabo.

***Traballo autónomo (aula, outros espazos)***

Porcentaxe: 30%

Criterios:

1. Realización sen axudaexterna.
2. Estimación do tempo investido para resolverunhaactividade.
3. Orde e limpezanapresentación.
4. Caligrafía.
5. Valoración entre o traballona clase e nacasa.
6. Creatividade.

***Probas orais e escritas***

Porcentaxe: 20%

Criterios:

1. Valoración da aprendizaxe doscontidos.
2. Valoración dos procesos seguidos e dosresultados.

3. Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unhaactividade. Coherencia eadecuación.
4. Valoración tempo investido/tempo necesario para resolverunhaactividade.
5. Orde, limpeza e estrutura do traballopresentado.
6. Caligrafíalexible.
7. Tempo derealización.
8. Destrezas.

***Participación e seguimento das clases (intervenciónsorais, tipo de resposta..)***
Porcentaxe: 30%
Criterios:
1. Nivel e calidade dasintervencións.
2. Mensaxeestruturada.
3. Uso de vocabularioapropiado.
4. Comportamento.
5. Esforzo.
6. Interese.

***Traballo cooperativo. Valoración individual e grupal.***
Porcentaxe: 20%
Criterios:
1. Capacidade de traballocooperativo.
2. Grao de comunicación coscompañeiros.
3. Resolución deconflitos.
4. Interese,motivación.
5. Creatividade.
6. Iniciativa.
7. Opinión persoal do traballo e como se levou acabo.

## Metodoloxía

Na área de Relixión Católica partimos sempre do plano da propia experiencia, de todo aquilo que lle evoque vivencias persoais, e do contorno máis próximo. Partir da propia experiencia esperta o interese por resolver problemas sobre a realidade que lle rodea e axuda a entender fenómenos que suceden aoseu arredor, tanto os que se refiren á propia identidade e a relación cos demais, como aqueles que teñen que ver cocoñecemento e o coidado do seu contorno natural. Todo isto suscita un espazo de debate, diálogo e de reflexión que fomenta a capacidade de comunicación, o intercambio de ideas, o respecto e a comprensión das opiniónsalleas e das propias.
Unhaimaxe, unha breve lectura, un vídeo… dan pé a un debate pautado para iniciar o tema, como xadixemos, a partir das experie ncias e dos coñecementos previos dos alumnos.
Nun segundo momento e de xeito progresivo vanse incorporando os contidos mediante exemplos extraídos de situaciónscotiás e contextualizadas que permitan a transferencia, a xeralización e a ampliación de aprendizaxes e que conectan coas competencias básicas identificadas.

Nun terceiro momento aplicamos as aprendizaxes en diversas actividades: de razoamento, de competencias básicas, de proxectos, de grupo, interactivas, de reforzo, ampliación… secuenciadas por niveis de dificultade, facilitando así o traballo das competencias básicas e os diferentes estilos cognitivos dos alumnos.
Todo istoestablecendo a interrelación que se dá entre a área de RelixiónCatólica e as demáis áreas do currículo, co fin de obter perspectivas globalizadoras e dotar de unidade interna e significado as aprendizaxesescolares.
Tamén procuramos promover o traballo cooperativo co fin de que os membros do grupo melloren a súacapacidade de comunicación e de interrelación persoal.

## Materiais e RecursosDidácticos

Relación dos diversos materiais e recursos didácticos para abordar a área de Relixión Católica de Segundo nivel.

1. Libro de texto: RelixiónCatólica 2, proxectoTobih, ed.Rodeira.
2. Recursos dixitais do proxectoTobih (libro dixital, cancións, contos, enlaces, actividades interactivas,presentacións…)
3. Láminas, xogos, contos,cancións…
4. Materialfotocopiable.
5. Recursos educativos para a área de Relixión procedentes de internet: actividades interactivas, xogos, videos… relacionados cos contidos atraballar.
6. Materiais multimedia para a área de Relixión recopilados polo docente enInternet.
7. Ordenador.
8. Pantalladixital.

## Atención áDiversidade

Relación de diversas propostas para traballar a atención a diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, así como de intereses e capacidades dos alumnos:

1. Reforzo: fichas fotocopiables con actividades para traballar a aprendizaxe dos contidos mínimos do nivel e facilitarlleao alumno-a que requira a adquisición das competenciasbásicas.
2. Ampliación: fichas fotocopiables con actividades de maiordificultade pola súa resolución, polo tratamentodoutroscontidos relacionados cos do nivel,etc.
3. Traballos deinvestigación.
4. Lecturas e consultas de formalibre.
5. Aproveitamento de recursos educativos en internet para dar resposta a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias,etc.

## Estratexias para Incorporar as TICS naAula

1. Presentación dos contidos a partir do librodixitaloudoutrosmateriaisproxectables.
2. Aproveitamento de recursos educativos en internet: imaxes, información,curiosidades…
3. Enlaces de internet de consulta ou con propostas de actividadescomplementarias…
4. Proxección de fragmentos de películas e videos relacionados cos contidos cos que se está atraballar.

**Estratexias para Estimular o Interese e o Hábito da Lectura e Desenvolver a Expresión Oral eEscrita**

1. Ler comprensivamente os textos: poemas, relatos bíblicos, oracións, cancións, contos,lendas…
2. Lertamén textos en soporte dixital: contos, comics,información….
3. Realizar dramatizacións a partir dun textotraballado.
4. Elaborar un esquema, resumo o idea sobre un textolido.
5. Expresar oralmente ou por escrito o comprendido a partir duntexto.
6. Expresar as súas propias experiencias esentimentos.
7. Diálogos, debates,argumentacións.

## EDUACIÓN MUSICAL

**1.Introdución**

O contacto coa música permítelle aos nenos/as comunicarse e convivir mellor coas outras persoas. A música achégalles seguridade e confianza porque teñen que compartir cancións e experiencias favorecendo a colaboración e o respecto mutuo. Ademais de mellorar a súa capacidade de apre ndizaxe fomenta a concentración, a memoria e a expresión corporal. Por todos estes aspectos, esta programación ten como finalidade principal facilitar e fomentar o aprendizaxe, vivenciación e a afección pola música.

Cabe destacar a importancia da programación que nos permitirá poder responder ás necesidades e intereses tanto do alumnado como do mestre/a. Ademais de ter en conta as características socioculturais e evolutivas do alumnado, programar vainos permitir propiciar momentos que estimulen a autonomía, a cooperación, o pensamento crítico, o pensamento creativo e afianzar os coñecementos e os desempeños xaadquiridos.

**3. Contribución ao desenvolvemento das CompetenciasClave**

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, seguindo a Recomendación 2006/962/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para o aprendizaxe permanente, defíneas como “aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

Dende a educación musical, con actividades de aprendizaxe e tarefas, debemos favorecer a adquisición eficaz das competencias clave:

1) Competencia en comunicación lingüística (CCL): a través dos contos e das cancións contribuímos a desenvolver a comprensión e expresiónoral.

2) Competencia matemática e competencias básicas en ciencias e Tecnoloxía (CMCT): podemos contribuír ao desenvolvemento das capacidades relacionadas coa competencia matemática grazas á práctica das figuras xeométricas nas danzas, ao cómputo e cálculo dos pulsos, acentos, equivalencias,... A Música fomenta a capacidade de interacción co mundo físico no seu tratamento dos sons do contorno e na escoita e interpretación de danzas e cancións do mundo. Cando estamos a gravar sons, producións ou seleccionando información mediante recursos multimedia contribuímos ao desenvolvemento das competencias clave en ciencias etecnoloxía.

3) Competencia dixital (CD): a música permite unha gran diversidade de modos de tratar a información; o proceso de ensinanza aprendizaxe da Música resulta moi favorable para empregar o gran abano de medios tecnolóxicos dos que dispoñemos como poden ser a PDI, oordenador,...

4) Aprender a aprender (CAA): mediante a improvisación, a composición, corrección e a análise das obras musicais, favorecemos a confianza, a perseveranza a través dos ensaios e o sentido da responsabilidade do alumnado; desta maneira, estamos encamiñándoos a que sexan conscientes do seu coñecemento, e incluso, a que constrúan a súa propiaaprendizaxe.

5) Competencias sociais e cívicas (CSC): Contribúese dende a materia de Música grazas ao respecto ás diferenzas sociais, ás profesións, á relación cos compañeiros/as, á familia ... que se fomenta tanto no tratamento dos contidos coma nos obxectivos aacadar.

6) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): En Música, cando se elabora unha instrumentación, cando se crea unha improvisación, cando nos decantamos por diferentes interpretacións das obras e, sobre todo, cando simplemente creamos música estamos a afianzar o sentido de iniciativa e a facer do espírito emprendedor, a nosaidentidade.

7) Conciencia e expresións culturais (CEC): É esta competencia a máis vencellada á música; as actividades de escoita, interpretación así como movemento e danza favorecerán o desenvolvemento da mesma. Cando tratamos repertorio do noso folclore, de outras culturas ou diferentes manifestacións artísticas unidas á Música, estamos contribuíndo ó desenvolvemento destacompetencia.

## 3. Concreción dos obxectivos para ocurso

Segundo o Decreto 105/2014 os obxectivos son "os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente eficaz de problemas complexos".

Ó longo deste 2º curso de Educación Primaria, vamos a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan acadar os seguintes obxectivos:

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outrosmotivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas aslinguas.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais eaudiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar asdiferenzas.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedadegalegas.

## 4. Estándares deaprendizaxe

Os estándares de aprendizaxe avaliables pódense definir como especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e concretan o que o alumno/a debe saber, comprender e saber facer en cadadisciplina.

Os propostos para o segundo curso de Educación Primaria son osseguintes:

**Bloque 1. Escoita**

- Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e davoz
- Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo egrave.
- Recoñece e discrimina os sons do seucontexto.
- Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.
- Identifica voces masculinas efemininas.
- Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita dasaudicións.
- Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súasobras.
- Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.
- Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos quesuscitou.
- Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seunivel.
- Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representaciónsmusicais.
- Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella decorcheas.
- Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella decorcheas.
- Utiliza notación non convencional para representar elementos do son. • Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividadesmusicais.
- Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos porfamilias.

**Bloque 2. Interpretación musical**

- Repite esquemas rítmicosescoitados.
- Elabora pequenos instrumentos con materiais dereciclaxe.

• Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de canciónssinxelas.
• Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha basedada.
• Fai de xeito consciente o proceso darespiración.
• Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións aounísono.
• Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.
• Identifica a preguntaresposta con motivos melódicos erítmicos.
• Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol.CCEC
• Elixe e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súagrafía.
• Elixe e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súagrafía.

**Bloque 3. Música, movemento e danza**

• Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coamúsica.
• Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demaispersoas.
• Responde co seu corpo a estímulossonoros.
• Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coamúsica.
• Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos eemocións.

## 5. Contidos. Temporalización da propostadidáctica.

Tal e como se recolle na LOMCE, os contidos son o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e á adquisición de competencias. Os que traballaremos no segundo curso de Educación Primaria son os seguintes:

**Bloque 1.** Escoita

•Calidades do son: timbre, duración, altura eintensidade.
•Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural esocial.
•Representación corporal e gráfica de sons de diferentescaracterísticas.
•Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva. Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.
•Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas emasculinas.
•Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada nocontexto do alumnado.
•Audición de pezas vocais einstrumentais.
•Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicaisbreves.

•Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que se desenvolve nelas (dirección, instrumentista epúblico).
•Comunicación oral das impresións que causa a músicaescoitada.
•Normas básicas de comportamento en concertos e outras representaciónsmusicais.
•Elementos da música: tempo (adagio, andante e allegro), dinámica ecarácter.
•Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da músicaescoitada.
•Forma musical: repetición econtraste.
•Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obrasmusicais.
•Pulso e acento. Compásbinario.
•As familias de instrumentos: vento, corda epercusión.

**Bloque 2**. Interpretación musical

•Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e osobxectos.
•Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de usocotián.
•Iniciación á frauta doce. O xilófono e ometalófono.
•Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción ecoordinación.
•Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións aounísono.
•Imitación de fórmulas rítmicas emelódicas.
•Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións aounísono.
•Imitación de fórmulasrítmicas.
•Lectura e interpretación de partituras sinxelas con grafías non convencionais e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notacióntradicional
•Notación musical e grafías non convencionais como medio de representación da música. Colocación dalgunha nota nopentagrama.
•Utilización da percusión corporal e os instrumentos como recursos para o acompañamento de textos, cancións edanzas.
•Selección e combinación de ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezasinstrumentais.
•Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves eimaxes.
•Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos mediante o procedemento depreguntaresposta.

**Bloque 3.** Música, movemento e danza

•Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños noespazo.
•Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzassinxelas.
•Práctica dalgunha danza tradicionalgalega.
•Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulossonoros.

Entendemos por **temporizar** á acción de distribuír o tempo dun proceso. A presente programación está deseñada tendo en conta a ORDE de 28 de maio de 2018 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2018/19 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Consta de 15 unidades didácticas distribuídas en 2 ou 3 sesións de 50minutos.

Na táboa que presentamos a continuación podemos ver a distribución por trimestres.

| *Trimestres* | *Unidades didácticas* | *Sesións* |
|---|---|---|
| 1º | 1.Un, dous, tres...Comezamos! | 3 |
| | 2. Xogamos co ritmo? | 3 |
| | 3. Celebramos o outono e o magosto. | 3 |
| | 4.Do, re, mi, experimentamos coa melodía. | 3 |
| | 5.Din, son, dan, as campás do Nadal! | 3 |
| 2º | 6. O inverno e a música. | 3 |
| | 7.Musicamos o entroido. | 3 |
| | 8.O son do corazón. | 2 |
| | 9. A auga e a música. | 2 |
| | 10.Os instrumentos musicais. | 2 |
| 3º | 11.A danza do lume. | 2 |
| | 12. Música e movemento,que divertido! | 2 |
| | 13.O folclore galego. | 2 |
| | 14. A selva musical. | 2 |
| | 15.O gran xogo. | 2 |

## 6.Concreciónsmetodolóxicas

Para favorecer a aprendizaxe por competencias, a metodoloxía será eminentemente activa, a través de estratexias interactivas, a realización de proxectos colaborativos e o emprego das novas tecnoloxías, centrando a atención na creación. Para garantir a aprendizaxe significativa, os contidos presentaránse dun xeito eminentemente práctico e baseado na percepión sensorial, favorecendo a activación dos coñecementos previos do alumnado. Os principios construtivistas, enfatizan na necesidade de establecer conexións (a través das actividades de movemento, o canto e a práctica instrumental) para favorecer a integración dos novos contidos na estrutura cognitiva do alumno (por medio da análisee a lectoescritura)permitindo a comprensión e asimilación que posibilita a súa aplicación en situacións semellantes a través da

transferencia (improvisación e creación). Estarán presentes os métodos e recursos propostos por Dalcroze, Orff, Kodály e Wuytack. O método Dalcroze, parte do movemento e o propio corpo como base para a educación rítmica. Ben a través do emprego da percusión corporal ou de actividades de movememento. O método Orff baséase na relación linguaxe-corpo-instrumento. Empregaremos o instrumental proposto por Orff, para interpretar e acompañar as pezas. Seguiremos o seu principio "todos tocan todo". Dentro da metodoloxía Orff destaca o traballo realizado polo seu discípulo J.Wuytack con respecto ás danzas do mundo e o uso do musicograma. O método Kodály toma como base da educación musical o canto e ademais propón a instrumentación de obras clásicas da historia da música. Selección de actividades de ensinanza e aprendizaxe As actividades de ensinanza e aprendizaxe estarán condicionadas polos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. Baixo a perspectiva do construtivismo seleccionaranse as que estean baseadas nesta metodoloxía e que resulten mais motivantes, significativas, funcionais que impliquen a disonancia cognitiva e permitan diferentes ritmos de aprendizaxe. As actividades serán de motivación introdución, de desenvolvemento, de diagnóstico, de síntese, de reforzo e ampliación e de avaliación. Avaliación A avaliación das aprendizaxes é un proceso, a través do cal se observa, recolle e analiza información relevante, respecto do proceso de aprendizaxe dos estudantes, coa finalidade de reflexionar, emitir xuízo de valor e tomar decisión pertinentes e oportunas para mellora o proceso de ensinanza –aprendizaxe.

## 6. Materiais e recursosdidácticos

Os recursos van a abarcar distintos medios que se empregan para conseguir un fin ou desenvolver unha labor. Para levar a cabo esta programación contamos cos seguintes recursos:

a) **Materiais**: instrumentos Orff, xogos didácticos de elaboraciónpropia (tres en raia musical, dominó rítmico,…); materiais Montessori de elaboración propia; instrumentos de elaboración propia.

b) **Ambientais:** murais didácticos que reforzan visualmente os contidos traballados na clase e permiten a exposición dos traballos resultantes dos proxectos (visibilidade do produtofinal).

c) **Persoais:** Contamos coa coordinación de todos os mestres/as así como do Departamento de Orientación (tal como se recolle no Plan de Acción Titorial) necesaria para levar a cabo os proxectos desta programación e da PXA. Tamén se require a colaboración das familias coa actividade anual "A viaxe deMar".

d) **Dixitais**: Programas informáticos musicais como poden ser Audacity, MusEscore; gravadora, Pizarra Dixital Interactiva, recursos derobótica…

e) **Espaciais**: Biblioteca (incluída no PLAMBE), salón de actos eximnasio.

## 7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado, procedementos e instrumentos deavaliación.

A **avaliación** realizarase de maneira continua ao longo de todo o proceso educativo por medio da observación directa e sistemática do alumnado e o rexistro da mesma no caderno de aula. Os procedementos que empregaremos ademais da observación sistemática, será a análise de produción dos alumnos e os intercambio orais cos alumnos. Nas rúbricas de avaliación rexistraranse os progresos do alumnado en relación a cada un dos estándares de aprendizaxe relacionados coas interpretacións vocais, instrumentais e coa expresión corporal, Ao longo do proceso tamén se realizará unha autoavaliación docente do proceso de ensino a través da reflexión. Os ámbitos que se

deben avaliar son: a preparación das clases e dos materiais, a metodoloxía, a avaliación das aprendizaxes e a información que se dá aos alumnos e ás familias do proceso educativo e a adecuación das medidas para a atención á diversidade.

Os **criterios de avaliación** están ligados ós obxectivos e contidos e indican o grao de adquisición das aprendizaxes pretendidas nos obxectivos xerais. Recóllense no decreto de currículo de Galicia. Os propostos para o segundo curso de Educación Primaria son os seguintes:

**Bloque 1. Escoita**

- Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contextonatural.
- Manter unha actitude de respecto e de escoitaactiva.
- Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferenteautoría.
- Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabularioadecuado
- Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ecarácter).
- Recoñecer e clasificar algún instrumento por familiasinstrumentais.

**Bloque 2. Interpretación musical**

- Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte deson.
- Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando aimprovisación.
- Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns demovemento.

**Bloque 3. Música, movemento e danza.**

- Realizar pequenascoreografías.
- Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas docorpo.

Como criterios de avaliación teremos en conta o rexistro dos estándares e o grao de desenvolvemento das competencias.

Os **instrumentos** empregados para a avaliación serán:

| Instrumentos | Rúbrica | Escala de apreciación | Listaxe de cotexo | Portfolio | Proba oral |
|---|---|---|---|---|---|
| Porcentaxe | 50% | 20% | 15% | 10% | 5% |

A nota de cada trimestre será calculada en base ao cómputo dos estándares de aprendizaxe avaliados nese trimestre. A cualificación será numérica e aparecerá reflectida no boletín cuberto a través do programa informático XADE.

O alumnado superará a materia cando obteña unha avaliación final positiva, resultante de valorar os estándares segundo o peso específico de cada un deles. Para a promoción terase en conta o grao de desenvolvemento e progreso en todas as áreas.

En todo momento estará a disposición das familias a información do proceso de avaliación (criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliables, estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios depromoción).

## 8. Medidas de atención á diversidade e programa dereforzo

A diversidade é unha realidade social, e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo. A resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na personalización da educación de cada unha das alumnas e alumnos, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado. A atención á diversidade rexerase polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidadeeducativa.

En cada unha das Unidades didácticas de cada nivel, figuran medidas concretas de atención á diversidade, que se concretarán coas Necesidades Específicas de Apoio Educativo de cada neno en concreto, tanto se son de sobredotación intelectual, como se necesitan un tratamento de adaptación dos contidos ou se por seren estranxeiros descoñecen unha ou as dúas linguas oficiais de Galicia. Para iso teremos programadas actividades de ampliación e reforzo.

Como principio xeral, todos os nenos farán as actividades programadas, en especial as colectivas ou en pequenos grupos: cantos colectivos, acompañamentos instrumentais, coreografías, danzas, etc. Os nenos de A.C.I, que teñan unha adaptación tamén en Música, levarán un ritmo distinto para aquelas actividades que necesiten facelas doutro xeito, máis simplificadas, sinxelas ou distintas dependendo das propias características do alumno/a.

Os/as nenos/as que precisen axuda especial por mor de non aprobar algunha avaliación ou non ter feito algún traballo, realizarán actividades de reforzo de distinto tipo: fichas, exercicios de movementos, exercicios rítmicos, instrumentais, etc..

## 9. Concreción dos elementos transversais que se traballan nocurso

Os elementos transversais constitúen o conxunto de saberes fundamentados en actitudes, valores e normas que dan resposta a algúns problemas sociais existentes na actualidade tal e como ven reflectido no Decreto 105/2014. Incorporáronse á educación como aspectos do noso mundo que deben ser abordados dende unha perspectiva moral.

Dende a materia de música vamos a contribuír ao desenvolvemento de estes valores:

- Comprensiónlectora: coa comprensión dos códigos musicais, coas cancións, contos musicais, relatos, coa selección e busca deinformación.
- Expresiónoraleescrita: no momento en que os nenos/as expresan sentimentos que lles produce a música, crean sons para historias, comentan audicións, entoan e interpretan aspectos sobre unha partitura ou sobre unhamúsica...
- Comunicaciónaudiovisual: cando estamos a tratar grafía non convencional con musicogramas, musicomovigramas, tamén esquemas melódicos, rítmicos; cando empregamos a imaxe como recurso educativo, gravamos unvídeo...

• Tecnoloxíasdainformaciónedacomunicación: coa busca, selección e utilización de información en internet coa finalidade de crear un contido determinado; no uso de programas para informáticos para a produción musical,robótica…

• Emprendemento: No momento en que os alumnos recompilan cancións no contexto familiar, no seu contorno, elaboran acompañamentos e improvisacións, constrúen un instrumento, colaboran na elaboración de dunhacoreografía,…

• Educacióncívicaeconstitucional: cando traballamos os coidados da voz, do corpo en xeral, cando traballamos en equipo ou grupos, tratamos temas como os instrumentos do mundo ou agrupacións folclóricas; tamén na interpretación de danzas e instrumentacións engrupo.

Ademais, ao longo das unidades tamén estarán presentes valores que fomentan a igualdade efectiva entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero, resolución pacífica de conflitos, medioambiente, educación para o consumidor...

### 10. Aplicacións dos plans e proxectos docentro

Dende a materia de música, ademais de contribuír as competencias clave e aos elementos transversais a través das diferentes actividades, tamén se atenderá aos diferentes plans e proxectos do centro educativo, adaptando se fose necesario a metodoloxía para contribuír ao seu desenvolvemento. O **proxecto lector** de centro recolle todas as actividades destinadas ao fomento da lectura e da escritura. Dende a materia de música contribuirase a partir da busca de información, mediante a lectura e comprensión de letras, cancións, textos… Co **plan TIC** fomentase a incorporación das tecnoloxías da información e comunicacióná aula como un recurso máis no proceso de ensinanza e aprendizaxe. En música utilizarase o ordenador como fonte e tamén será utilizada a lousa dixital para actividades interactivas. Ao **plan de convivencia** contribuiremos a través de danzas, da utilización de diferentes formas de agrupación e fomentando os valores.

## 4. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación para avaliar a adquisición das competencias nos alumnos/as son:
- Observación
- Probaescrita
- Probaoral
- Caderno declase
- Traballos deinvestigación
- Tarefasfamiliares

***Escritos***

- Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria daclase.
- Caderno de clase doalumno.
- Actividades de avaliación (libro, fichas fotocopiables, probas escritasindividuais...).
- Traballos degrupo.
- Resolución de exercicios e problemas.
- Actividades interactivas.

***Orais***

- Preguntas individuais e engrupo.
- Participación doalumno/a.
- Intervencións na clase.
- Postas encomún.
- Exposiciónsorais.

***Observación directa esistemática***

- Listas decontrol.
- Rexistros deincidencias.

***Outros***

- Rúbrica deavaliación
- Persoal deavaliación.
- Autoavaliación.

## 5. METODOLOXÍA XERAL.
## 5.1 METOLOXÍA DA ACTIVIDADE SEMIPRESENCIAL OU NON PRESENCIAL

As bases metodolóxicas son as seguintes:

**O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos/as son os seus primeiros coñecementos previos**; centrándonos no que lle resulta familiar e cercano ao alumnado pero cunha vertente de imaxinación. Desta forma, foméntase un uso contextualizado da lingua, traballando situacións comunicativas que permitan empregala dunha maneira real e motivadora. Os alumnos/as poden transferir conceptos e estratexias

adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende. Así favorécese o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

**A aprendizaxe competencial** pretende que cada alumno/a, está preparado para poda afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito, é dicir, non so adquirir uns coñecementos, tamén ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida, contextualizalos.

**As situacións comunicativas que inclúen o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe, sobre todo nas primeiros anos.** A realización de tarefas conxuntas, axudan, por unha parte, a asentar as bases para a adquisición dunha lingua estranxeira, e tamén a súasocialización.

**As distintas formas e ritmos de aprendizaxe do alumnado.** Ter sempre un apoio para aqueles nenos/as que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos programados, así como os casos en que algúns destaquen na consecución de obxectivos. Traballar actividades de ampliación, para os máis avanzados, e de reforzo, para os que podan precisalas.

**A aprendizaxe dos nenos/as é maior e de máis calidade se se basa na actividade.**
O alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que amosa o alumno/a debendo: iniciar o *input* da lingua, axudar ao individuo na interación cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar *feedback*, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

**Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe**.

**A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos/as na aprendizaxe para asegurar a calidade do mesmo.**

**A aprendizaxe globalizada xenera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos/as**. É importante que as actividades que leven a cabo nas distintas áreas curriculares estean interrelacionadas, empezando polo coñecemento de si mesmo e cunha exploración do mundo que lles rodea. Desta forma, farase fincapé na comunicación oral e a consciencia intercultural.

**Unha aprendizaxe permanente.** Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia.Todo o que o alumno/a aprende nas diferentes materias constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirlle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizalo en momentos precisos e en situacións distintas.

Por iso, as competencias básicas poden alcanzarse se non en todas, sí na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar ditas competencias, independentemente de en cales as puido adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter acadado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá acadar outros, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxepermanente.

**Coordinación entre o profesorado das linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais.** Desta forma, evítase a repetición de contidos propios de aprendizaxes de calquera lingua, tales como as estratexias de lectura, o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos, e para unificar a terminoloxía.

**Coordinación entre o profesorado e as familias** para traballar na mesma dirección e complementar o proceso de aprendizaxe dos deus fillos e fillas, participando e implicándose dende o momento cero dunha maneira moi activa.

**Ciencias Naturais:**

Traballar por competencias na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

Os/as alumnos/as han de iniciarse en coñecer e utilizar algunhas das estratexias e técnicas habituais na actividade científica, tal como a observación, a identificación, análise de problemas, organización e tratamento de datos, experimentación, busca de solucións... polo que necesitamos que os nosos alumnos teñan ferramentas que posibiliten conseguir o proposto.

Debemos ter en conta que cada alumno/a parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se van realizar estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Nesta área, os/as alumnos/as iníciase no desenvolvemento de estratexias de metodoloxía científica, tales como a capacidade de formular preguntas, identificar problemas, planificar e realizar actividades, etc.; para iso, o traballo en grupo será un dos piares para adestrar cuestións de habilidades sociais e aspectos de contido que axudarán a consolidar aínda máis todo o traballado.

Os contidos da área de Ciencias da Natureza están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados ao contexto real, será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplicalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

Nesta disciplina incluiranse, ademais programas de Plan Proxecta (Sustentabilidade e Paisaxe, Distribución de froita e Xogade), que poñen en evidencia o traballo de forma competencial que de por si xa teñen uns obxectivos moi claros a conseguir durante o curso.

Así como todos aqueles que fomenten o traballo en grupo e a cooperatividade dentro do gran grupo clase para fomentar a socialización.

**Lingua Castelá/Língua Galega:**

Os/as alumnos/as han de iniciarse na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade. Necesitamos dotar ao alumnado de ferramentas para que poidan desenvolverse en múltiples contextos dominando a lingua oral e escrita de formafuncional.

Cada alumno/a parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a teoría das Intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para acadar os obxectivos de aprendizaxe quepretendemos.

Nesta área, os/as alumnos/as inícianse no desenvolvemento das habilidades da linguaxe; por elo, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborativo como unha forma de entrenar a capacidade empática de poñerse no lugar doutras persoas e saber expresar en función do contexto e a intención comunicativa o que pode suceder en situacións reais e cotiás.

Os contidos da área de Lingua Castelá están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real, será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplicalo a proxectos reais cercanos ao alumnado.

**Plástica:**

O proceso de aprendizaxe no ser humano non pode estar afastado do desenvolvemento das súas facetas artísticas que lle serven como un medio de expresión das súas ideas, pensamentos e sentimentos. Desde esta perspectiva, entender, coñecer e investigar desde idades temperás os fundamentos das devanditas linguaxes vai permitir ao alumnado o desenvolvemento da atención, a percepción, a intelixencia, a memoria, a imaxinación e a creatividade. Ademais, o coñecemento plástico permitirá o goce do patrimonio cultural e artístico, ao valorar e respectar as achegas que se foron engadindo a este; sempre aproveitando as posibilidades que as tecnoloxías da información e a comunicación ofrecen para o desenvolvemento das capacidades artísticas no alumnado.

O **traballo en grupo** xunto **co traballo individual** serán as formas de adestrar as diferentes habilidades e destrezas para chegar ao desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora cun interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Os contidos da área de Plástica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un **contexto real.** Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplicalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

**Ciencias Sociais:**

Intégranse diversas disciplinas que estudan ás persoas como seres sociais e a súa realidade nos seus aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos. O obxectivo das Ciencias Sociais é aprender a vivir en sociedade, coñecendo os mecanismos fundamentais da democracia e respectando as regras da vida colectiva. Por iso, os alumnos han de iniciarse en coñecer, utilizar destrezas e estratexias para poder dar resposta a aquilo que se lles pide e que consigan o proposto.

Debemos de ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a teoría das Intelixencias Múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Nesta área os/as alumnos/as inícianse en poñer en práctica os novos coñecementos, experimentar e comprobar a súa necesidade e utilidade reflexionando sobre o aprendido e sacando conclusións para a súa vida. Por iso, o traballo en grupo colaborador será un dos piares para adestrar cuestións de habilidades sociais e aspectos de contido que axudarán a consolidar aínda máis todo o traballado.

Os contidos da área de Ciencias Sociais están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real. Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplicalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

**Matemáticas:**

Se ben a finalidade da área é adestrar o razoamento lóxico mediante a resolución de problemas, necesitamos dotar os alumnos de ferramentas para poder desenvolver este aspecto. Para iso necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: algoritmos de cálculo, propiedades, linguaxe matemática, operacións, cálculomental...

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o uso sistemático de procesos de razoamento lóxico, o traballo en grupo colaborador achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal dende a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos deseaspecto.

Por outro lado, cada alumno/a parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan dende a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Matemáticas é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

**Inglés:**

O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a maternais e as ambientais.

**Os obxectivos xerais de primaria integrados** teñen como finalidade desenvolver nos/as alumnos/as as seguintes capacidades:

a. Escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas, utilizando as informacións transmitidas para a realización de tarefas concretas diversas relacionadas coa súaexperiencia.
b. Expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecido, utilizando procedementos verbais e non verbais e adoptando unha actitude respetuosa e decooperación.
c. Escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda demodelos.
d. Ler de forma comprensiva textos diversos, relacionados coas experiencias e intereses do alumno, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidadeprevia.
e. Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral como un medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de diferentescontidos.
f. Manifestar unha actitude receptiva e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e uso da linguaestranxeira.
g. Utilizar os coñecementos e as experiencias previas con outras linguas para unha adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira.

h. Identificar aspectos fonéticos de ritmo, acentuación e entoación da lingua estranxeira así como estructuras lingüísticas e aspectos léxicos da lingua estranxeira e usalos como elementos básicos dacomunicación.
i. Aprender a usar con progresiva autonomía medios variados, incluídas as TIC, para obter información e para comunicarse en lingua estranxeira.

**Educación musical:**

A metodoloxía será activa, dinámica e participativa. Atenderase o aspecto motivador do alumno, presentando múltiples estímulos: audicións, murais musicais, xogos rítmicos, cancións rimadas, exercicios de creación e reacción, contos musicais, etc..
En momentos de tensión faranse exercicios de relaxación.
A metodoloxía será ecléctica, recollendo ideas das pedagoxías modernas: Orff, Wuytack, Kodaly, Willems e Dalcroze.
Teremos un coidado especial en potenciar aspectos interdisciplinares coa lingua, matemáticas, plástica, educación física e coñecemento do medio dentro das competencias básicas, así como potenciar o interese por aprender a aprender, e potenciarase o uso e manexo das tic.

**Educación Física:**

Á hora de preparar esta programación, así como á hora de preparar cada clase impartireina tendo en conta a diversidade do alumnado.
Levarei a cabo unha atención o máis individualizada posible, así como poñerei en práctica exercicios de reforzo cando o creapreciso.
A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.
A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

**Valores sociais e cívicos**

Os Valores sociais e cívicos resultan fundamentais na nosa sociedade, para que as persoas poidan exercer a cidadanía democrática e participar plenamente na vida cívica e social. De aí a importancia de que a educación facilite a construción da identidade individual e potencie relacións interpersoais enriquecedoras para fortalecer a convivencia, consonte valores cívicos socialmente recoñecidos.

A área Valores sociais e cívicos axuda, en gran medida, a garantir o dereito universal dos nenos e das nenas a recibir unha educación que lles permita desenvolverse plenamente nas súas posibilidades, formarse no respecto dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante coas diferenzas.

Así mesmo, reforza a preparación das persoas para actuar como cidadanía participativa e implicada na mellora da cohesión, a defensa e o desenvolvemento da sociedade democrática. Esta formación inclúe a adquisición de competencias sociais e cívicas –persoais, interpersoais e interculturais– para participar dunha maneira eficaz e construtiva en sociedades cada vez máis diversificadas.

A proposta desta área, formar ás persoas desde o inicio da educación primaria na reflexión e a vivencia de valores, responde á preocupación por mellorar a calidade da educación de todo o alumnado, fomentando o desenvolvemento de procesos educativos que potencien a participación individual para lograr fins colectivos. Deste xeito, enriquécense as experiencias sociais dos alumnos e das alumnas, tendo en conta que viven en sociedade mentres se forman e que as vivencias compartidas na escola enriquecen as súas aprendizaxes.

A área incita á reflexión e propón aprendizaxes relativas á dignidade persoal, ao respecto aos demais e aos valores sociais na convivencia. En primeiro lugar, o propósito é que cada alumno e cada alumna adquira as competencias necesarias para construír un autoconcepto axustado e unha boa autoestima, para tomar iniciativas responsables e vivir con dignidade. Unha vez elaborada a súa identidade persoal, o neno e a nena están preparados para recoñecer o outro ou outra. Por iso, indúcese á empatía, ao respecto e á tolerancia das outras persoas e propóñense elementos relacionados coas habilidades necesarias para relacionarse e actuar de acordo cos dereitos e deberes humanos fundamentais.

Unha vez que as persoas somos quen de coñecernos e aceptarnos á vez que comprendemos e respectamos os demais, podemos asumir a complexidade da convivencia social. Neste momento, estimúlanse actitudes que propician a interdependencia positiva, a cooperación e a solidariedade de acordo cos valores, dereitos e deberes do Estatuto de Autonomía de Galicia e da Constitución Española.

Neste sentido, favorécese a comprensión dos principios de xustiza, liberdade e seguridade, sobre os que se asenta a garantía da convivencia democrática, a promoción do progreso da cultura e da economía, así como o establecemento e a colaboración no fortalecemento dunhas relacións pacíficas e de eficaz cooperación entre todos os pobos da terra.

Desta maneira oriéntase aos alumnos e ás alumnas para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

Valores sociais e cívicos contribúe a que o alumnado mellore a súa competencia para aprender e ter iniciativa, estimulando a motivación, o esforzo e as capacidades de reflexión, síntese e estruturación. Axúdaos a enfrontarse aos problemas, experimentar e realizar proxectos en equipo, traballar de forma independente, tomar decisións e xerar alternativas persoais.

A metodoloxía na aula debe fundamentarse na relación entre o progreso persoal e o académico, porque equilibrio afectivo e aprendizaxe van unidos e fortalécense mutuamente.

O ensino da área require que o profesorado estimule a axuda mutua e o traballo cooperativo, co que a través da comunicación oral, o diálogo e a interacción entre o alumnado se contribuirá a desenvolver a competencia para participar activamente nun equipo, a análise e a reorganización das propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas e a solidariedade, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normasacordadas.

Debe potenciar, ademais, o desenvolvemento de competencias que lles permitan aos alumnos e as alumnas considerarse valiosos e valiosas e axudar ás demais persoas, á vez que se senten recoñecidos e recoñecidas e se mostran receptivos e receptivas para recibir axuda na resolución deproblemas.

Para facilitar a concreción curricular establécense tres bloques de contidos. Non obstante, deben entenderse como un conxunto e desenvolverse de forma global tendo en conta as conexións internas tanto a nivel de curso como ao longo da etapa.

As propostas metodolóxicas son decisivas para favorecer que se integren na súa vida cotiá o coñecemento de principios, valores e estratexias de regulación emocional, contribuíndo así á súa incorporación á vida adulta de maneira satisfactoria, desenvolvendo a capacidade de asumir os seus deberes e defender os seus dereitos, exercer a cidadanía activa e desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo davida.

Polo tanto, necesariamente, haberá que partir das experiencias, problemas e intereses do alumnado ─xa que todo o traballado nesta área ten un compoñente vivencial─ para propiciar o pensamento en perspectiva e a implicación emocional. Cumprirá deseñar tarefas e/ou proxectos de traballo en contextos auténticos que permitan levar a cabo estas vivencias e que potencien que cada rapaz e cada rapaza teñan os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e das súas contribucións aos diferentes grupos nos que desenvolven a actividade. De aí a importancia de propoñer o traballo cooperativo para a realización das tarefas, que lles permite ás alumnas e aos alumnos a análise, a expresión e a interpretación de pensamentos, sentimentos e feitos en distintos contextos sociais e culturais, así como o uso da linguaxe para regular a conduta e relacionarse cos demais.

Finalmente, mediante a toma de decisións baseadas en xuízos morais e a resolución de problemas e conflitos en colaboración, contribúese á adquisición das competencias necesarias para seguir diversos procesos de pensamento, utilizar o razoamento lóxico e analizar e axuizar criticamente os problemas sociais e históricos.

**En canto a organización de tempos, agrupamentos e espazos:**

O TEMPO: entendido como o dedicado á ensinanza no centro, é un recurso fundamental e limitado na aprendizaxe dunha materia.

AGRUPAMENTOS FLEXIBLES:

Gran grupo: grupo-clase, equipos, parellas e individual.

ESPAZOS

Aula, biblioteca, salón de actos, espacios exteriores e aula de informática.

O agrupamento do alumnado dentro da clase pode seguir diferentes criterios tendo en conta as características dos mesmos:

- Distribuíndo en clase en forma de "U" ou en grupos de catro ou seiscompoñentes.
- Traballando por parellas ou en pequenosgrupos.
- Rincóns específicos: biblioteca de aula, plástica, xogos didácticosetc.

Á hora de realizar as tarefas, completar actividades, a organización dos alumnos realizase en función do tipo de interacción que se dea nese momento na aula:

- Traballoindividual
- Traballo enparellas
- Traballo engrupo

Os recursos cos que pode contar o profesorado e os posibles espazos nos que se poden desenvolver os procesos de ensinanza-aprendizaxe serán, cada vez máis variados e adaptados á necesidade do propio alumnado.
A aula deixou de ser o único espazo no que se imparte a ensinanza dunha materia. O centro educativo conta cunha serie de recursos espaciais e materiais nos cales se dá lugar aos distintos escenarios nos que se desenvolve a ensinanza damateria:

- Aula deidiomas
- Aula de audiovisuais e aula deinformática
- Aula derelixión
- Patio
- Ximnasio
- Aula de música

Xoga un papel moi importante a incorporación das TIC á educación, aportando diversos recursos materiais que lle ofrecen ao mestre/a a posibilidade de deseñar as súas clases de forma persoalizada e axustándose ás necesidades de cada momento:

- Vídeos
- TV
- Reproductor CD

- Ordenadores
- Cañón
- Tablets

A parte de recursos materiais cos que dispoñamamos para o desenvolvemento das unidades e proxectos, xogarán un papel moi importante os **recursos humanos** dos que dispoñamos para unha maior motivación do alumnado deste nivel: visita de actores, actrices… personaxes relacionados co tema a traballar.

Levaranse a cabo diferentes proxectos dentro da aula: Robótica; Plambe, Plan Proxecta… Non sexas pirata, Climántica como proxectos adicados ao coidado do medio ambiente e o planeta Terra, …e todos aqueles que vaian xurdindo.

## 5. 1 METODOLOXÍA DA ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL OU NON PRESENCIAL

Tal e como recolle o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitarios de Galicia para o curso 2020-2021, o ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo propio profesor o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o docente poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia de todo o grupo aula e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula. Durante os primeiros días de clase, en setembro, como titora do grupo de 4º nivel, facilitarei ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matriculen en cada un dos cursos dos que forman parte. Cando sexa posible usarase a aula de informática do centro para estas tarefas. Na maior brevidade posible, asegurarei de que o seu alumnado coñece o funcionamento do curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia. Dedicarei o tempo que precise na aula de informática para afianzar as destrezas do alumnado no uso do seu curso virtual. No mes de setembro, identificarei ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e o notificarei ao equipo directivo. O equipo directivo realizará unha listaxe deste alumnado e as súas necesidades no caso dun eventual paso ao ensino a distancia.
A metodoloxía a seguir caracterízase por ser comunicativa, inclusiva, activa, participativa e individualizada, centrándonos en conseguir os obxectivos propostos nesta Programación Didáctica, para iso desevolveranse tarefas relacionadas con contextos da vida real a través dun enfoque competencial e do deseño de actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara os obxectivos propostos. Sen olvidarnos do carácter construtivista da aprendizaxe.
Preténdese estimular o desenvolvemento de todas as capacidades do neno e nena, tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais dunha forma global, xa que calquera actividade realizada polos nenos e nenas pon en funcionamento mecanismos afectivos, psicomotores, comunicativos, cognitivos, creativos, de atención, etc. Para conseguilo trataremos de empregar unha metodoloxía que facilite:

- A conexión co nivel de desenvolvemento real e potencial dos alumnos e das alumnas, atendendo ás súas diferenzas individuais e partindo do próximo ou concreto para chegar ao xeral.
- A comunicación a través do diálogo.
- Un clima afectivo rico en vivencias baseadas no respecto mutuo, que procure a motivación necesaria para espertar, manter e incrementar o interese dos alumnos e das alumnas.
- O espírito de grupo co exercicio da participación e a cooperación, practicando a aprendizaxe grupal.
- A organización de contidos, de xeito que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para acadalas.
- A aprendizaxe construtivo-significativa, partindo da consolidación do saber anterior e do reforzo daquel que permita enlazar os organizadores previos co novo coñecemento que se debe adquirir.
- A creatividade de alumnos e de alumnas, como forma diversificada e enriquecedora de comunicación.
- O contacto escola-familia como marco afectivo-efectivo de relacións e, por extensión, de toda a comunidade educativa.

O principal obxectivo metodolóxico durante este período é permitir ao alumnado manterse incorporado á aprendizaxe continua de modo non presencial, evitando a sobrecarga e a desigualdade e atendendo e respectando as circunstancias particulares de cada alumno ou alumna.
Ademais das actividades específicas de cada materia, promoverase, na medida do posible, un enfoque interdisciplinar e globalizador das tarefas, procurando o afondamento das competencias clave.
A titora é a encargada de porse en contacto coas familias para identificar e solventar problemas que poidan xurdir ante esta educación non presencial.
Prestarase atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital. A ferramenta principal que empregarei para a comunicación co alumnado será a aula virtual, tal e como se recolle no artigo 29 do Protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 .Tamén se fará uso do correo electrónico persoal, abalar móbil, Cisco webex e o whatsapp do tlf do centro escolar.
O alumnado enviará as tarefas feitas para a súa corrección e posterior envío, a través da aula virtual ou correo electrónico (sen datas de entrega sempre adaptándonos ás circunstancias familiares). Serán os docentes quen posteriormente revisen e envíen de novo a tarefa para que o alumnado poida autocorrexirse. Nestas correccións engadirase sempre comentarios explicativos referentes aos fallos que poidan ter e mensaxes de reforzo positivas para a autoestima e valoración do alumnado.
Manterase contacto coas familias e alumnado para resolución de dúbidas mediante chamada telefónica, correo electrónico ou facendo uso de cisco webex.
Para aquel alumnado que non dispón de conectividade ou ten un mal funcionamento da mesma, achéganse as tarefas vía whatapp ou telefonicamente.

## 6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Aténdendo ao establecido polo DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e segundo o calendario de aplicación da Lei orgánica 8/2013, para a mellora da calidade educativa, os procedementos e instrumentos de avaliación a empregar serán osseguintes:

a) Avaliación inicial ou dediagnóstico.
b) Avaliación ao final de cada unidadedidáctica.
c) Seguimentoindividualizado.
d) Autoavaliación dos/asalumnos/as.
e) Rúbricas de avaliación: O sistema de rúbricas elaborarase como matrices sinxelas onde se detallarán, para cada un dos estándares de aprendizaxe, as condutas observables e os niveis de execución a ter en conta no proceso de avaliación. Dentro deste sistema, os distintos niveis de adquisición establecerán os graos de adquisición dun determinado logro mediante unha escala cualitativa de catro niveis: desde logro en vías de adquisición ata o nivel de excelente. Ademais, xunto a cada nivel, ofrecerase o valor numérico que lle corresponde á hora de realizar o proceso avaliativo. O valor numérico terá unha dobre función: permitir cuantificar o avance de cada alumno e facilitar o cálculo dos percentís que poñen en relación o avance do alumno con respecto ao grupo. Esta labor correspóndelle aomestre/a.

f) Observación directa do alumno tendo en conta as súas actitudes de iniciativa e interese no traballo, a súa participación nos traballos comúns ou de posta en común, os seus hábitos de traballo, as súas habilidades e destrezas e os avancesconceptuais
g) A supervisión do caderno de traballo do alumno obtendo información sobre a expresión escrita, comprensión e desenvolvemento de actividades e no uso de fontes deinformación.
h) A realización periódica de probas escritas, valorando a adquisición e memorización comprensiva dos conceptosbásicos.
i) A entrega de traballos ou tarefas propostas ao longo do curso nos diferentestrimestres.

## 7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación do alumnado decidirase tendo en conta as seguintes variables:

- Actitude
- Interese
- Traballocontinuo
- Esforzo
- Probasobxectivas
- Presentación detraballos.
- Comportamento

No proceso de avaliación, identifícanse cinco niveis de cualificación, e para o seu rexistro é conveniente ter a seguinte escala cualitativa ordeada de menor a maior:

IN: Insuficiente para as cualificacións negativas
Para as cualificacións positivas:
SU: Suficiente
B: Ben
NT: Notable
SB: Sobresaínte

A estes achegaráselles unha escala numérica, sen empregar decimais, nunha escala do un ao dez; coas seguintes correspondencias:

– Insuficiente: 1, 2, 3 ou4.
– Suficiente:5.

– Ben:6.
– Notable: 7 ou8.
– Sobresaínte: 9 ou10.

Os criterios de cualificación para as áreas de Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Matemáticas, Lingua Galega e Lingua Castelá serán os seguintes:

| ***Criterios de cualificación*** | ***Valoración*** | ***Instrumentos*** |
|---|---|---|
| **Valoración dos contidos e competencias desenvolvidos.** | 40% | Probas orais e escritas. |
| **Realización do traballo na clase** (Realización axeitada do traballo, organización dos materiais e presentación do caderno e doutros traballos escritos) | 30% | - Caderno<br>- Rexistro de actividades de clase (tanto orais como escritas).<br>- Rexistro de organización demateriais. |
| **Realización do traballo diario na casa** (rematar tarefas e estudar) **e traballos específicos** | 20% | - Rexistro diario de traballo que había que rematar.<br>- Corrección do traballo realizado nacasa. |
| **Valoración de actitudes na aula** (Escoita, esforzo, participación e colaboración) | 10% | - Rexistro departicipación<br>- Rexistro de actitude naclase. |

**PLÁSTICA:**

- As realizacións plásticas propias: 40%
- A súa actitude e esforzo:20%
- A participación nas actividades voluntarias:10%
- A cooperación cos compañeiros e compañeiras:20%
- Coidado de material:10%

**VALORES SOCIAIS E CÍVICOS:**

- A súa actitude e esforzo:20%
- A participación nas actividades voluntarias: 10%

- Coidado do material: 20%
- A súa participación activa no traballo en equipo cooperativo: 50%

# 8. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Realizarase a primeira quincena de clase unhas probas escritas e orais que versarán sobre contidos do nivel anterior tanto das Línguas como de Matemáticas. Desta forma avalíase o grao de coñecementos previos dos/as alumnos/as, que só se empregará como información para saber de que nivel se parte, aínda que, como é o segundo ano co mesmo alumnado xa teño moita información do curso pasado.

# 9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

***Descrición do grupo despois da avaliación inicial***

Número de alumnos/as: 23

Para facer este informe teremos en conta diferentes aspectos como:

- Continúo con este alumnado por segundo ano e xa nos coñecemos mutuamente, aínda que hai un baixa dun alumno e unha unha nova matrícula, unha alumna de nacionalidadecubana.
- Funcionamento do grupo: falan moito, acostumados a traballar en proxectos, autónomos e con moita diversidade tanto en madurez como en actitudes. Moita implicación dasfamilias.

  Dentro deste grupo hai un alumno que non acadou todos os obxectivos do 1º nivel e un alumno repetidor no primeiro nivel que acadou case a totalidade dos obxectivos mínimos de 1º de EP, cun nivel moi baixo ( este verán foi dignosticado déficit de atención e posto en tratamiento este curso polo SERGAS) ; hai un neno TDAH, ( neno atendido e valorado polo departamento a petición da titora e a familia e diagnosticado polo SERGAS); hai dous alumnos con altas capacidades (pendentes de informe do EOI) e varios casos, concretamente por rotacismos, que saen da aula coa especialista de Audición e Linguaxe, que segundo unha charla mantida coa xefa do departamento de orientación este curso serán dados e dadas de alta agás uha nena, que revisarán no mes de setembro, unhavez que

se inicien as clases. Tamén se iniciará a petición ao Departamento da valoración psicopedagóxica para outro alumno por altas capacidades.

- As necesidades identificadas na clase: As necesidades identificadas na clase de 23 alumnos e alumnas veñen marcadas por dous alumnos moi inquedos, un TDAH e o outro pendente de informes médicos, polo que planificarei estratexias metodolóxicas que fomenten a socialización de todo o grupo e sobre todo correxir certos comportamentos dos alumnos mencionados...conseguindo así dentro da aula un bo ambiente, sobre todo de compañeirismo. Tamén ao ter unha nova matrícula de nova incorporación ao centro se tenderá en especial para favorecer a súa pronta e positiva integración no grupo de 2º nivel e no centro. Así como facer constar a posibilidade de tres alumnos AACC. Para isto a colocación das mesas e a agrupación do alumnado irá variando ao longo do curso para adaptarse ás necesidades que vaianxurdindo.
- Niveis do alumnado:
  Na aula de 23 alumnos/as hai unha diferenciación de tres niveis de alumnado :

- Un primeiro nivel moibo
- Un segundo nivelnormal
- Un terceiro nivel baixo ( trátase de tres alumnos que necesitan de apoio na aula, e /ou tamén fóra). Pendente de organizar polo Departamento deOrientación.

- A nova matrícula esta pendente de valoración cando comencen asclases.

### *Necesidades individuais*

Cales son os/as alumnos/as que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe? *(Cómpre ter en conta os/as alumnos/as con necesidades educativas, con altas capacidades, e outras con necesidades non-diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar...).*
Dentro deste grupo hai un alumno que non acadou todos os obxectivos do 1º nivel e un alumno repetidor no primeiro nivel que acadou os obxectivos de 1º de EP, diagnosticado con Déficit de atención e inicia un tratamento; hai dous alumnos con altas capacidades (pendentes de informe do EOI), un alumno TDAH e varios casos, concretamente por rotacismos, que saen da aula coa especialista de Audición e Linguaxe, que segundo unha charla mantida coa xefa do departamento de orientación este curso serán dados e dadas de alta agás uha nena, que revisarán no mes de setembro, unha vez que se inicien as clases. Tamén se iniciará a petición ao Departamento da valoración psicopedagóxica para outroalumno.

As adaptacións centraranse en:

- Tempo e ritmo deaprendizaxe

- Metodoloxía máis personalizada
- Reforzar as técnicas deaprendizaxe
- Mellorar os procedementos, hábitos eactitudes
- Aumentar a atenciónorientadora
- Enriquecementocurricular
- Avaliacións adaptadas ás necesidades destes alumnos

a) **Para o alumnado con altas capacidades intelectuais:** facilitaranse contidos e material de ampliación axeitado ás necesidades destes alumnos que lles permitan desenvolver ao máximo as súas capacidades: actividades de enriquecemento proporcionadas polo departamento de Orientación e levadas a cabo naaula.

b) **Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe:** tomaranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para alumnos/as con dificultades de aprendizaxe graves, priorizaranse os contidos procedimentais e actitudinais, buscando a integración social, ante a imposibilidade de lograr un progreso suficiente nos contidosconceptuais.

Cando non bastan as adaptacións temos a diversificación curricular, por medio da cal un alumno ou alumna podería deixar de cursar parte do tronco común da etapa e empregar este tempo noutro tipo de actividades educativas, ben as ofertas en espazos de optatividade, ben actividades deseñadas especialmente para el/ela, que se poderían cursar dentro ou fóra do centro. Este/a alumno/a seguiría tendo en todo momento como referencia os obxectivos xerais da etapa, pero accedería a eles a través doutro tipo de contidos e actividades.

• ADAPTACIÓN CURRICULAR (REFORZO): Fichas fotocopiables con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dosalumnos.
• AMPLIACIÓN: Fichas fotocopiables con actividades de maior dificultade pola súa resolución, polo tratamento doutros contidos relacionados cos do cursoetc.
• COMPETENCIAS e INTELIXENCIAS MÚLTIPLES: Contémplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, o movemento, a representación plástica, adramatización...
• PLANS INDIVIDUAIS dirixidos a alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación).
• ENSINANZATITORIZADA.
• TRABALLOS DEINVESTIGACIÓN.
• LECTURAS E CONSULTAS DE FORMALIBRE.

Por iso solicito ao departamento de Orientación se teña en conta toda esta diversidade alumnado á hora de facer horarios de apoio dentro da aula.

# 10. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS, AO PLAN TIC, AO PROXECTO LECTOR, AOS HÁBITOSSAUDABLES,AO PLAN DE CONVIVENCIA E AO PROXECTOLINGÜÍSTICO

## 1. Áscompetencias

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é inabarcable polo que cada unha se estrutura en indicadores, descompostos en descritores.

Os **elementos transversais,** tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

O desenvolvemento de **valores** axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse para que sexan capaces de construír unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

### *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia etecnoloxía*

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar elementos e razoamentos matemáticos para resolver problemas da vida cotiá partindo do coñecemento dun mesmo, da natureza e da interacción cos outros. Así mesmo, incorpora a aplicación dalgunhas nocións, conceptos científicos e técnicos coa posibilidade real de utilizar a actividade matemática en contextos variados aos que se ten que enfrontar o propioalumno.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:
- Interactuar co ámbito natural de xeitorespectuoso.
- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seuámbito.

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvementosostible.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudabledeste.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exerciciofísico.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vidacotiá.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vidafutura.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece ao nosoarredor.

***Comunicaciónlingüística***

A expresión oral e a expresión escrita requiren dun adestramento en cada unha das áreas. De forma sistemática procuraremos adestrar polo menos un descritor en cada unha das unidades didácticas.

Debido ao carácter da área, coa importancia de iniciar os alumnos nesa busca de información e presentarlla ao resto, de realizar simulacións, de iniciarse na actividade científica..., é unha prioridade traballar co alumnado a comprensión ao longo destas unidades que se desenvolven.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Plan lector: gozar coalectura.
- Interactuar co ámbito natural de xeitorespectuoso.
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo deinformación.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta aointerlocutor...
- Comprender o sentido dos textosescritos.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textosescritos.

***Competenciadixital***

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilizalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento. Desde esta área faise necesario o manexo de ferramentas dixitais para a adquisición de información transformándoa en coñecemento.

Na área de Ciencias da Natureza adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca deinformación.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súafiabilidade.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informaciónsdiversas.

- Manexar ferramentas dixitais para a construción decoñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso dastecnoloxías.

### *Conciencia e expresiónsculturais*

A través da ciencia, podemos coñecer o mundo no que vivimos, o ámbito que nos rodea e os seus cambios, polo que esta competencia nos pode dar unha visión diferente desde a perspectiva das diferentes manifestacións culturais e a forma de expresión artística. Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Elaborar traballos e presentacións con sentidoestético.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamentocientífico.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal ecultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigosartísticos.

### *Competencias sociais ecívicas*

A área de Ciencias da Natureza pídenos desenvolvemento de actitudes e valores vinculados ao respecto cara a un mesmo e cara aos demais, cara á natureza, cara ao traballo propio das ciencias e o seu carácter social polo que os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciamos a continuación:

- Educaciónenvalores:Aprenderacomportarsedesdeocoñecementodosdistintosvalores.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participaciónestablecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións eideas.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme aela.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións eideas.
- Involucrarse ou promover accións cun finsocial.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución deconflitos.
- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto daescola.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos epotencialidades.

### *Sentido de iniciativa e espíritoemprendedor*

Na área de Ciencias da Natureza preténdese iniciar ao alumnado na actividade científica polo que este aspecto se vincula ao desenvolvemento desta competencia. A necesidade de traballar a autonomía persoal, a xestión de grupos de traballo desde un liderado compartido fai que teñamos que fomentar habilidades de emprendemento que alcancen os obxectivospropostos.

Neste caso, os descritores que se van adestrar son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar contadelas.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dotema.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover acciónsnovas.
- Ser constante no traballo superando asdificultades.
- Encontrar posibilidades no ámbito que outros nonaprecian.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover acciónsnovas.
- Configurar unha visión de futuro realista eambiciosa.

***Aprender a aprender***

A competencia de aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser quen de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo con aquilo que consideramos. Nesta área vese a necesidade de traballar de forma explícita a confianza nun mesmo para poder traballar cos outros e o gusto por aprender.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia son:

- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se van realizar no proceso deaprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa doscontidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultadosintermedios.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional,interdependente...
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos deaprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos deaprendizaxe.

**2. Ao PlanTIC**

Para incorporar as TIC na aula propóñense unha serie de recursos **integrados** cos contidos e actividades das distintas áreas para Segundo Curso, que complementan e amplían.

| | |
|---|---|
| *Actividades TIC* | Actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe. |
| *ROBÓTICA* | Ampliación no mundo daROBÓTICA |
| *SNAPPET* | Actividade costeada polas familias para traballar os contidos e mellorar as TICS |
| *Ligazóns a Internet* | Aproveitamento de recursos educativos en Internet: Procura de imaxes, información ou curiosidades, selección e organización para transformalo en coñecemento. |
| *Recursos dixitais na web na aula virtual* | Actividades interactivas: O alumno/a responde seleccionando a opción correcta, clasificando os elementos en diferentes grupos ou situándoos na súa posición correcta. |

A maior dificultade para desenvolver as novas tecnoloxías atopámolo na propia aula, Só se conta cun proxector e un ordenador de aula... A aula de informática ten un ordenador para cada dous e isto fai que a competencia dixital do alumnado de segundo se poida mellorar, dado o número de alumnado desta clase, unha das máis numerosas docentro.

### 3. ***Ao Plan Lector***

Algunhas actividades para desenvolver a competencia lectora poden ser:

- Lectura en voz alta de textos por parte dosalumnos/as.
- Grupos de lectura dentro e fóra daaula.
- Lectura graduada relacionada coa linguaxe e o tema da unidade nacasa.
- Outros textos escritos: curtos, de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos,poemas...).
- Textos en apoio dixital (internet e aplicacións informáticas, lectura enpantalla).
- Textos orais complementados e acompañados de imaxes ouaudios.

- Exposición oral e escrita en traballos individuais, actividades en grupo, en razoamentos e intervencións: planificación, redacción, revisión.
- Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulariopreciso.
- Realización de dramatizacións a partir de un textotraballado.
- Expresión das súas propias experiencias esentimentos.
- Espazo habiliatado na aula para Biblioteca concoxíns
- Na terceira sesión, despois do recreo, adicaremos 20 minutos á lectura individual ou colectiva en distintos formatos (plan lector do centro). Este ano solicitei a merca de coleccións cun número de exemplares suficientes para este grupo, xa que non se dispón deningunha.
- Lectómetro: marcador individual daslecturas
- Libro viaxeiro relacionado co tema troncal proposto polo equipo deBiblioteca
- Cadernillo PlanLector

### 4. ***Ao PlanEscritor***

Algunha das actividades propostas para desenvolver esta competencia escritora poden ser:

- Visualizar diferentes tipos de textos, que servirán como modelo aimitar.
- Creación de diferentes tipos de textos axeitados a súaidade.
- Libro viaxeiro relacionado co tema troncal proposto polo equipo deBiblioteca
- Cadernillo PlanEscritor

### 5. ***Aos Hábitossaudables***

Para promover **Hábitos saudables** promoveremos o consumo diario dunha boa alimentación, como froitas, lácteos, etc, e a práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte dos alumnos e das alumnas durante a xornada escolar, inculcando hábitos de vida activa, saudable e autónoma. Tamén seguiremos un calendario semanal de **merendas saudables,** para que estas sexan sans e variadas, asegurando así o consumo de froita, lácteos, etc.asemade participaremos na distribución de froita e lácteos en tempo de lecer, en colaboración con **FOGGA**, como cursosanteriores.

A celebración de aniversarios farémola por trimestres: aniversarios de outono, inverno e primavera, repartidos pola data de nacemento.

## 6. *Ao Plan deconvivencia*

Ten por obxectivo a recomendación de normas e directrices que van encamiñadas ao fomento dos valores e actitudes de convivencia que han de rexer a vida diaria do centro. Desde o traballo dos contidos relacionados coa educación en valores (Educación para a Paz,...) debemos impulsar e promover actuacións encamiñadas á mellora e/ou mantemento das boas relacións interpersoais dos distintos colectivos (mestres, mestras, pais, nais e alumnos/as...) que conviven nun centro escolar así como o establecemento de pautas que poidan resolver posibles situacións de conflicto. Tendo en conta a importancia de potenciar a convivencia na escola, preténdese realizar un traballo sistemático, tanto nas horas de titoría como en calquera momento en que a situación o precise. As actividades que se levarán a cabo estarán en coordinación coa Comisión de Convivencia docentro.

Dende o noso nivel teremos en conta o protocolo de actuación ante situacións conflictivas; os titores/as faran coñecer ao grupo as normas establecidas no Regulamento de Réxime Interno do centro propoñendo situacións imaxinadas nas que poñer en práctica o protocolo (un/ha alumno/a dedícase a poñer motes a outros, un alumno/a pega aos compañeiros/as, un alumno/a entra tódolos días tarde na aula…); igualmente elaboraranse as normas básicas da aula e faranse saber aos alumnos/as os seus dereitos e deberes. No protocolo tamén se indica que en casos de maior gravidade participará na valoración do alumnado o Departamento de Orientación e, cando así se considere, intervirá o Equipo Directivo para valorar a sanción a aplicar.

Este ano iniciciarase un proxecto piloto para mellorar a convivencia, CARNET por puntos, para que cada neno ou nena sexa o seu propio responsable. Levarase a cabo a presentación e coñecemento do Plan de Convivencia do centro, así como o protocolo do comedor, tanto a nivel aula como familias, na primiera xuntanza de nivel coas familias no mes deoutubro.

## 7. *Ao ProxectoLingüístico*

Potenciarase o uso correcto do galego oral e escrito, empregando esta lingua como un ben preciado do noso patrimonio cultural e artístico. Favorecerase diariamente a expresión das propias vivencias de forma correcta, así como de aspectos da nosa cultura. En relacióncо proxectolingüístico,dendeo2ºnivelimoscontribuírcontodasaquelasactividadespropostaspoloEDLG,tendoencontaascelebraciónsdo Día da Biblioteca, Día do Libro, Semana das Letras Galega, Día da Poesía, en relación tamén co eixo vertebrador do curso: **"A volta ao cine en 275 días".**

Faremos as lecturas pertinentes tendo en conta tamén os autores/as que veñan ao colexio, así como charlas e actividades relacionadas co tema troncal.

Neste curso poñerase mais interese en promover o gusto por esta língua xa que nunha enquisa feita ao remate do primeiro nivel, no mes de xuño, entrevese pouco atracción por esta materia.

## 11. ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN

Na clase hai alumnos/as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, ao tempo que se persegue o obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e acade o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

A diversidade de exercicios e actividades utilizados nos materiais posibilita que tódos os/as alumnos/as poidan atopar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles/as alumnos/as sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles/as que necesitan máisapoio.

## 12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- O libro do/a alumno/a para a área a traballar, empregado como material de apoio non como eixe das clases. Tentouse, para este curso, tratar de traballar algunha materia sen libro, pero non se conseguiu aínda que se consultou coa dirección do centro en plazo. Denegouse.
- O material elaborado pola mestra, específico e por proxectos e as propostas didácticas para cada unha delas (semana da ciencia, edición de filmes,a procura dotesouro…)
- Os recursos fotocopiables da proposta didáctica, con actividades de reforzo, ampliación, obradoiros eavaliación.
- Os materiais dixitais asociados ao tematratado
- Ordenadores e tabletsSnappet
- Xogosdidácticos
- Proxectos deinvestigación
- CD audio.
- Plan lector: recomendación de tres libros con seus correspondientes proxectos de animación á lectura e Taller de escritura para cada uns dos librosrecomendados.
- Plan escritor: creación de textos axeitados á idade destes nenos enenas.

- Libro viaxeiro: unha proposta lúdica para traballar acreatividade.

## 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Realizaranse por nivel facendo polo menos unha saída ao trimestre, pero deixando aberta a posibilidade de máis se así o requiren outros proxectos nos que participemos, partindo da motivacion implícita para o alumnado nas saídas.
Dende a Biblioteca e Dinamización propúxose un tema vertebrador, este ano **"A volta ao cine en 275 días",** polo que tamén faremos actividades complementarias referentes ao tema, que nos servirán para reforzar os contidos traballados nas outras disciplinas e tamén como recurso para a revista RULAR, de edición anual no centro, que este ano será dixital debido ao seo elevado custo.
Participaremos de cheo en todas as actividades propostas polos equipos do centro: Biblioteca, Dinamización, Tic así como nos diferentes festivais e celebracións conmemorativas tanto a nivel colexio como pequeno grupo.

Celebraranse as seguintes **conmemoracións** así como saídas ao entorno e fóra do entorno.

- Magosto e Samaín.
- Día dasbibliotecas.
- Día internacional para a eliminación da violencia contra amuller
- Constitución e Estatuto de Autonomía deGalicia.
- Día mundial das persoas condiscapacidade.
- Día da Declaración Universal dos DereitosHumanos.
- Nadal.
- Día da Paz.
- Día deRosalía
- Día Internacional da MullerTraballadora.
- Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Día dapoesía.
- Día doteatro.
- XXIII Xogos dePrimavera.
- Semana daprensa.
- Día do libro.
- Semana das LetrasGalegas.
- Fin de curso

## 14. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

Pretendemos que o presente proxecto didáctico sexa un proxecto realista, que se poida desenvolver na súa totalidade sen que se bote en falta algún tema que debería ser tratado pero sen que tampouco se traten contidos que puideran ter a consideración de máis ou menos superfluos. Por estas razóns este proxecto é fundamentalmente un proxecto de mínimos, de tal xeito que teñen esta consideración todos os contidos de carácter conceptual que se recollen nas diferentes unidades didácticas, resultando especialmente relevantes os que se detallan a continuación para cada unha das materias:

***Área de matemáticas***

- Contar obxectos en distintas coleccións.
- Ler e escribir decenascorrectamente.
- Coñecer os números ata o 999 e asocialos ás suas cantidadescorrespondentes.
- Trazar correctamente as grafias dos números ata o999
- Realizar series ascendentes e descendentes cos números utilizando os signos <, > e=.
- Escribir o número anterior e posterior doutrodado.
- Realizar estimacións de cantidade utilizando os conceptos " mais que..", " menos que ..", tantos como..."
- Comparar cantidades de elementos utilizando os conceptos moitos, poucos, algún eningún.
- Clasificar adecuadamente os obxectos segundo os conceptos de medida: grande, mediano e pequeño. Compáraos e di cal é máis grande, o mediano e opequeño.
- Recoñecer, nomear e trazar o círculo, o cadrado, o triángulo e orectángulo.
- Realizar series seguindo os criterios de cor e daforma.
- Asociar operacións de suma e resta con situacións problemáticas da vidareal.
- Resolver sumas e restas cos números que van coñecendo, utilizando os signos +, - e=.
- Describir a súa posición no espazo e ubica obxectos utilizando os conceptos esquerda – dereira; diante –detrás.
- Completar debuxos tendo en conta as simetrías dosobxectos.
- Compoñer e descompoñernúmeros.
- Realizar descomposicións aditivas de doussumandos.
- Ubicar obxectos e describir a súa posición aplicando correctamente os conceptos espaciais dentro – fora; perto –lonxe.
- Identificar o número maior e menor dunha serie de númerosdados.
- Establecer comparacions empregando os conceptos ancho / estreito; longo /curto.

- Resolver problemas utilizando a suma, a resta e amultiplicación.
- Interpretar os gráficos co reconto deobxectos.
- Identificar e recoñecer as palabras chave para obter datos do eunuciado dunproblema.
- Identificar a operación correcta e resolve o problemaplantexado.
- Comprender e utilizar adecuadamente as unidades de medida axeitadas: de peso (gramo, quilogramo), lonxitude (metro, centímetro) e capacidade(litro).
- Clasificar as liñas en abertas, pechadas, curvas e rectas edebúxaas.
- Identificar polígonos e recoñecer lados evértices.
- Recoñecer e debuxar liñas poligonais abertas e pechadas.
- Distinguir os valores das moedas e billetes eúsaos.
- Colocar correctamente os termos de sumas levando erealízaas.
- Interpretar e representar os datos dun gráfico debarras.
- Diferenciar interior e exterior, ubicando obxectos e describindo a súaorde.
- Realizar sumas sinxelas variando a orde de colocación dossumandos.
- Asociar parellas de sumas iguais cos sumandos colocados en distintaorde.
- Nomear, escribir, distinguir e usar apropiadamente os días da semana.
- Coñecer e utilizar o calendario en situacións cotiás.
- Coñecer os númerosordinais.
- Realizar sumas e restaslevando.
- Resolver problemas de dúas operacións.
- Calcular o dobre e a metade dunnúmero.
- Identificar, nomear e trazar corposxeométricos.
- Ler e interpretar as horas en punto, as medias e os cuartos, tanto en relocos analóxicos como endixitais.
- Usar as táboas demultiplicar.
- Calcular o tempo transcurrido entre dúas horasdadas.
- Utilizar axeitadamente acalculadora.

***<u>Area de línguas castelá e galega.</u>***

- Participar nas conversas respetando as aportacións dosdemais.
- Expresarse oralmente cun vocabulario adecuado e organiza as ideascorrectamente.
- Comprender textos sinxelos e extrae a ideaprincipal.
- Poñer en práctica os coñecementos e as estratexias necesarias para escribircorrectamente.
- Identificar nomes, adxectivos e verbos.

- Identificar e emprega as marcas formais dodiálogo.
- Escribir textos propios relacionados co ámbito escolar ou coas sus experienciaspesoais.
- Comprender o concepto de enunciados eescribeos.
- Empregar correctamente a maiúscula ao comezo dun escrito e despois depunto.
- Ler con fluídez diferentes tipos de textos (poético,narrativo,…) respectando aspausas.
- Comprender diferentes textos (contos, textosinformativos,…)
- Escribir correctamente palabras dos textos (sonido z,k,g,r suave, rforte)
- Expresarse oralmente con volume e tonaxeitados.
- Recoñecer sílabas e dividir palabras en sílabas.
- Recoñecer palabras sinónimas eantónimas.
- Realizar descricións (persoas, animais paisaxes…)
- Recoñecer e utilizar sustantivos comúns epropios.
- Identificar e usar sustantivos masculinos, femeninos,en singular e enplural.
- Identificar palabras queriman.
- Identificar os diferentes significados dalgunhas palabraspolisémicas.
- Coñecer e empregar palabras derivadas de maneiracorrecta.
- Recoñecer unha familia depalabras.
- Recoñecer e usar adxectivos que expresan cualidades eestados.
- Usar axeitadamente os signos de interrogación e deexclamación.
- Coñecer e usar os verbos en pasado, presente efuturo.
- Escribir correctamente palabras con mp,mb.
- Recoñecer as partes dun texto(conto…)
- Ler e escribir axeitadamente textos concomas.
- Escribir correctamente palabras con br-bl.
- Recoñecer o suxeito e o predicado dunhaoración.
- Realizar tarefas sinxelas no ordenador.
- Obter e expoñerinformación.
- Escoitar con respecto as intervencións dos compañeiros daclase.
- Recoñecer palabras individuais ecolectivas.
- Ler textos sinxelos de maneira comprensiva(oracións)
- Captar o sentido global dun texto oral de curtaextensión.
- Manifestar ideas e opinións de formaoral.
- Interpretar textos escritos de curta extensión (frases) e lectura expresiva ecompresiva.
- Producir textos sinxelos, utilizando oracións con sentido completo e respectando aortografía.
- Realizar os escritos con claridade ,orde elimpeza.

- Ter coñecemento de que as nosas linguas teñen unhas normas que hai que respectar, se queremos conseguir mellores producciόns tanto orais comoescritas.
- Esforzarse en producir textos escritos o mellorposible.
- Ter una actitude positiva cara a lectura e a linguaxeescrita.

***<u>Áreas de cc sociais e cc naturais.</u>***

- Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a súadiversidade.
- Comprender que todas as persoas teñen os mesmosdereitos.
- Coñecer o nome dalgúns ósos, músculos e articulacións e sabe para queserven.
- Entender e explicar o proceso darespiración.
- Identificar e describir algúns recursos fundamentais para os seres vivos (aire , auga ) e a súa relación coa vida daspersoas
- Coñecer os estados daauga.
- Identificar o aire como a mestura de variosgases.
- Enumerar fontes de contaminación do aire e da auga e explicar diversas maneiras deevitala.
- Comprender e explicar a sucesión do día e danoite
- Coñecer os movementos daTerra.
- Identificar diversas máquinas no seucontorno.
- Identificar os componentes principais dun ordenador e enumera algúns dos seususos.
- Recoñecer con criterios elementais os seres vivos máis relevantes do contorno doalumnado.
- Recoñecer animais vertebrados einvertebrados.
- Enumerar características propias de mamíferos, aves, reptiles, peixes eanfibios.
- Clasificar diversas plantas coma árbores, arbustos ouherbas.
- Identificar partes de diversas plantas e enumerar usos dasmesmas.
- Coñecer fungos e setas e experimentar coneles.
- Identificar diferentes paisaxes e describilos (costa,montaña)
- Coñecer elementos naturais e feitos polaspersoas.
- Identifica puntos cardinais e obter información dunmapa.
- Recoñecer a orixe animal ou vexetal de alimentosconcretos.
- Recoñecer alimentos naturais, elaborados e a relación entreeles.
- Clasificar diversos alimentos nos seus gruposcorrespondentes.
- Valorar e comprender a necesidade da práctica de determinados hábitos asociados á hixiene, á alimentación equilibrada, ao exercicio físico e aodescanso.
- Recoñecer as relacións que unen os membros dunhafamilia.

- Recoñecer, identificar e poñer exemplos sinxelos sobre as principais profesións e responsabilidades que desempeñan as persoas de contorno
- Recoñecer algunhas manifestacións culturais presentes no ámbito escolar, local e galego, valorando a súa diversidade eriqueza.
- Identificar algúns dos medios de transporte máis comúns do contorno e valora o seu uso, respectando as normas básicas de seguridade viaria.
- Ordenar temporalmente algúns feitos relevantes da vida persoal, familiar ou do contornopróximo.
- Recoñecer o reloxo e o calendario como instrumentos para medir otempo.
- Diferenciar medios de comunicación colectivos eindividuais.
- Identificar e observar diferenzas na composición dosmateriais.
- Interesarse polo estudo dopasado

***Área de educación artística***

- Explorar e utilizar materiaisdiversos.
- Disfrutar realizando creaciónsartísticas.
- Utilizar novas técnicas para aprenderdisfrutando.
- Mostrar confianza na propia capacidade creativa (colorear libremente, imaxinar situaciónposibles…)

## 15. PROCEDEMENTOS E INDICADORES PARA A AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN

Coa avaliación pretendo promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao rematar cada unidade didáctica proponse unha secuencia de preguntas que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Pódese utilizar unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

| ASPECTOS QUE SE VAN AVALIAR | QUE SE VAN DESTACAR... | QUE SE VAN MELLORAR... | PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL |
|---|---|---|---|
| Temporalización das unidades didácticas | | | |
| Desenvolvemento dos obxectivos didácticos | | | |
| Manexo dos contidos na unidade | | | |
| Descritores e desempeños competenciais | | | |
| Realización de tarefas | | | |
| Estratexias metodolóxicas seleccionadas | | | |
| Recursos | | | |
| Claridade nos criterios de avaliación | | | |
| Uso de diversas ferramentas de avaliación | | | |
| Atención á diversidade | | | . |

## 16. APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR

| PERFIL COMPETENCIAL DE ESTÁNDARES PRIORITARIOS | | |
|---|---|---|
| COMETENCIA CLAVE: | **COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA** | |
| ÁREA | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES |
| **CN** | **B3.2.** Observar e identificar, de maneira elemental algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar os resultados, empregando o soporte escrito. | **CNB3.2.1** Recolle datos a partir da súa observación e comunícaos empregando o soporte escrito. |
| **CS** | **B1.1.**Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, seleccionala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado. | **CSB1.1.1.**Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica. |

| | | |
|---|---|---|
| **LC** | **B2.1.** Ler<br><br>diferentes tipos de textos infantís breves e<br><br>sinxelos. | **LCB3.3.1**. Le textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade. |
| **LC** | B3.3. Planificar e producir, con | LCB3.3.1 Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito |

| | | |
|---|---|---|
| | axuda, diferentes tipos de textos atendendo ao seu formato (descritivos, narrativos, dialogados) e intencionalidade comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) e coida a presentación | escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas… |
| **LG** | **B2.1.** Comprender a información explícita en textos sinxelos. | **LGB2.1.2** -Comprende información concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacions, notas e avisos ou mensaxes curtas. |
| **LG** | **B3.1.** Producir e reescribir textos, respectando as convencións elementais da escrita. | **LGB3.1.2** Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo. |
| **MT** | **B2.1.** Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados. | **MTB2.1.1.** Le, escribe e ordena números ata o 99. |
| **VSC** | B2.1. Expresar opinións, emocións e estados de ánimo empregando coordinadamente a linguaxe verbal | VSCB2.1.2. Responde preguntas relacionadas con situacións vividas e con imaxes observadas. |

| | | |
|---|---|---|
| | e non verba | |
| COMPETENCIA CLAVE: | **MATEMÁTICA, CIENCIA E TECNOLOXÍA** | |
| ÁREA | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES |
| **CN** | **B2.2.** Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o | **CNB2.2.1-**Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada. |

| | | |
|---|---|---|
| | exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario. | |
| **CN** | **B3.1.** Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais. | **CNB3.1.2** -Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno |
| **CS** | **B2.1.**Identificar os elementos principais da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das TIC. | **CSB2.1.1.**Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC. |
| **MT** | **B2.3.** Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas. | **MTB2.3.3.**Emprega procedementos diversos na realización de cálculos numéricos básicos. |

| | | |
|---|---|---|
| **MT** | **B2.4.** Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | **MTB2.4.1.**Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados |

| | | |
|---|---|---|
| COMPETENCIA CLAVE: | **APRENDER A APRENDER** | |
| ÁREA | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES |
| **CN** | **B1.1.** Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes. | **CNB1.1.2** .Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. |
| **CS** | **B1.1.**Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, seleccionala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado. | **CSB1.1.2** -Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. |
| **EP** | **B2.1.** Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores. | **EPB2.1.3** -Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posteriori obras plásticas |

| | | |
|---|---|---|
| **LC** | **B2.2.** Anticipar o contido de textos axeitados ao seu nivel. | **LCB.2.2.1** -Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto. |
| **LC** | **B5.4.** Reproducir, con axuda, a | **LCB5.4.1** -Recrea sinxelos textos literarios (contos, poemas..) a partir de pautas ou |

| | | |
|---|---|---|
| | partir de modelos dados, textos literarios sinxelos: contos, poemas e adiviñas. | modelos dados. |
| **LG** | **B3.2**. Utilizar de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen, e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto). | **LGB3.2.1.** Utiliza de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen, e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto). |
| **MT** | **B2.4.** Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | **MTB2.4.1** -Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados. |
| **VSC** | B1.4. Desenvolver actitudes para actuar con motivación e responsabilidade. | VSCB1.4.2. Analiza e manifesta qué e cómo aprendeu. |

| COMPETENCIA CLAVE: | COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA | |
|---|---|---|
| ÁREA | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES |
| **CN** | **B2.1.** Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas | **CNB2.1.1.** Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade. |

| | | |
|---|---|---|
| | valorando a diversidade. | |
| **CN** | **B2.1.** Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade. | **CNB2.1.2.** Recoñece partes do propio corpo. |
| **CS** | **B1.4.**Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área. | **CSB1.4.1.**Identifica a terminoloxía propia da área. |
| **LG** | **B3.3.** Elaborar textos moi sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal. | **LGB3.3.1.** Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal. |
| **LG** | **B4.2.** Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas. | **LGB4.2.1.** Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas |
| COMPETENCIA CLAVE: | **CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS** | |
| ÁREA | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES |
| **CN** | **B1.1.** Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados de forma escrita. | **CNB1.1.1.** Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma escrita, de maneira limpa, clara e ordenada. |
| **LC** | **B5.1.** Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos e utilizar a lectura como fonte de gozo e información. | **LCB5.1.1.** Identifica sinxelos textos propios da literatura infantil: contos, poesías, cómics, adiviñas… |

| | | |
|---|---|---|
| **EP** | **B2.1.** Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores. | **EPB2.1.3** -Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posteriori obras plásticas |
| **LG** | **B5.1.** Recrear e reescribir de xeito moi sinxelo | **LGB5.1.1** -Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, |

| | | |
|---|---|---|
| | diversos textos literarios, usando modelos. | cantigas e xogos de sorte; usando modelos. |
| COMPETENCIA CLAVE: | **COMPETENCIA DIXITAL** | |
| ÁREA | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES |
| **LC** | **B4.5.** Utilizar programas e aplicacións educativas dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe. | **LCB4.5.1** -Utiliza de xeito guiado, distintos programas e aplicacións educativos dixitais como ferramenta de aprendizaxe. |
| **LG** | **B1.2.** Comprender informacións audiovisuais sinxelas. | **LGB1.2.1** -Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido. |
| **MT** | B1.3. Iniciarse na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe coa axuda guiada do mestre ou da mestra. | MTB1.3.1 -Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe. |
| COMPETENCIA CLAVE: | **SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR** | |
| ÁREA | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES |
| **CN** | **B1.1.** Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes. | **CNB1.1.2** -Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisión. |

| | | |
|---|---|---|
| **CS** | **B1.1.**Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como | **CSB1.1.2** -Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades |

| | | |
|---|---|---|
| | medios básicos para obter información, seleccionala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado. | |
| **EP** | **B2.2.** Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social. | **EPB2.2.2** -Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc. |
| **LG** | **B3.1.** Producir e reescribir textos, respectando as convencións elementais da escrita. | **LGB3.1.2** -Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo. |

| | | |
|---|---|---|
| **MT** | **B3.6.** Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | **MTB3.6.2** -Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidadesdos resultados. |
| **VSC** | B1.4. Desenvolver actitudes para actuar con motivación e | VSCB1.4.1.Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas. |

| | | |
|---|---|---|
| | responsabilidade. | |

## 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

De acordo co establecido nas *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Direción Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, a avaliación final terá en conta as avaliacións do curso. Valorarase esencialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles recollidas na presente adaptación da Programación Didáctica de 1º curso de educación primaria. A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión da actividade lectiva presencial será continua, e cun acentuado carácter formativo e diagnóstico e estará baseada fundamentalmente na observación das realizacións do alumnado e na análise das súas producións, así como na valoración de aspectos actitudinais.

### Procedementos de avaliación.

Observación directa e sistemática do traballo realizado polo alumnado en base a:

- Grao de desenvolvemento das competencias clave.
- Análise de producións do alumnado.
- Orde e claridade no traballo.
- Actitude ante a aprendizaxe.
- Interese e esforzo.

### Instrumentos de avaliación.

- Escalas de valoración.
- Escalas de observación.
- Escalas de cualificación.
- Fichas de seguimento.
- Rúbricas de avaliación.

**Cualificación final.** A avaliación realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres. No caso das actividades de recuperación, repaso, reforzo e, cando fose o caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se leven a cabo durante o terceiro trimestre serán tidas en conta naqueles casos en que supoñan unha mellora na cualificación final ou, cando corresponda, para recuperar as avaliacions

pendentes. Por tanto, o traballo de recuperación, repaso, reforzo ou ampliación levado a cabo no terceiro trimestre non minorará as cualificacións obtidas polo alumnado na primeira e segunda avaliación.

## 3. METODOLOXÍA (ALUMNADO CON CONECTIVIDADE E ALUMNADO SEN CONECTIVIDADE) E ACTIVIDADES

A metodoloxía a empregar oriéntase ao repaso, reforzo e recuperación e, no seu caso, ao afondamento de aprendizaxes máis relevantes e imprescindibles das avaliacións anteriores.

O principal obxectivo metodolóxico é permitir ao alumnado manterse incorporado á aprendizaxe continua a través de actividades motivadoras e estimulantes de modo non presencial, evitando a sobrecarga e a desigualdade e atendendo e respectando as circunstancias particulares de cada alumno ou alumna.

Ademais das actividades específicas de cada materia, promoverase, na medida do posible, un enfoque interdisciplinar e globalizador das tarefas, procurando o afondamento das competencias clave.

Na medida das posibilidades empregaranse recursos interactivos, sen que isto redunde en prexuízo daqueles alumnos ou alumnas que, por circunstancias de diversa índole se atopen desconectados/as ou sen acceso a conexión dixital. Para a atención ao alumnado que poida presentar problemas de conectividade ou de acceso a ao material/recursos necesarios para a continuidade do proceso de ensino-aprendizaxe adoptaranse todas aquelas medidas necesarias encamiñadas a garantir a continuidade do mesmo en colaboración con outras Institucións Públicas (Concello de Arzúa).

Darase especial relevancia ao valor da lectura e á sua promoción como fonte de aproximación a novos coñecementos, establecendo orientacións metodolóxicas concretas.

Os materiais e recursos empregados son:

- Materiais descargables e imprimibles.
- Recursos facilitados por editoriais educativas.
- Recursos educativos en liña.

# 17. PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS DAS DIFERENTES ÁREAS

*Programación de Relixión Católica para Educación Primaria 2º nivel – CEI*

## *Obxectivos en clave de Competencias*

1. Coñecer, apreciar e respectar o patrimonio cultural-relixioso como expresión da fe católica. (Competencia cultural e histórica, Competencia para a comunicación lingüística)
2. Comprender e valorar o sentido sagrado, festivo, cultural e celebrativo das festas e os seus ritos, especialmente na liturxia da Igrexa.(Competencia cultural e histórica, Competencia para a comunicación lingüística)
3. Coñecer a Biblia e identificar o sentido dalgúns textos básicos como Palabra de Deus. (Competencia cultural e histórica, Competencia para a comunicación lingüística, Aprender a aprender)
4. Comprender a relación intrínseca entre os valores básicos do ser humano e a acción creadora de Deus Pai. (Competencia humanizadora, Competencia social e cívica, Aprender a aprender)
5. Valorar a novidade do amor de Deus que nos salva do pecado e da morte, polo seu Fillo Xesucristo.(Competencia de sentido transcendente, Competencia humanizadora)
6. Descubrir en Xesucristo o fundamento para un estilo de vida cristián. (Competencia humanizadora, Competencia social e cívica, Competencia de sentido transcendente)
7. Identificar a Igrexa nas súas manifestacións e o servizo eclesial prestado polos apóstolos e polos seus sucesores. (Competencia social e cívica, Competencia de sentido transcendente, Competencia humanizadora)
8. Recoñecer os valores cristiáns xa presentes nas figuras bíblicas máis destacadas da historia da Salvación. (Competencia ético-moral, Competencia humanizadora)
9. Valorar a relación entre a fe e o comportamento cristián, coñecendo as raíces e o sentido da acción e do compromiso cristián. (Competencia humanizadora, Competencia ético-moral, Competencia sentido transcendente)
10. Descubrir a relación entre o destino eterno do home e a realidade temporal na que está a vivir, apreciando a vitoria de Cristo sobre a morte. (Competencia de sentido transcendente, Aprender a aprender)

## *Contidos*

1. Situación de acollida a unnenoou nena novosna clase.
2. Noé e Moisés exemplos de confianza en Deus.
3. Os cristiáns son felices amando a Deus e os demais.
4. A Biblia. Estrutura da Biblia.
5. A confianza.

6. As celebracións e a mensaxe do Nadal.
7. Coroa de Advento.
8. Elementos simbólicos: a estrela do Nadal.
9. Relatos bíblicos: A tempestade calmada.
10. Xesúsensina a confiar en Deus Pai.
11. Nosopai.
12. ARTE: unha pintura de Xesús calmando a tormenta.
13. A cruz, símbolo dos cristiáns.
14. SIMBOLOXÍA: a auga e o aceite no Bautismo.
15. As celebracións de Semana Santa.
16. Feitos dos últimos días de Xesús e Pascua (paixón,morte e resurrección de Xesús)
17. Mandamento do amor.
18. ARTE: unha pintura de Xesús entrando en Xerusalén.
19. Espírito Santo transforma as persoas para amar como Xesúsensinou.
20. Os amigos de Xesús forman a Igrexa.
21. Partes da celebración da Misa.
22. SIMBOLOXÍA: o lume, o vento e a pomba.
23. Ordenación cronolóxica de escenas da vida de Xesúsxunto a María.
24. Os cristiánsrecoñecen a María como nai de Xesús.
25. Calidades de María.
26. Os cristiáns piden a María que llesaxude, acompañe e console: A Avemaría.
27. ARTE: unha pintura de María.
28. Reino de Deus é un mundo mellor para todos.

### *Criterios de Avaliación*

1. Identificar boas maneiras de acoller un novocompañeiro/a.
2. Sinalar e valorar as accións correctas dos bos amigos.
3. Participar activamente nas conversas e actividades de grupo.
4. Explicar os relatos bíblicos de Noé e Moisés utilizando o vocabulario aprendido naunidade.
5. Amosarunhaactitude de amor e entrega aosdemais no momento de ensinar algún coñecemento adquirido.
6. Divertirse en xogos e reflexionar con sinceridade sobre a súaactitudeneles.
7. Explicar de forma ordenada e coherente o relato do nacemento de Xesús e a adoración dos Magos.
8. Describir e respectar prácticas relixiosas relacionadas co Nadal e o seu sentido utilizando o vocabulario relixioso aprendido.
9. Apreciar a mensaxe do Nadal como a presenza do amor de Deus áspersoas.
10. Saber situar algúns símbolos relixiososnasfestas do seu contorno.
11. Distinguir personaxes bíblicos significativos como a persoa de Xesús como digno de imitación.
12. Sacar conclusións das ensinanzas de Xesús.
13. Reproducir o relato da tempestade calmada e relacionalo coa ensinanza de Xesús.
14. Amosarunhaactitude caritativa cara áspersoas próximas que sofrenalgunhadoenza.
15. Describir os elementos que aparecen nunha pintura sobre Xesús e identificar o tema central da obra.
16. Sacar conclusiónsdalgunhas parábolas básicas naensinanza de Xesucristo.
17. Explicar o significado de símbolos cristiáns.
18. Amosarunhaactitudecristiábaseada no amor.
19. Reproducir o relato do Pai Bo e relacionalo coa ensinanza de Xesús.
20. Saber aplicar os mandamentos da lei de Deus á vida cotiá.
21. Amosarseaberto a recoñecer as propias equivocacións e as dos demaispedindo perdón e perdoando.

22. Comprender que Cristo morre e nos amosa o seu amor como camiño para chegar a Deus.
23. Explicar o por que da celebración da Semana Santa e a raíz celebrativa da festacristiá.
24. Recoñecer a Igrexa como a familia dos amigos de Xesús.
25. Comprender que Deus envía o Espírito Santo para lles dar fortaleza aoscristiáns.
26. Identificar a Eucaristía coa celebración cristiá por excelencia.
27. Identificar os símbolos do Espírito Santo en obras de arte.
28. Explicar quenfoi María, coñeceralgúns dos principaisfeitos da súa vida e a súaresposta de fe.
29. Relacionar as distintas advocacións marianas coa figura histórica da nai de Xesús.
30. Recoñecer a Avemaría como unha oración que os cristiánslledirixen a María.
31. Identificar accións portadoras de consolo cara ao triste e levalas a cabo.
32. Recoñecer que a Igrexatraballa para facer un mundo mellor para todos.
33. Ser capaces de actuar compartindo as boas ideas e atopar a maneira de solucionar conflitos.
34. Participar activamente nas actividades de grupo.

## *Estándares de Aprendizaxe*

1. Identifica as accións correctas dos bos amigos.
2. Explica os relatos bíblicos de Noé e Moisés utilizando o vocabulario aprendido.
3. Sabe explicar de forma ordenada e coherente o relato do nacemento de Xesús e a Adoración dos Magos.
4. Identifica personaxes bíblicos significativos como Xesús, como dignos de imitación.
5. Describe os elementos que aparecen nunha pintura sobre Xesús e identifica o tema central da obra.
6. Explica o significado de símbolos cristiáns.
7. Identifica a Eucaristía coa celebración cristiá por excelencia.
8. Recoñece a Igrexa como a familia dos amigos de Xesús.
9. Sabe explicar quenfoi María, coñece algún dos principaisfeitos da súa vida e a súaresposta de fe.
10. Sinala coas súas palabras o por que da celebración da Semana Santa e a raíz celebrativa da festacristiá.
11. É capaz de actuar compartindo as boas ideas e atopar a maneira de solucionar conflictos.

## *EnsinanzasTransversais*

**Educación do consumidor**

1. Identificar costumes e tradicións do Nadal.
2. Identificar aspectos necesarios para vivir e ser feliz.

**Educación ambiental**

1. Amosar interese por respectar e coidar a natureza creada por Deus.

**Educación para a paz**

1. Comprometerse en acoller.
2. Aprender a compartir.
3. Valorar o perdón como base para a convivencia.
4. Amosargratitude polo amor recibido.
5. Apreciar e respectar as celebracións de Semana Santa.
6. Transmitir alegría e felicidade.

**Educación moral e cívica**

1. Interesarse por coñecer os compañeiro-as.
2. Descubrir os mandamentos como normas para amar a Deus e as persoas.
3. Identificar actitudes baseadas no Amor.
4. Comprometerse en ser solidario.
5. Valorar a pertenza a un equipo e os seus logros.

**Educación para a convivencia**

1. Identificar as acciónsbaseadas no amor: axudar, ensinar, compartir, facerrir.
2. Participar nastarefas domésticas.
3. Interesarse por formular propósitos e esforzarse por cumprilos en relación ao amor aosdemais.
4. Reflexionar sobre a propia actitude de coidado dos demais.
5. Respectar o templo dos cristiáns.

## *Contidos e Criterios de Avaliación Mínimos Esixibles para Superar o Segundo Nivel*

**Contidos mínimos esixibles para Segundo Nivel**

1. Os bos amigos escóitanse e axúdanse
2. A acollida a un compañeirooucompañeira acabado de chegar
3. Noé e Moisés exemplos de confianza en Deus
4. A Biblia. Estructura da Biblia.
5. As celebracións e a mensaxe de Nadal
6. O Nosopai como oración que ensinaXesús para dirixirse a Deus
7. A Cruz, símbolo dos cristiáns
8. As celebracións de Semana Santa
9. O madamento do amor
10. Os amigos de Xesús forman a Igrexa
11. Maríacomonai de Xesús

**Criterios de avaliación mínimos esixibles para Segundo Nivel**

1. Respectar as relacións de amizade.
2. Coñeceraosmembros da familia.
3. Explicar as mostras de amor que levan a cabo na familia.
4. Explicar o relato da Anunciación.
5. Nomearalgunhafestana honra á Virxe María.
6. Explicar o relato do nacemento de Xesús e da adoración dos pastores.
7. Enumerar elementos creados por Deus.
8. Apreciar o amor de Deus ao home e á súa Creación.
9. Identificar as actitudes que seguen as ensinanzas de Xesús.
10. Descubrir que Deus é Pai, cóidanos e podemos falar con El.
11. Identificar o amor de Deus cara aos seres vivos.
12. Valorar o propio esforzo por mellorar como persoa.
13. Coñecer os feitos básicos relacionados coa Semana Santa e coa Pascua.
14. Amosarunhaactitude de amor cara aosdemais do mesmoxeito que ensinaXesús.
15. Recoñecer que a Igrexa é a familia dos fillos de Deus.
16. Identificar unhaigrexa e os elementos relixiosos do interior e do exterior.
17. Coñecer o significado do domingo.

## *Procedementos e Instrumentos de Avaliación*

**Escritos**

1. Tarefas diversas realizadas polo alumnado naactividade diaria da clase.
2. Actividades de avaliación (libro, fichas fotocopiables, probas escritas individuais...).
3. Traballos de grupo.
4. Resolución de tarefas e problemas.
5. Actividades interactivas.

**Orais**

1. Preguntas individuais e en grupo.
2. Participación do alumno/a de xeito responsable e respetuoso.
3. Intervenciónsna clase (uso dun vocabulario axeitado).

**Observación directa e sistemática**

1. Listas de control.
2. Rexistros de incidencias.

**Outros**

1. Rúbrica de avaliación
2. Persoal de avaliación.
3. Autoavaliación.

## *Criterios de Cualificación e Porcentaxes*

A cualificación estará relacionada co grao de adquisición das Competencias do alumno de Segundo Nivel de Educación Primaria, a través de todas as actividades que leve a cabo.

1. **Traballo autónomo (aula, outrosespazos)**

Porcentaxe: 30%
Criterios:

1. Realización senaxuda externa.
2. Estimación do tempo investido para resolver unhaactividade.
3. Orde e limpezana presentación.
4. Caligrafía.
5. Valoración entre o traballona clase e na casa.
6. Creatividade.

2. **Probas orais e escritas**

Porcentaxe: 20%
Criterios:

1. Valoración da aprendizaxe dos contidos.
2. Valoración dos procesos seguidos e dos resultados.
3. Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unhaactividade. Coherencia e adecuación.
4. Valoración tempo investido/tempo necesario para resolver unhaactividade.
5. Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado.
6. Caligrafía lexible.
7. Tempo de realización.
8. Destrezas.

3. **Participación e seguimento das clases (intervenciónsorais, tipo de resposta..)**

Porcentaxe: 30%
Criterios:

1. Nivel e calidade das intervencións.
2. Mensaxeestruturada.
3. Uso de vocabulario apropiado.
4. Comportamento.
5. Esforzo.
6. Interese.

4. **Traballo cooperativo. Valoración individual e grupal.**

Porcentaxe: 20%
Criterios:

1. Capacidade de traballo cooperativo.
2. Grao de comunicación coscompañeiros.
3. Resolución de conflitos.
4. Interese, motivación.
5. Creatividade.
6. Iniciativa.
7. Opinión persoal do traballo e como se levou a cabo.

# 8.1 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PORCENTAXES NO CASO DO ENSINO A DISTANCIA

1.Entrega en prazo das tarefas online propostas. (20%)

2.Realización do traballo online proposto e coidadonapresentación do mesmo. (50%)

3.Valoración da actitude e da participaciónnastarefaspropostas. (30%)

## *Metodoloxía*

Na área de Relixión Católica partimos sempre do plano da propia experiencia, de todo aquilo que lle evoque vivencias persoais, e do contorno máis próximo. Partir da propia experiencia esperta o interese por resolver problemas sobre a realidade que lle rodea e axuda a entender fenómenos que suceden aoseuarredor, tanto os que se refiren á propia identidade e a relación cosdemais, como aqueles que teñen que ver cocoñecemento e o coidado do seu contorno natural. Todo isto suscita un espazo de debate, diálogo e de reflexión que fomenta a capacidade de comunicación, o intercambio de ideas, o respecto e a comprensión das opiniónsalleas e das propias.
Unhaimaxe, unha breve lectura, un vídeo… dan pé a un debate pautado para iniciar o tema, como xadixemos, a partir das experiencias e dos coñecementos previos dos alumnos.
Nun segundo momento e de xeito progresivo vanse incorporando os contidos mediante exemplos extraídos de situaciónscotiás e contextualizadas que permitan a transferencia, a xeralización e a ampliación de aprendizaxes e que conectan coas competencias básicas identificadas.
Nunterceiro momento aplicamos as aprendizaxes en diversas actividades: de razoamento, de competencias básicas, de proxectos, de grupo, interactivas, de reforzo, ampliación… secuenciadas por niveis de dificultade, facilitando así o traballo das competencias básicas e os diferentes estilos cognitivos dos alumnos.
Todo istoestablecendo a interrelación que se dá entre a área de Relixión Católica e as demáis áreas do currículo, co fin de obter perspectivas globalizadoras e dotar de unidade interna e significado as aprendizaxes escolares.

Tamén procuramos promover o traballo cooperativo co fin de que os membros do grupo melloren a súacapacidade de comunicación e de interrelación persoal.

# 9.1 METODOLOXÍA NO CASO DE ACTIVIDADE LECTIVA NONPRESENCIAL

O ensino non presencialseráimpartidopreferentemente a través da aula virtual do centrohttps://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdearzua/aulavirtual/ á que se subiránosrecursos e as propostasnecesariasquepermitanacadaroscontidos da materia e levar a cabounhaavaliación continua da mesma. Estaspropostas, no caso da materia de Relixión, realizaríansecunhaperiodicidadesemanal, continuandoasícoacargalectivahoraria da propiamateria.

Outrasferrramentastelemáticasásque se recorrerá, deserpreciso, para manter a actividadelectivaserán: a web do centrohttp://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdearzua/ , o servizo de videoconferenciawebex, o correoelectrónicorelixion@arzua.net, e, de sernecesarioousolicitadoporalgunhafamilia, o sistema de mensaxeríawhatsapp.

Polo que se refireaestepuntotamén é importantereflectir a necesidade de intensificar a coordinación entre o profesoradoimplicadonadocenciadestenivel a través da titoría do mesmo.

### *Materiais e Recursos Didácticos*

Relación dos diversos materiais e recursos didácticos para abordar a área de Relixión Católica de Segundo nivel.

1. Libro de texto: Relixión Católica 2, proxectoaprender é crecer, ed. Anaya.
2. Recursos dixitais do proxecto :librodixital, cancións, contos, enlaces, actividades interactivas, presentacións…
3. Láminas, xogos, contos, cancións…
4. Material fotocopiable.
5. Recursos educativos para a área de Relixión procedentes de internet: actividades interactivas, xogos, videos… relacionados coscontidos a traballar.
6. Materiais multimedia para a área de Relixión recopilados polo docente en Internet.
7. Ordenador.
8. Pantalla dixital.

### *Atención áDiversidade*

Relación de diversas propostas para traballar a atención a diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, así como de intereses e capacidades dos alumnos:

1. Reforzo: fichas fotocopiables con actividades para traballar a aprendizaxe dos contidos mínimos do nivel e facilitarlleao alumno-a que requira a adquisición das competencias básicas.
2. Ampliación: fichas fotocopiables con actividades de maiordificultadepolasúa resolución, polo tratamentodoutroscontidos relacionados cos do nivel, etc.
3. Traballos de investigación.
4. Lecturas e consultas de forma libre.
5. Aproveitamento de recursos educativos en internet para dar resposta a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias, etc.

### *Estratexias para Incorporar as TICS na Aula*

1. Presentación dos contidos a partir do libro dixitaloudoutrosmateriaisproxectables.
2. Aproveitamento de recursos educativos en internet: imaxes, información, curiosidades…
3. Enlaces de internet de consulta ou con propostas de actividades complementarias…

4. Proxección de fragmentos de películas e videos relacionados coscontidoscos que se está a traballar.

***Estratexias para Estimular o Interese e o Hábito da Lectura e Desenvolver a Expresión Oral e Escrita***

1. Ler comprensivamente os textos: poemas, relatos bíblicos, oracións, cancións, contos, lendas…
2. Lertamén textos en soporte dixital: contos, comics, información….
3. Realizar dramatizacións a partir dun texto traballado.
4. Elaborar un esquema, resumo o idea sobre un texto lido.
5. Expresar oralmente ou por escrito o comprendido a partir dun texto.
6. Expresar as súas propias experiencias e sentimentos.
7. Diálogos, debates, argumentacións.

# CURSO 2020-2021

***PROGRAMACIÓN LINGUAESTRANXEIRA***

## 2º EDUCACIÓNPRIMARIA

## CEIP de Arzúa

**1. INTRODUCIÓN**

A COVID-19 fixo replantexar todos os nosos principios didácticos e metodolóxicos. A inviabilidade da educación tal e como a entendiamos até o de agora déixanos ás expensas dun panorama metodolóxico, sociolóxico e psicolóxico aínda pouco coñecido tanto para o alumnado, o profesorado, as familias e a administración. Todos temos aínda moito que aprender.

Quero partir desta programación con esperanza e actitude construtiva, coa ilusión que caracteriza ao meu gremio mesmo nas circunstancias máis adversas; máis, mesmo así, tamén quero reflexionar, co espírito crítico-construtivo que tamén caracteriza aos docentes.

Quero reflexionar sobre as tarefas, obxectivos e expectativas que se nos prantexan e se nos demandan a mestras/es, pais e nais e tamén nenas e nenos e os poucos ou escasos recursos que se implementan neste novo contexto, máis que nada recursos humanos.

Quero recuncar sobre o nivel de requisitos legal-sanitarios, metodolóxicos, didácticos e avaliativos e a súa viabilidade. Quero recuncar sobre a grande fenda entre o escrito negro-sobre-branco dende a consellaría e o día a día na Escola. Quero recuncar sobre o noso traballo e o das nosas alumnas e alumnos...sobre o traballo que por extensión delegamos nos ombreiros e/ou petos de nais, pais, avós e mesmo quero recuncar sobre o traballo que delegamos sobre a suposta autonomía de nenas e nenos de Educación Infantil e Primaria.

Quero manifestar a falta de realismo e sensibilidade entre o que é e se nos exixe como Comunidade Educativa (escolas e familias) e a realidade que entende e vive a administración encanto a realidade do día a día das aulas e o día a día das familias.

A Comunidade Educativa, docentes, nais e pais, estamos desexando comezar o curso con ou sen confinamento, somos conscientes das necesidades sociais e psicolóxicas das crianzas e da función fundamental da escola na conciliación laboral das familias. Non queremos ficar na casa, queremos traballar preto dos nosos nenos e nenas, pero baixo estas condicións é preciso que a administración dote ás escolas e institutos do mínimo en recursos humanos para conquerir os obxectivos que ela mesma prantexa e deita sobre docentes e familias.

Por iso, neste ano de incertidume, a introdución desta programación pon por diante a importancia de

deixar abeirado competencias, contidos e habilidades desta área, perante a sensibilización, o traballo da seguridade emocional e sanitaria e o desfrute da materia de lingua estranxeira partindo destes principios.

## 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Partindo das condicións expostas na introdución, procuraremos desenvolver:

- **Competencia en comunicación lingüística:**

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dunha maneira directa, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conducta.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos productos e procesos tecnolóxicos, así como a comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas competencias básicas o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos basados en probas.

- **Competencia dixital**

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

- **Competencia para aprender a aprender**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rentabilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e as estratexias que os fan máis eficaces.
Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

- **Competencias sociais e cívicas**

As linguas serven aos falantes para comunicarse socialmente, pero tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de rasgos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes da mesma.
Este feito favorece a comprensión da realidade social en que se vive, o respeto, o recoñecemento e a aceptación de diferencias culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os rasgos de identidade como as diferenzas.

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida en que a autonomía e iniciativa persoal involucran a menudo a outras persoas, esta competencia obliga a dispor de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber adecuadamente aos demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espíritu emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, por tanto, poder reelaborar os plantexamentos previos ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

- **Conciencia e expresións culturais**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, por tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.

Esta competencia incorpora asimesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

Os **estándares** nos que se desglosan as Competencias clave para este nivel na área de Primeira Lingua Estranxeira Inglés son os seguintes:

COMPETENCIAS CLAVE

PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.

PLEB1.3. Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.

PLEB1.4. Segue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down…).

PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.ex. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.

PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.

Competencia CD

CD1.Utiliza o soporte dixital para a aprendizaxe da lingua estranxeira.

COMPETENCIA CEC

PLEB5.15. Amosa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula.

COMPETENCIA SIEE

PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.

COMPETENCIA CSC

PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas…) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara aos demais.

COMPETENCIA AA

PLEB5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades.

## 3. Obxectivos para o curso:

Todos estes obxectivos teñen que ser ollados dende a perspectiva da situación de pandemia nos seus diferentes graos de confinamento. Neste curso, por causas das normas do protocolo para evitar novos gromos da COVID na escola, vai ser moi difícil abordar a totalidade dos contidos e mesmo competencias para afrontar esta nova situación. Por outra banda obxectivos nos que se fala de traballo individual ou en equipo, iniciativa, autonomía, aprendizaxe do uso das tecnoloxías, etc toman un novo significado e relevancia perante a situación de illamento das aulas e grupos na escola e no posíbel caso de confinamento. Unha vez dito isto, os obxectivos básicos son:

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo (dentro do posíbel dentro da situación sobre vida pola COVID-19), de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflictos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos saciáis con que se relacionan.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolvemento en situacións cotiás.

i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.

## 4. Estándar de aprendizaxe avaliable

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CC.CC. | TRIMESTRE | PESO | GRAO MÍNIMO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS | | | | | | | |
| b<br>f | B1.1. Estratexias de comprensión:<br>Iniciación, a través do xogo e da expresión corporal e musical, á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación moi sinxelas conectadas cos intereses do alumnado.<br>Captación da idea global e identificación dalgúns elementos específicos en textos orais, con axuda de | B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.<br>B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos…), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula. | PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. | CCL | 1º<br>2º<br>3º | 5% | 2,5% |
| | | | PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual. | CCL | 1º<br>2º | 3% | 1,5% |
| | | | PLEB1.3. Comprende preguntas básicas(nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais. | CCL<br>CAA | 1º | 3% | 1,5% |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CC.CC. | TRIMESTRE | PESO | GRAO MÍNIMO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.<br>Identificación do tema de textos sinxelos, adaptados á idade e próximos á súa experiencia (contos, rimas, cancións…).<br>Asociación de palabras e expresións sinxelas con elementos para<br>verbais.<br>Asociación de palabras e frases sinxelas con elementos xestuais e visuais ou co apoio de ilustracións en soporte papel e dixital.<br>Seguimento verbal e non verbal de instrucións moi sinxelas.<br>Repetición, memorización e observación de modelos, para a adquisición de léxico e expresións moi básicas da lingua estranxeira.<br>B1.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación sinxelos: iniciación a algúns aspectos fonéticos, do ritmo, e ton da lingua estranxeira | B1.3. Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais evidentes e en situacións de comunicación familiares.<br>B1.4. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos. | PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down…). | CCL | 1º | 3% | 1,5% |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CC.CC. | TRIMESTRE | PESO | GRAO MÍNIMO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | BLOQUE 2. PRODUCIÓN DE TEXTOS ORAIS | | | | | |
| b<br>c<br>i | B2.1. Estratexias de produción:<br>Planificación:<br>Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.<br>Execución:<br>Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.<br>Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais.<br>Usar linguaxe non verbal que corresponda á situación comunicativa (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).<br>Sinalar obxectos ou realizar accións que aclaren o significado.<br>Participar en representacións, | B2.1. Falar de si mesmo/a e das persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or).<br>B2.2. Participar activamente en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.<br>B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario. | PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles. | CCL | 2º | 5% | 2,5% |
| | | | PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos). | CCL | 2º | 3% | 1,5% |
| | | | PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta. | CSC | 1º<br>2º<br>3º | 3% | 1,5% |
| | | | PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. | CCL<br>CSC | 2º | 3% | 1,5% |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CC.CC. | TRIMESTRE | PESO | GRAO MÍNIMO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | memorizar e recitar poemas, cantar cancións, contar contos etc., empregando respostas verbais e non verbais (movemento, accións, debuxos, modelado ou mímica).<br>Reproducir textos orais coñecidos, repetir e reproducir de acordo con modelos orais.<br>Imitar situacións de comunicación breves a través de dramatizacións, de xogos, de rutinas etc.<br>Participar con actitude de colaboración en xogos, dramatizacións… que precisen de sinxelas intervencións orais.<br>Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación, seguindo modelos.<br>Participar oralmente en situacións reais ou simuladas a través de | | PLEB2.5. Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira. | CSC | 1º<br>2º<br>3º | 3% | 1,5% |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CC.CC. | TRIMESTRE | PESO | GRAO MÍNIMO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS | | | | | | | |
| b<br>f | B3.1. Estratexias de comprensión:<br>Activación progresiva dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema de textos próximos a súa idade.<br>Identificación, moi guiada, da idea global de textos sinxelos e do seu interese (contos, cancións, rimas…) co apoio das ilustracións correspondentes.<br>Identificación de palabras clave do texto, relacionadas | B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.<br>B3.2. Utilizar e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a e as ideas principais do texto.<br>B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas | PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. | CCL | 1º | 5% | 2,5% |
| | | | PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais. | CCL | 1º | 3% | 1,5% |
| | | | PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do titulo do mesmo e das imaxes que o ilustran. | CCL<br>CAA | 1º<br>2º | 3% | 1,5% |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CC.CC. | TRIMESTRE | PESO | GRAO MÍNIMO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | cos e coas personaxes e o contexto co apoio de ilustracións.<br>B3.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.<br>Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidades do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.<br>B3.3. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:<br>Identificación y uso de léxico e de estruturas elementais propias da lingua estranxeira, previamente empregadas.<br>Asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas. | relacionados coas convencións ortográficas básicas que expresan pausas, exclamacións e interrogacións.<br>B3.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando unha entoación e pronuncia adecuadas | PLEB3.4. Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles. | CCL<br>CAA | 2º<br>3º | 2% | 1% |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CC.CC. | TRIMESTRE | PESO | GRAO MÍNIMO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | BLOQUE 4. PRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS | | | | | |
| b<br>f<br>i | B4.1. Estratexias de produción:<br>Planificación:<br>Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, diálogo teatral… próximos a súa idade.<br>Execución:<br>Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.<br>Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e material dixital adaptado á súa idade.<br>Seleccionar e empregar progresivamente o léxico adecuado ao tema. | B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.<br>B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.<br>B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha | PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. | CCL | 2º | 3% | 1,5% |
| | | | PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela. | CCL | 2º | 2% | 1% |
| | | | PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura. | CCL<br>CAA | 2º | 3% | 1,5% |
| | | | PLEB4.4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...). | CCL<br>CAA | 1º | 3% | 1,5% |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CC.CC. | TRIMESTRE | PESO | GRAO MÍNIMO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Iniciarse no uso dalgún recurso cohesivo para non repetir palabras.<br>Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais sinxelas e de lectura.<br>Iniciarse no emprego de materiais dixitais próximos a súa idade para reproducir mensaxes escritos sinxelos.<br>B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:<br>Uso dos signos de puntuación máis básicos.<br>Asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas. | ortografía totalmente normalizada. | PLEB4.5. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso. | CCL | 2º | 3% | 1,5% |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CC.CC. | TRIMESTRE | PESO | GRAO MÍNIMO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL | | | | | |
| b<br>f | B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.<br>Recoñecemento e uso das fórmulas básicas da relación social e cortesía.<br>Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidades do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.<br>Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>B5.2. Funcións comunicativas: | B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos concretos e significativos e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.<br>B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.<br>B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.<br>B5.4. Obter e dar información básica persoal, á súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.<br>B5.5. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.<br>B5.6. Comprender e expresar a posesión. | PLEB5.5.Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado. | CCL | 1º<br>2º<br>3º | 3% | 1,5% |
| | | | PLEB5.6. Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas. | CSC | 1º | 5% | 2,5% |
| | | | PLEB5.7. Expresa e identifica a posesión referida a si mesmo/a e a unha terceira persoa. | CCL | 2º | 3% | 1,5% |
| | | | PLEB5.8. Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta. | CCL | 2º | 3% | 1,5% |
| | | | PLEB5.9. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos. | CCL<br>CSC | 3º | 3% | 1,5% |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CC.CC. | TRIMESTRE | PESO | GRAO MÍNIMO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Establecemento relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.<br>Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais (nome, apelido, idade, gustos).<br>Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os animais máis próximos a súa contorna, bebida…<br>Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico etc.<br>Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre a localización de obxectos etc.<br>Identificación e seguimento de instrucións. | B5.7. Expresar e identificar os seus gustos.<br>B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.<br>B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.<br>B5.10. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como "e, ou", adecuándoas aos propósitos comunicativos.<br>B5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.<br>B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos. | PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples. | CCL<br>CSC | 2º | 3% | 1,5% |
| | | | PLEB5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades. | CCL | 2º | 3% | 1,5% |
| | | | PLEB5.12. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados,dramatizacións etc. | CSC | 1º<br>2º<br>3º | 3% | 1,5% |
| | | | PLEB5.13. Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored…). | CCL | 1º | 3% | 1,5% |
| | | | PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral. | CCL<br>CAA | 1º<br>2º<br>3º | 3% | 1,5% |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CC.CC. | TRIMESTRE | PESO | GRAO MÍNIMO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa. | B5.13. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas | PLEB5.15. Amosa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula. | CCL<br>CSC | 1º<br>2º<br>3º | 3% | 1,5% |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CC.CC. | TRIMESTRE | PESO | GRAO MÍNIMO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Expresión do que lle gusta e non lle gusta.<br>Identificación dos materias que compoñen os obxectos.<br>Identificación das partes do corpo e da cara.<br>Identificación dos membros da familia próximos.<br>Identificación dos elementos máis próximos á súa contorna.<br>Expresión de habilidade e capacidade para realizar unha acción en negativa e afirmativa.<br>Realización de preguntas e respostas en relación ao permiso e axuda.<br>Formulación de preguntas e respostas sobre o estado de ánimo.<br>Formulación de preguntas e respostas en relación á cantidade.<br>B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas:<br>Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como | habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.<br>B5.14. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.<br>B5.15. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada. | PLEB5.16. Compara aspectos moi básicos e elementais (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. | CCL | 3º | 3% | 1,5% |

# 4. Contidos.

Os contidos que conforman esta materia e este curso agrupáronse en: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua estranxeira e conciencia cultural. Estes cinco bloques, relacionados cos dous centros de atención específicos: a linguaxe oral e a linguaxe escrita, recollen os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións, e a dimensión social e cultural da lingua estranxeira.

- **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

B1.1. Estratexias de comprensión:

- Iniciación, a través do xogo e da expresión corporal e musical, á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación moi sinxelas conectadas cos intereses do alumnado.

- Captación da idea global e identificación dalgúns elementos específicos en textos orais, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.

- Identificación do tema de textos sinxelos, adaptados á idade e próximos á súa experiencia (contos, rimas, cancións…).

- Asociación de palabras e expresións sinxelas con elementos paraverbais.

- Asociación de palabras e frases sinxelas con elementos xestuais e visuais ou co apoio de ilustracións en soporte papel e dixital.

- Seguimento verbal e non verbal de instrucións moi sinxelas.

- Repetición, memorización e observación de modelos, para a adquisición de léxico e expresións moi básicas da lingua estranxeira.

B1.2.Patróns sonoros, rítmicos e de entoación sinxelos: iniciación a algúns aspectos fonéticos, do ritmo, e ton da lingua estranxeira e uso para a comprensión oral.

- **Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción**

B2.1. Estratexias de produción:

*Planificación:*

- Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.

*Execución:*

- Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.

- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais.

- Usar linguaxe non verbal que corresponda á situación comunicativa (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).

- Sinalar obxectos ou realizar accións que aclaren o significado.
- Participar en representacións, memorizar e recitar poemas, cantar cancións, contar contos etc., empregando respostas verbais e non verbais (movemento, accións, debuxos, modelado ou mímica).
- Reproducir textos orais coñecidos, repetir e reproducir de acordo con modelos orais.
- Imitar situacións de comunicación breves a través de dramatizacións, de xogos, de rutinas etc.
- Participar con actitude de colaboración en xogos, dramatizacións… que precisen de sinxelas intervencións orais.

- Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación, seguindo modelos.
- Participar oralmente en situacións reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais facilitadas por rutinas de comunicación.
- Producir textos orais moi sinxelos e coñecidos previamente mediante a participación activa en rutinas, representacións, cancións, recitados, dramatizacións etc.

B2.2.Patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos: iniciación a algúns aspectos básicos da fonética, do ritmo, acentuación e ton da lingua estranxeira e uso para a comprensión oral.

- **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

B3.1. Estratexias de comprensión:

- Activación progresiva dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema de textos próximos a súa idade.
- Identificación, moi guiada, da idea global de textos sinxelos e do seu interese (contos, cancións, rimas…) co apoio das ilustracións correspondentes.
- Identificación de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e o contexto co apoio de ilustracións.

B3.2.Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

- Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.
- Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidades do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.

B3.3.Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:

- Identificación e uso de léxico e de estruturas elementais propias da lingua estranxeira, previamente empregadas.
- Asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.

- **Bloque 4. Produción de textos escritos**

B4.1. Estratexias de produción:

*Planificación:*

- Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, diálogo teatral… próximos á súa idade.

*Execución:*

- Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.
- Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e material dixital adaptado á súa idade.
- Seleccionar e empregar progresivamente o léxico adecuado ao tema.
- Iniciarse no uso dalgún recurso cohesivo para non repetir palabras.

- Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais sinxelas e de lectura.
- Iniciarse no emprego de materiais dixitais próximos a súa idade para reproducir mensaxes escritos sinxelos.

B4.2.Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:

- Uso dos signos de puntuación máis básicos.
- Asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.

- **Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural**

B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

- Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.
- Recoñecemento e uso das fórmulas básicas da relación social e cortesía.
- Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidades do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.

B5.2. Funcións comunicativas:

- Establecemento relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais (nome, apelido, idade, gustos).
- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os animais máis próximos a súa contorna, bebida... Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico etc.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre a localización de obxectos etc.
- Identificación e seguimento de instrucións.
- Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa.
- Expresión do que lle gusta e non lle gusta.
- Identificación dos materiais que compoñen os obxectos.
- Identificación das partes do corpo e da cara.
- Identificación dos membros da familia próximos.
- Identificación dos elementos máis próximos á súa contorna.
- Expresión de habilidade e capacidade para realizar unha acción en negativa e afirmativa.
- Realización de preguntas e respostas en relación ao permiso e axuda.
- Formulación de preguntas e respostas sobre o estado de ánimo.

- Formulación de preguntas e respostas en relación á cantidade.

B5.3. Estruturas sintáctico- discursivas:

- Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, cor favorita e estado (*What's your name?, My name is, How old are you?, I'm, What's your favourite colour?, My favourite colour is/It´s, I´m (hungry*)).
- Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses e o tempo atmosférico (*What day is it today?, It´s, What´s the weather like today?, It´s, What month are you in?, I´m in*).
- Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (*Where´s is it?, It´s in/on/under/next to*).
- Identificación e seguimento de instrucións (*Touch your (legs)…*).
- Expresión de posesión en primeira e terceira persoa (*I´ve got, He/She´s got*) e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa (*Have you got?, Yes, I have/No, I haven´t, Has he/she got?, Yes, he/she has, No, he/she hasn´t*).
- Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (*I like (salad), I don´t like (chips)*).
- Expresión de cantidade: contar desde 21 a 50.
- Expresión das cores, das partes do corpo e cara, de elementos próximos (*What´s this?, It´s…*), membros da familia (*Who´s this ?, This is my (brother*), alimentos (*What´s this?, This is*).
- Identificación das pezas de roupa (*I´m wearing*).
- Expresión de habilidade en afirmativa e negativa (*I can, I can´t*).
- Preguntas e respostas sobre permiso e axuda (*Can I…?*).
- Preguntas e respostas sobre o estado de ánimo (*Are you (hungry? Yes, I am/No I´m not*).
- Expresión da cantidade de obxectos ou persoas (*How many… are there?*)

B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a cores, números ata o 50, materiais escolares, formas xeométricas básicas, membros da familia, comidas e bebidas máis cotiás, xoguetes, estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, meses, accións, materiais, animais domésticos (de compañía e de granxa), partes do corpo e da cara, e partes da casa.

## 5. Concrecións metodolóxicas que require a materia.

A situación provocada pola COVID e o protocolo dificulta en grande medida os principios metodolóxicos básicos na ensinanza dunha lingua estranxeira. Na medida do posíbel procurarase ter como base metodolóxica os seguintes principios, se ben, moitos deles serán adaptados ás circunstancias da aula non podendo ser desenvoltos na súa totalidade polas limitacións de espazo e distanciamento así como pola falta de tempo de "aula real" dado o número de alumnado na aula, as medidas de desinfección e limpeza que cúmpre tomar e a limitación nas posíbeis interaccións do grupo.

As bases metodolóxicas a tentar seguir con **aulas presencias** son as seguintes:

**O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos**; centrándonos no que lle resulta familiar e cercano ao alumnado pero cunha vertente de imaxinación. Desta forma, foméntase un uso contextualizado da lingua, traballando situacións comunicativas que permitan empregala dunha maneira real e motivadora. Os alumnos/as poden transferir conceptos e estratexias adquiridas para construir así significados e atribuir sentido ao que aprende. Así favorécese o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

**A aprendizaxe competencial** pretende que cada alumno, está preparado para  poda afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito, é dicir, non so adquirir uns coñecementos, tamén ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida, contextualizalos.

**As situacións comunicativas que inclúen o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe, sobre todo nas primeiros anos.** A realización de tarefas conxuntas, axudan, por unha parte, a asentar as bases para a adquisición dunha lingua estranxeira, e tamén á súa socialización
**As distintas formas e ritmos de aprendizaxe do alumnado.** Ter sempre un apoio para aqueles nenos/as que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos programados, así como os casos en que algúns destaquen na consecución de obxectivos. Traballar actividades de ampliación, para os máis avanzados, e de reforzo, para os que podan precisalas.

**A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se se basa na actividade.**
O alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que amosa o alumno/a debendo: iniciar o *input* da lingua, axudar ao individuo na interación cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar *feedback*, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

**Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe.**

**A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe para asegurar a calidade do mesmo.**

**A aprendizaxe globalizada xenera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos**. É importante que as actividades que leven a cabo na área de lingua estranxeira estén interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento de si mesmo e cunha exploración do mundo que lles rodea.

A medida que o alumno avance en idade, evolucionarase desde un procesamento da lingua de carácter esencialmente semántico a un procesamento sintáctico máis avanzado. Polo tanto,o ensino das linguas estranxeiras na educación primaria enmarcarase en enfoques comunicativos e cun tratamento globalizado das actividades ou destrezas lingüísticas, facendo fincapé durante toda a etapa na comunicación oral e na consciencia intercultural.

**Unha aprendizaxe permanente.** Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia.Todo o que o alumno aprende nas diferentes materias constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirlle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizalo en momentos precisos e en situacións distintas.

Por iso, as Competencias clave poden alcanzarse se non en todas, sí na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar ditas competencias, independentemente de en cales as puido adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outros, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente.

**Coordinación entre o profesorado das linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais.** Desta forma, evítase a repetición de contidos propios de aprendizaxes de calquera lingua, tales como as estratexias de lectura, o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos, e para unificar a terminoloxía.

O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna/s e as ambiental/is polo que é esencial un tratamento integrado de todas elas.

A metodoloxía a seguir **en caso de confinamento total ou parcial**:

1. Procurar informar ás familias dos recursos varios que dispoñen na rede, principalmente recompilados no meu blog e publicitado na web do centro.
2. Tendo en conta que nesta idades pais e nais van ser os profes: asesorar ás familias medolóxicamente, dun xeito básico, para desenvolver unhas competencias mínimas á hora de traballar a aprendizaxe de linguas estranxeiras.
3. Estruturar as tarefas cunha cadencia semanal ou se fora preciso quincenal.
4. Proporcionar toda a miña disposición para resolver calquera dúbida ou sexestión via blog, email, abalarmóbil ou mesmo teléfono.

A metodoloxía procurará ser:

1. Inclusiva coa maior parte do alumnado dadas estas circunstancias.
2. Xenerosa na súa demanda de cumprimento ou non cumprimento.
3. Aberta e plural, no sentido de procurar que en base ás competencias e contidos de reforzo, revisión e no seu caso extensión, as familias traballasen partindo das miñas propostas ou a posíbeis recursos ou estratexias que no contexto da casa mellor se adaptaran á realidade familiar.
4. Variada no aspecto de cubrir diferentes intereses e circunstancias respecto a s tuación de cada familia.
5. Variada tamén no seu prantexamento indo máis aló do binomio papel-lapis cando foi posíbel.

A metodoloxía para o alumnado sen conectividade ou circunstancias familiares adversas, basexouse na consecución de fichas relativas ao reforzo e revisión do aprendido.

## 6. Materiais e recursos

No caso de impartir aulas no centro partiremos fundamentalmente do uso do Activity Book (Rooftops 2 de OXFORD) partindo do Classbook dixitalizado na pantalla dixital para que o alumnado se familiarice co formato dixital. Tamén empregaremos otros recursos en liña gardados no meu blog que tamén lle axudará a familiarizarse con eles para o seu uso en caso de confinamento. Realizan tamén, puntualmente e se é posíbel fichas de traballo para reforzar a aprendizaxe sobre a gramática traballada, o léxico, …

No caso de confinamento total ou parcial os materias e recursos atópanse no blog 5fivecorners.blogspot.com e se publicitaron na web do centro e/o una aula virtual.

## 7. Criterios sobre a avaliacion, a cualificacion e a promocion do alumnado.

Os materias e recursos devídense en dous grupos:

1. En liña: xogos, vídeos, titoriais, fichas interactivas, etc.
2. En liña para imprimir: Fichas de reforzo e revisión e mesmo de ampliación para aquelas familias que o demandasen.

### 7.1 Criterios sobre a avaliacion, a cualificacion e a promocion do alumnado sen confinamento total ou parcial.

Cúmpre manifestar que, dadas as medidas estabelecidas no protocolo para evitar gromos da COVID-19, os contidos, competencias e habilidades prantexadas para avaliar nesta programación serán unha

declaración de boas intencións por causa da **redución de tempos efectivos na aula e as condicións de distanciamento o uso da mascara**. Por outra banda **a metodoloxía nesta situación mudará fortemente dificultará as interaccións e actividades** grupais.

O currículo tamén establece uns **criterios de avaliación** e uns **estándares** de aprendizaxe avaliables por materia e curso que nos permiten avaliar a consecución dos obxectivos do curso. Con respecto á avaliación por competencias, dado que estes son moi xenéricos, debemos concentrarnos moito máis, as compartir para facer con que nos sirvan como referencia para a acción educativa e para demostrar a competencia do alumno, e é o que chamamos de **indicadores**.
En condicións de **non confinamento os criterios** serían os seguintes:

## RÚBRICA DE COMPETENCIAS

| INDICADORES - COMPETENCIAS | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | | | | NIVEIS DE CALIFICACIÓN | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | I N | SU | BI | NT | S B |
| | Observación | Proba escrita | Proba oral | Caderno de clase | Non conseguido | Conseguido con nivel baixo | Conseguido con nivel medio | Conseguido con nivel alto | Conseguido totalmente |
| **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA** | | | | | | | | | |
| ESCOITAR | | | | | | | | | |
| Identifica palabras, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese. | x | x | x | x | | | | | |
| Identifica frases sinxelas, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese | x | | x | | | | | | |
| Capta a idea global en textos orais e identifica algúns detalles específicos coa axuda dos elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto. | | x | x | | | | | | |
| Recoñece aspectos sonoros, de ritmo, acentuación e entoación de expresións que aparecen nos contextos comunicativos habituais. | x | | x | | | | | | |
| FALAR | | | | | | | | | |
| Canta unha canción empregando de maneira axeitada os elementos lingüísticos e paralingüísticos apropiados. | x | | | | | | | | |
| Recita tonadillas, trabalinguas, pequenos poemas, etc. coa entoación e pronuncia axeitadas. | x | | | | | | | | |
| Participa en representacións sinxelas. | x | | | | | | | | |

| INDICADORES - COMPETENCIAS | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | | | | NIVEIS DE CALIFICACIÓN | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | I N | SU | BI | NT | S B |
| | Observación | Proba escrita | Proba oral | Caderno de clase | Non conseguido | Conseguido con nivel baixo | Conseguido con nivel medio | Conseguido con nivel alto | Conseguido totalmente |
| CONVERSAR | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicaciónpredicibles. | x | | x | | | | | | |
| LER | | | | | | | | | |
| Le palabras presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares e de interese. | x | x | | | | | | | |
| Le frases sinxelas presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares deinterese. | x | | x | | | | | | |
| ESCRIBIR | | | | | | | | | |
| Escribe palabras a partir de modelos e cunha finalidade específica. | x | x | | x | | | | | |
| Escribe frases a partir de modelos e cunha finalidade específica. | x | x | | x | | | | | |
| **COMPETENCIA MATEMÁTICA, CIENTÍFICA E TECNOLÓGICA** | | | | | | | | | |
| Conta números ata o 10. | | x | x | | | | | | |
| Resolve problemas sinxelos. | | x | | x | | | | | |
| Relaciona os elementos e recursos fundamentais coa vida das persoas. | x | | x | | | | | | |
| Aplica nocións e conceptos científicos moi básicos para entender o mundo que os rodea. | x | | | | | | | | |
| Identifica algunhas especies de seres vivos. | x | | | x | | | | | |

| INDICADORES - COMPETENCIAS | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | | | | NIVEIS DE CALIFICACIÓN | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Observación | Proba escrita | Proba oral | Caderno de clase | I N<br>Non conseguido | SU<br>Conseguido con nivel baixo | BI<br>Conseguido con nivel medio | NT<br>Conseguido con nivel alto | S B<br>Conseguido totalmente |
| Identifica algunhas características das diferentes etapas da vida das persoas. | | x | | x | | | | | |
| **COMPETENCIA DIXITAL** | | | | | | | | | |
| Utiliza o soporte dixital para a aprendizaje da lingua estranxeira. | x | | | | | | | | |
| **APRENDER A APRENDER** | | | | | | | | | |
| Usa estratexias básicas para aprender a aprender, como utilizar dicionarios visuais. | **x** | | | **x** | | | | | |
| Usa estratexias básicas de comprensión como captar a idea global en textos orais coa axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto. | **x** | | **x** | | | | | | |
| Usa estratexias básicas de interacción, como pedir axuda, acompañar a comunicación con xestos, etc. | **x** | | **x** | | | | | | |
| **COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS** | | | | | | | | | |
| Participa e goza dos xogos e escenificacións axustando a súa actuación á relación cos compañeiros e compañeiras. | **x** | | | | | | | | |
| Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación coas outras persoas. | **x** | | | | | | | | |
| **SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR** | | | | | | | | | |
| Mostra interese e curiosidade por aprender a lingua estranxeira. | **x** | | | | | | | | |
| Identifica aspectos persoais que lle axudan a aprender mellor.. | **x** | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | | | | |
| **CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS** | | | | | | | | | | | |
| Recoñece algunhas manifestacións culturais presentes no mundo anglosaxón. | **x** | **x** | **x** | **x** | | | | | | | |
| Realiza composicións plásticas sinxelas | **x** | | | **x** | | | | | | | |
| Reproduce esquemas rítmicos e melódicos coa voz. | **x** | | **x** | | | | | | | | |
| Participa e goza dos xogos e escenificacións. | **x** | | | | | | | | | | |

# RÚBRICA DE AVALIACIÓN DE CONTIDOS

| Estándares de aprendizaxe e actividades específicas na unidade | Niveis de adquisición | | | | Instrumentos de avaliación | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | En vías de adquisición | Adquirido | Avanzado | Excelente | Observación | Proba escrita | Proba oral | Outros |
| **BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS** | | | | | | | | |
| PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronunciación ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. | | | | | | | | |
| PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual. | | | | | | | | |
| PLEB1.3. Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais. | | | | | | | | |
| PLEB1.4. Segue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (*Open/close the book, sit down*…). | | | | | | | | |
| **BLOQUE 2. PRODUCIÓN DE TEXTOS ORAIS: PRODUCIÓN E INTERACCIÓN** | | | | | | | | |
| PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles. | | | | | | | | |
| PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos). | | | | | | | | |
| PLEB2.3. Mostra unha actitude de escoita atenta. | | | | | | | | |
| PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p. ex., cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. | | | | | | | | |
| PLEB2.5. Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira. | | | | | | | | |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS** | | | | | | | | |
| PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. | | | | | | | | |
| PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica as personaxes principais. | | | | | | | | |
| PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran. | | | | | | | | |
| PLEB3.4. Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles. | | | | | | | | |
| **BLOQUE 4. PRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS** | | | | | | | | |
| PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. | | | | | | | | |
| PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela. | | | | | | | | |
| PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura. | | | | | | | | |
| PLEB4.4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...). | | | | | | | | |
| PLEB4.5. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e dos outros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso. | | | | | | | | |
| **BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONCIENCIA INTERCULTURAL** | | | | | | | | |
| PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas...) e os compara cos propios, mostrando unha actitude de apertura cara ó diferente. | | | | | | | | |
| PLEB5.2. Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social. | | | | | | | | |
| PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais. | | | | | | | | |
| PLEB5.4. Diferencia saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (*Please, thank you, excuse me, …*). | | | | | | | | |

| BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PLEB5.5. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado | | | | | | | | |
| PLEB5.6. Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas | | | | | | | | |
| PLEB5.7. Expresa e identifica a posesión referida a si mesmo/a e a unha terceira persoa. | | | | | | | | |
| PLEB5.8. Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta. | | | | | | | | |
| PLEB5.9. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos. | | | | | | | | |
| PLEB5.10. Diferencia preguntas e respostas moi simples. | | | | | | | | |
| PLEB5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades. | | | | | | | | |
| PLEB5.12. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, dramatizacións, etc. | | | | | | | | |
| PLEB5.13. Expresa estados de ánimo elementais (*happy/sad, bored*…). | | | | | | | | |
| PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral. | | | | | | | | |
| PLEB5.15. Amosa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula. | | | | | | | | |
| PLEB5.16. Compara aspectos moi básicos e elementais (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. | | | | | | | | |

Criterios de cualificación:

3. Probas obxectivas de avaliación de contidos:30%
4. Probas de avaliación de competencias:30%
5. Actividades orais e escritas:20%
6. Actitude:20%

*Criterios de promoción:*

5. Oalumnoouaalumnaaccederáaocursoouáetapaseguintesempreqeseconsiderequelogrouosobxectivosquecorrespondanaocursorealizadoou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materiaeducativa.

A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

6. Oequipodocenteadoptaráasdecisiónscorrespondentessobreapromocióndoalumnadotomandoespecialmenteenconsideración ainformacióneo criterio do profesoradotitor.

Atenderase especialmente aos resultados das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e final de educación primaria.

**7.2 Criterios sobre a avaliacion, a cualificacion e a promocion do alumnado (con confinamento total ou parcial).**

En caso de confinamento total ou parcial, hai que ter en conta que os criterios de cualificación expostos arriba veranse afectados por factores socio-económicos, emocionais ou circunstanciais que poden afectar ao rendemento do noso alumnado e que é preciso ter en conta no momento de avaliar. Nestes casos é importante avaliar dende unha perspectiva conxunta e coordinada coa titora/or e o resto do equipo.

O seguemento e avaliación do alumnado na área de linguas estranxeiras, especialmente nos cursos inferiores, céntrase en grande medida na **observación directa de competencias, actitudes e habilidades lingüísticas, sociais, extralingüísticas**… Dadas as circunstancias de confinamento total o parcial do alumnado é imposíbel facer un seguemento fiábel destas competencias e, en base a isto, é imposíbel desglosar unha serie de estándares e criterios nos que se podan deitar unhas bases medianamente sólidas para levar a cabo unha avaliación integral.

Nestas condición a valoración dos estándares de aprendizaxe en base aos 5 bloques (comprensión e produción oral, comprensión e producción de textos escritos e coñecemento da lingua e conciencia intercultural) é, sinxelamente, no mellor dos casos una declaración de boas intención ben alonxada da realidade competencial do alumando.

Os criterios e estándares e indicadores escollidos para esta programación, **deberían ser reducidos a súa mínima expresión e estar suxeitos as ordes que as autoridades competentes manifesten así como se fixo no 27 de abril do 2020 pola Dirección Xeral de Educación.**

**Partirase da base da redución aos estándares básicos, menos inxustos, excluintes e xenéricos** cos que no mellor dos casos se podería tentar facer unha **simulación de avaliación**. Aínda así compre ter en conta que moitas das familias **non foron quen de, ou non quixeron ou non pudieron facer as tarefas asignadas**… polo que nese aspecto, avaliar nestas condicións é unha **inxustiza** tanto **para o alumnado** como **para o profesorado**.

A priori, tomarase como referencia as instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, a avaliación partirá da seguinte premisas:

a) A cualificación das tarefas durante o periodo de confinamento total e/ou parcial poderá incrementar a cualificación final nun máximo dun punto, tendo en conta o apartado 6.10 destas instruccións.

b) De ser o caso, terase en conta as cualificacións e notas tiradas da fase presencial do devandito trimestre.

c) A avaliación das actividades realizadas na fase non presencial só terá valor positivo para a cualificación do alumnado.

| 1. **Avaliación e cualificación** | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos: Tomarase como referencia principal o traballo feito durante o primeiro e segundo trimestre na aula. A cualificación da terceira avaliación poderá incrementar a cualificación final cun máximo dun punto. |
| | Instrumentos: Para a avaliación terase en conta os traballos aportados polo alumnado que desenvolveu na casa e tan só contará para subir a súa nota final nun máximo dun punto. |
| **Cualificación final** | Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:<br><br>A avaliación partirá do principio de avaliación continuada ponderada até o principio do confinamento. Para isto terase en conta as notas da etapa presencial facendo media e en caso de mitades inexactas ponderando sempre á alza.<br><br>Para a **cualificación final** do curso nesta situación excepcional ponderará en maior medida o período presencial en base a:<br><br>• Probas obxectivas de avaliación de contidos:30%<br>• Probas de avaliación de competencias:30%<br>• Actividades orais e escritas:20%<br>• Actitude:20%<br><br>Vólvese a aplicar aquí, á media á alza prevalecendo a avaliación continuada.<br><br>De xeito específico, o mestre preparará material de reforzo e revisión para aquel alumnado que o precise por causa das eivas na súa formación causadas por esta situación excepcional de cara ao próximo curso. Estas actividades terán o obxectivo de facer que este alumnado afronte o comezo do vindeiro curso cunha base mínima para atender as aulas do vindeiro ano escolar. |

Consideracións de obrigado cumprimento:

A decisión de promoción ou non promoción será adoptada polo equipo de profesores e profesoras que imparten docencia ao grupo de alumnos e alumnas, tendo especial consideración a información e o criterio do titor ou titora.

O alumnado acadará a promoción sempre que alcance o desenvolvemento correspondente das competencias básicas e un axeitado grao de madurez. Tamén se promocionará cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo curso, neste caso se adoptarían medidas de apoio precisas para recuperar as aprendizaxes non alcanzadas.

## 8. Avaliación da práctica docente.

| ELEMENTOS A AVALIAR | INDICADORES DE LOGRO | | |
|---|---|---|---|
| | Non conseguido | Conseguido parcialmente | Total |
| Programación didáctica. | Non se adecúa ó contexto da aula. | Adecúase parcialmente ó contexto da aula. | Adec contexto |
| Medidas de atención á diversidade. | Non se adoptaron medidas de atención á diversidade adecuadas. | Identificáronse as medidas de atención á diversidade a adoptar. | Adop atención adecuad |
| Obxectivos da materia. | Non se alcanzaron os obxectivos da materia establecidos. | Alcanzáronse parte dos obxectivos da materia establecidos para o curso. | Alcan obxectiv establec |
| Competencias clave. | Non se desenvolveron a maioría das competencias clave relacionadas coa materia. | Desenvolvéronse parte das competencias clave relacionadas coamateria. | Logro desenvo o Compe relaciona on mater |
| Práctica docente. | A práctica docente non foi satisfactoria. | A práctica docente foi parcialmentesatisfactoria. | A prá satisfact |

## *9. Avaliación inicial.*

Na área de Lingua Estranxeira, tratándose dunha materia de avaliación continua, é constante a revisión e a reciclaxe de vocabulario e expresións de alta frecuencia. O curso empeza sempre cunha unidade de repaso para actualizar o asimilado en cursos anteriores e aprovéitase para facer unha revisión e recuperar todo o necesario para afondar un pouco máis no coñecemento da lingua. Por medio de xogos e actividades lúdicas detéctanse os puntos febles, así como os alumnos e alumnas que precisan un traballo máis intenso. O caderno de clase, que volven a empregar, sirve de elemento de consulta para aqueles que necesitan apoio visual para revisar vocabulario ou estruturas traballadas no curso anterior.

Os resultados desta observación inicial determinarán as medidas a adoptar, en moitos casos é preciso preparar actividades de reforzo de grupo ou individuais, así como de extensión, pois o alumnado presenta distintos niveis.

O desexable é poder agrupar aos alumnos de xeito que poidan axudarse entre si e participar todos nas actividades cada un coas súas posibilidades.

## *10. Medidas de atención á diversidade do alumnado.*

Un dos elementos que máis promovía a LOE e segue promovendo coa LOMCE é a *atención á diversidade*. É claro que a mesma acción educativa exercida sobre o mesmo grupo de alumnos ten efectos diferentes en función do coñecemento e experiencia previa de cada un deles, as súas capacidades intelectuais e os seus intereses e motivacións no ensino.

É por esta razón que, en moitos casos, debemos modificar ou adaptar contidos ou a metodoloxía para que tódolos alumnos poidan alcanzar os obxectivos establecidos. Do mesmo xeito, debemos ofrecer actividades de extensión para aqueles alumnos máis capaces ou receptivos. A atención para a diversidade debe ser sempre realizada en ambas as direccións. Así, constantemente se deberá abordar estas diferenzas, presentando as mesmas actividades de forma diferente ás actividades propostas no libro do alumno e no caderno. Os profesores deben escoller a quen dirixir e propoñer algunhas actividades ou outras, e deberán ser conscientes en todo momento destas diferenzas, non só á hora de avaliar, senón tamén á hora de ensinar e planificar o proceso de ensino- aprendizaxe.

Proporanse actividades de reforzo e extensión que permitan dar unha atención individualizada ós alumnos segundo as súas necesidades e ritmo de aprendizaxe.

## Criterios e procedementos previstos para realizar as adaptacións curriculares apropiadas para os alumnos con necesidades educativas especiais

As adaptacións se centrarán en:

1. Tempo e ritmo deaprendizaxe
2. Metodoloxía máispersonalizada
3. Reforzar as técnicas deaprendizaxe
4. Mellorar os procedementos, hábitos eactitudes
5. Aumentar a atenciónorientadora
6. Enriquecementocurricular
7. Avaliacións adoptadas para as necesidades destesalumnos

**a) Para o alumnado con altas capacidades intelectuais:** facilitaranse contidos e materiais de extensión adecuados ás necesidades destes alumnos para permitirlles alcanzar o seu máximo potencial.

**b) Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo:** adoptaranse as medidas de reforzo necesarias para facilitar a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase para que lles permitan continuar con aproveitamento nos seusestudos.

**c) Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe:** adoptaranse tanto medidas de escolarización como de atención. Para os alumnos con discapacidade, tomaranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para os alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de alcanzar un progreso suficiente nos contidos conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais ou nos materiais considerados comotales.

### *Actividades de reforzo:*

Deséñanse actividades de reforzo para cada obxectivo, contidos e competencias.

As actividades de reforzo poden ser realizadas cando o remate dunha unidade ou dada a

importancia que lle confira o mestre no momento preciso en que se estea a traballa un contido específico e en función da diversidade que se atope cos alumnos.

Para as actividades de reforzo dos alumnos con NEAE se contará co asesoramento das especialistas de PT e AL e co orientador do centro.

As actividades de reforzo poderán ser: as propostas polas editoriais, de elaboración propia, suxeridas polos especialistas en orientación, PT e/ou AL, atopadas en páxinas WEB de recursos educativos e as que se elaborarán no presente curso escolar.

Se é posible e para facelo máis atractivo e que resulte como un reforzo máis, ditas actividades de reforzo se realizarán nos PC de aula o da aula de informática.

Na aula de informática disporase dunha batería de páxinas WEB con recursos educativos, que previamente introduciran nos escritorios dos distintos PC o equipo de dinamización das TIC. Elaborando tamén unha listaxe para os mestres e deixando esta listaxe no taboleiro da sala de profesores.

A continuación, procédese a detallar os aspectos puntuais sobre a área de Educación Física, seguindo o seguinte índice:

1. **Obxectivos**
    1. Obxectivos de etapa
    2. Obxectivos de curso
2. **Contidos**
3. **Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe**
4. **Competencias clave**
5. **Metodoloxía**
    1. Principios metodolóxicos
    2. Metodoloxía específica
    3. Metodoloxía específica nas modalidades presencial e non presencial
6. **Elementos transversais**
7. **Plans e proxectos**
8. **Atención á diversidade**
9. **Procedementos de avaliación**
10. **Criterios de cualificación**
11. **Mínimos esixidos**
12. **Actividades de recuperación e de reforzo**
13. **Actividades complementarias e extraescolares**

## 1. OBXECTIVOS

Seguindo o establecido no **Decreto 105/2014, do 4 de setembro,** polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, os obxectivos son *"os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin".*

### *1.1. Obxectivos de etapa*

Dito Decreto establece 15 obxectivos para a etapa de Educación Primaria. A continuación descríbese o obxectivo que máis relación garda coa área de educación física e que será traballado en todas as unidades didácticas do curso:

**k)** *Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social*.

### *1.2. Obxectivos de curso*

- Coñecer as características individuais do alumnado.
- Favorecer os primeiros contactos grupais e crear un clima agradable, positivo e de confianza.
- Concienciar sobre as normas básicas de seguridade e coidado do material.
- Vivenciar a mobilidade de todas as partes do corpo e a súa flexibilidade.
- Apreciar velocidades, distancias e traxectorias.
- Adaptar o movemento ás referencias temporais (duración, ritmo, velocidade,...)
- Favorecer e desenvolver a percepción temporal.
- Desenvolver a coordinación dinámico xeneral e específica ou segmentaria.
- Afianzar as habilidades motoras básicas a través da coordinación.
- Aceptar os niveis de destreza propios e alleos.
- Explorar e coñecer as limitacións do propio corpo.
- Interiorizar o esquema corporal.
- Tomar conciencia das diferentes partes do corpo implicadas no movemento corporal.
- Identificar distancias con respecto a un mesmo, e ós obxectos.
- Experimentar diferentes sensacións de equilibrio no chan ou en superficies próximas a el.
- Iniciar e tomar conciencia dos diferentes tipos de desprazamentos e as súas combinacións.
- Iniciar os diferentes tipos de saltos en posición estática e dinámica, en lonxitude e en altura.

- Experimentar e desenvolver a capacidade para lanzar obxectos de diferentes xeitos.
- Desenvolver o equilibrio estático e dinámico.
- Respectar as medidas de seguridade necesarias.
- Desenvolver desprazamentos activos e pasivos.
- Experimentar distintos tipos de xiros
- Desenvolver a coordinación óculo-manual e óculo-pédica.
- Mellorar a precisión nos lanzamentos e recepcións.
- Mellorar as habilidades motoras básicas a través de xogos.
- Fomentar relacións de cooperación entre o alumnado.
- Iniciar os lanzamentos en movemento.
- Xirar no chan con apoio total ou parcial.
- Rodar adiante ou atrás.
- Voltear adiante.
- Iniciar e desenvolver o bote en desprazamento
- Consolidar o coñecemento corporal e o desenvolvemento das habilidades motrices básicas.
- Utilizar os xogos como medio de socialización e iniciar o espírito colectivo.
- Fomentar o coñecemento e respecto de sinxelas normas de xogo.
- Explorar as posibilidades e recursos expresivos do corpo.
- Adaptar o movemento corporal a estruturas rítmicas sinxelas.
- Desenvolver os recursos expresivos do corpo.
- Lograr a desinhibición ante situacións de expresión.
- Adaptar os movementos aos ritmos.
- Respectar as normas e regras das actividades.
- Levar á práctica xogos tradicionais, de forma similar a como se facía antano.
- Respectar, valorar e coñecer o medio natural
- Fomentar actitudes de cooperación e traballo en equipo.
- Consolidar as aprendizaxes de unidades anteriores a través de xogos sinxelos, en pequenos grupos e grupos repectando as normas sanitarias recollidas no Plan de actuación Covid19.
- Utilizar o xogo como medio de socialización.
- Coñecer e valorar o xogo como patrimonio cultural.
- Fomentar a practica e recuperación dos xogos propios da zona, propios dos máis pequenos.
- Consolidar unha boa base motriz mediante os xogos populares.

- Coñecer e participar en xogos e actividades físicas de máis recente implantación.
- Coñecer e valorar a actividade física no entorno natural.
- Valorar a actividade física como medio de lecer no tempo libre.
- Consolidar unha boa base motriz.

## 2. CONTIDOS

O **Decreto 105/2014, do 4 de setembro** define os contidos como o “conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado”. **O currículo, no seu anexo II,** establece 6 bloques de contidos para a área de educación física. Esta agrupación non determina métodos concretos, senón que responde a una forma de organizar os contidos que deben ser abordados de forma enlazada atendendo á configuración cíclica da ensinanza da área, construíndo uns contidos sobre outros. Os contidos a traballar serán:

- Coñecemento das instalacións, das normas de seguridade e das normas hixiénico-sanitarias.
- Coñecemento e control do propio corpo.
- A actitude postural, e respiración.
- Recoñecemento das nocións topolóxicas e espaciais.
- Realización de xogos de persecución, desprazamentos entre obstáculos.
- Aceptación de regras e normas de seguridade.
- Valoración do propio esforzo e interese.
- Percepción, identificación e representación do propio corpo e afirmación da lateralidade.
- Afirmación do control postural.
- Recoñecemento das relacións temporais e rítmicas.
- Experimentación de diferentes velocidades, duracións e ritmos.
- Recoñecemento da dereita e esquerda respecto a si mesmo (lateralidade).
- Partes do corpo implicadas nas accións de movemento.
- Relacións topolóxicas referidas ao propio corpo (diante, detrás).
- Recoñecemento de espazos, distancias e tamaños.

- Experimentación de diversas formas de desprazamento (dirección, posición, velocidade)
- O xogo: xogo libre e xogo organizado.
- Aspectos propioceptivos do corpo: en equilibrio estático e dinámico.
- Autonomía e confianza nas propias habilidades motoras.
- Desprazamentos básicos (marcha, carreira).
- Habilidades motoras básicas: saltos.
- Habilidades motoras básicas: xiros.
- Utilización correcta de espazos e materiais para a actividade física.
- Coñecemento dos tipos de xiros.
- Habilidades motoras básicas: lanzamentos e recepcións.
- Coordinación específica ou segmentaria.
- Coordinación dinámica global en desprazamentos, saltos e xiros.
- Posta en práctica de normas básicas de hixiene corporal.
- Destreza na manipulación de obxectos.
- O corpo coma instrumento de expresión e comunicación.
- Ritmo e movemento: danzas sinxelas e expresión libre a través do baile.
- Realización de actividades que desenvolvan capacidades expresivas.
- Utilización do xesto e do movemento para expresarse.
- Superación do medo ao ridículo nas tarefas propostas.
- Aceptación da vitoria e da derrota como algo propio do xogo.
- Coñecemento e orientación no ámbito próximo.
- A educación vial.
- Elementos e simboloxía dos planos, orientación/desorientación no ámbito natural.
- Conservación e respecto polo medio natural.
- Realización de xogos e actividades recreativas, así coma xogos populares.
- Valoración e aceptación das posibilidades do propio corpo e do dos demais.
- Confianza e autonomía das accións motoras en diversas situacións.
- Participación e cooperación nos xogos, aceptando as normas e respectando aos demais.

## 3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os **criterios e estándares de aprendizaxe** serán os referentes para avaliar ao alumno. Nomeámolos de maneira resumida, podendo observarse de maneira máis detallada no anexo I do **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**:

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Aceptar no grupo a outros compañeiros.
- Atender ás explicacións do profesor.
- Mostrar interese nas actividades propostas.
- Recoñecer e respectar as normas de seguridade.
- Coñecer, sinalar e utilizar as distintas partes do seu corpo.
- Axustar os movementos corporais a cambios nas actividades: intensidade, duración e espazo.
- Levar a cabo suxestións rítmicas sinxelas.
- Alternar os botes de forma consciente e voluntaria.
- Axustar a postura e o equilibrio corporal á actividade lúdica.
- Relaxar e contraer voluntariamente diferentes segmentos corporais.
- Identificar variacións do mecanismo respiratorio en función da intensidade.
- Utilizar a vestimenta apropiada para realizar actividades físicas.
- Desprazarse establecendo relacións espaciais en función de estímulos externos.
- Colocarse á dereita ou esquerda de obxectos ou compañeiros.
- Adaptar o movemento do seu corpo aos distintos ritmos.
- Lanzar unha pelota ao aire e recepcionar.
- Coordinar os brazos e pernas durante os desprazamentos.
- Manter o equilibrio durante certo tempo en situacións desequilibrante.
- Adaptar os movementos ás condicións de cada situación.
- Adoptar as medidas de seguridade axeitadas.
- Coordinar movementos dos segmentos corporais en desprazamentos e saltos.
- Saltar e desprazarse buscando a mellora.
- Realizar correctamente a reviravolta adiante e atrás.
- Coordinar os xiros cos saltos e desprazamentos.
- Realizar lanzamentos e recepcións con certa precisión.

- Botar o balón de forma coordinada.
- Lanzar un obxecto adiantando a perna contraria ao brazo que lanza.
- Adaptar as habilidades motoras básicas ás situacións de xogo.
- Axustar os desprazamentos ao tempo e ao espazo.
- Coordinar a acción brazos-pernas en distintas direccións, tanto na marcha como na carreira.
- Coñecer e executar distintos tipos de xiros nos diferentes eixes corporais.
- Observar traxectorias dos obxectos e levar a cabo accións motoras de anticipación para o seu control.
- Utilizar os recursos expresivos para representar obxectos, animais, etc.
- Recoñecer accións e mensaxes representadas polos demais.
- Participar nas actividades propostas.
- Respectar as normas e aos compañeiros.
- Botar a pelota e conducila con certo dominio.
- Realizar pases e recepcións con certa seguridade.
- Colaborar cos compañeiros/as.
- Poñer atención nas explicacións.
- Dominar os desprazamentos en situacións diversas.
- Valorar a participación por enriba dos resultados.
- Colaborar cos compañeiros/as nas actividades propostas.
- Experimentar primeiros contactos en espazos descoñecidos (no medio natural).
- Cumprir as normas de educación viaria.
- Utilizar de forma adecuada materiais e espazos onde se desenvolven actividades físicas.
- Coñecer os beneficios da práctica de actividades físicas e do exercicio físico sobre a saúde.

## **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

- Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.
- Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.
- Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.
- Coñece e identifica as partes do corpo propias e alleas.

- Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos.
- Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.
- Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.
- Reproduce corporalmente unha estrutura sinxela.
- Adopta hábitos alimentarios saudables.
- Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.
- Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.
- Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.
- Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de forma razoable.
- Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.
- Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) en diferentes tipos de contornos intentando aplicar os xestos adecuados e utilizando os segmentos dominantes.
- Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.
- Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente e en parellas.
- Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.
- Adopta hábitos posturais axeitados.
- Realiza os quecementos de forma guiada.
- Recoñece as diferenzas e características básicas dos xogos populares e actividades na natureza.
- Utiliza os espazos naturais, respectando a flora e fauna do lugar.
- Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinión dos e das demais.
- Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
- Coñece e respecta as normas de educación viarias en contornos habituais e non habituais.
- Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.
- Incorpora nas súas rutinas o coidado e a hixiene do corpo.
- Recoñece os dous tipos de respiración.
- Colócase á esquerda e a dereita de diferentes elementos.

## 4. COMPETENCIAS CLAVE

Tal e como aparece indicada na nova configuración do currículo, a cal está concretada no **Decreto 105/2014, do 4 de setembro,** establécense a adquisición de determinadas competencias claves, as cales deben ser adquiridas polo alumnado. Segundo este decreto as competencias clave son *"capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos".*

Coa entrada en vigor da **Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro,** para a Mellora da Calidade Educativa, establécense 7 competencias clave, as cales son un elemento esencial no currículo, polo que a área de educación física contribuirá a consecución de estas. Ademais de estas 7 competencias clave, destacamos tamén a competencia motriz:

- No currículo de Educación Primaria **(Decreto 105/2014, de 4 de setembro),** no *Anexo II* menciona a **competencia motriz**, fundamental para o desenvolvemento das sete competencias clave.

A continuación detallaranse a forma na que se van a traballar as 7 competencias clave, dunha maneira práctica, intentando achegar ao alumnado á adquisición das mesmas:

- **Competencia en comunicación lingüística (CCL):** desenvólvese dende distintas perspectivas, debido a gran cantidade de intercambios comunicativos que permite. Na fase de volta á calma os alumnos/as responderán a preguntas formuladas polo mestre, onde terán que mostrar a súa opinión. Tamén presentarán diferentes xogos na sesión.
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):** desenvólvese en todas aquelas actividades nas que exista percepción do espazo, cálculo de traxectorias, interpretación de mapas, así como tamén en temas orientados á mellora da calidade de vida, etc.

- **Competencia dixital (CD):** a LOMCE fomenta o uso das ferramentas dixitais, polo que haberá sesións de visualización de vídeos para a súa posterior posta en común, sempre supervisado polo mestre.
- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** traballarase en tarefas nas que o alumnado teña a responsabilidade de tomar decisións para conseguir os obxectivos das determinas tarefas.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** os xogos en equipo favorecerán aspectos grupais, como a colaboración, oposición, integración, respecto, xogo limpo, etc.
- **Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC):** a través das unidades de expresión corporal e a práctica de xogos.
- **Competencia aprender a aprender (CAA):** farase uso dos métodos de ensinanza que fomenten o desenvolvemento cognitivo *(descubrimento guiado e resolución de problemas),* na meirande parte das actividades levadas a cabo, buscando o desenvolvemento integral do alumnado.

## 5. METODOLOXÍA

Cando falamos de **metodoloxía,** referímonos ao como ensinar, segundo nos indica o **Decreto 105/2014, do 4 de setembro,** a metodoloxía é o *"conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar as aprendizaxes do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados".*

Nesta programación imos utilizar o **xogo** como recurso metodolóxico na maior parte das sesións. Este axudaranos ao desenvolvemento integral do alumnado, así como á adquisición de determinados contidos de maneira lúdica. **Cagigal (1996)** define o xogo como *"acción libre, espontánea e pracenteira que se desenvolve nunha limitación espacial e temporal, conforme a unhas determinadas regras, e cuxo elemento informativo é a tensión".*

### *5.1.Principios metodolóxicos*

Tal e como nos indica o **Decreto 105/2014, do 4 de setembro,** débense de ter en conta unha serie de **orientacións ou principios metodolóxicos** na educación primaria, á hora de impartir diferentes contidos na aula:

Os **contidos** seleccionados deben de levarnos á consecución das competencias clave da etapa. A base da nosa docencia será o **traballo cooperativo**, o cal nos axudará a potenciar todo aquela inclusión localizada na aula. Traballaremos sempre que podamos en parellas ou pequenos grupos, para fomentar as diferentes relacións interpersoais. As **familias** serán imprescindibles no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que deseñaremos diferentes actividades nas que a presenza de determinados familiares sexa fundamental. Todas as sesións terán un **carácter lúdico e global**, para desta forma facilitar a adquisición dos diferentes contidos. A **interdisciplinariedade** resultará da elaboración de diferentes materiais nas área de educación plástica *(***deseñar diferentes materiais***)*

### *5.2.Metodoloxía específica*

Nas clases de educación física imos utilizar diferentes **estilos de ensino**, os cales, seguindo a **Muska Mosston** ou **Delgado Noguera** presentan as seguintes características:

- **Mando directo modificado**: o docente é o encargado de levar o peso da clase. Nas tarefas de quecemento, e tamén nas partes finais de estiramentos.
- **Asignación de tarefas:** segue sendo o docente o encargado de marcar o inicio e o final da actividade, pero é o alumnado o que decide o número de repeticións que realiza, o ritmo e similares. Utilizarémolo nas sesións que involucremos o traballo en circuítos, etc.
- **Descubrimento guiado:** será o profesor o encargado de propoñer a actividade, pero será o alumno/ao/a que se dispoña a atopar a solución.
- **Resolución de problemas:** no mesmo caso que no anterior, pero cando haxa máis de unha resposta posible.
- **Ensinanza recíproca:** Por parellas un alumno/a pasa a ser o observador e corrector do outro. O docente decide as tarefas que se van realizar e os criterios de observación e corrección.

As **canles** que utilizaremos para transmitirlle a información ao alumnado serán:

- **Canle visual:** transmitirase a información a través da axuda visual. Utilizando vídeos, na explicación de distintos aspectos técnicos e tácticos.

- **Canle auditivo:** a través de explicacións, na meirande parte das explicacións.
- **Canle kinestésico-táctil:** axuda nas diferentes execucións, na fase de volta á calma, coa correccións de posturas incorrectas.

No referente ás **estratexias**, serán fundamentalmente globais, xa que se busca o desenvolvemento integral do alumnado.

Favoreceremos os **agrupamentos** en pequenos grupos, para a mellora comunicativa, ademais de agrupamentos en parellas e masivos, aínda que os utilizaremos case todos en función das necesidades respectando sempre as normas do Plan de adaptación á situacion COVID, cumplindo as distancias, os aforos e as medidas médico-sanitarias.

3. ***Metodoloxía específica nas modalidades non presencial e semipresencial.***

Seguindo o protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 no que se recollen as medidas de actuación para o período de actividade lecitva non presencial e semipresencial, a **ferramenta principal** que empregamos para a comunicación co noso alumnado é a ***aula virtual do Centro***; nela especificarase no apartado de Axenda da Aula Virtual os contidos e as tarefas semanalmente (mediante presentacións en **genially**, **canvas**, **vídeos de youtube**, recursos interactivos, **lim**, documentos en pdf…). Na modalidade semipresencial, os días que sexan presenciais adicaranse fundamentalmente á realización de actividade física e a solventar dúbidas.

Facilitarase ao alumnado e ás familias o **número de teléfono** e o **correo electrónico** da mestra para establecer unha comunicación bidireccional, personal e directa, non só para enviar o material, solventar as dúbidas que poidan xurdir con relación aos contidos senon para calque tipo de apoio que poidan precisar.

Empregarase a aplicación Abalar Móbil ou unha *Lista de Difusión,* para informar ás familias das actividades subidas á web e facilitarlle así o labor a aquelas que presenten dificultades coas TIC.

A dispoñibilidade horaria para atención ás familias será total, adaptándonos aos seus horarios laborais e familiares.

O alumnado enviará as actividades propostas feitas para a súa corrección e posterior envío a través do correo electrónico ou wasap adaptándonos aos rtimos individuais dos nenos/nenas, ás distintas circunstancias familiares, e á situación excepcional que estamos a vivir. Unha vez recibidas envíaselles mensaxes de reforzo positivas para a súa autoestima. Os traballos realizados polo alumnado serán colgados na páxina web do centro na lapela de Educación Física.

As actividades propostas estarán dirixidas pola mascota de Educación Física, a **vaca Marela**, que semanalmente proporá diferentes retos e actividades utilizando o xogo como recurso metodolóxico dándolle así un carácter lúdico e ao mesmo tempo motivador ao desenvolvemento integral dos nosos alumnos e alumnas .

Por tanto, empregamos unha **metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa, participativa, individualizada**, centrándonos no desenvolvemento de tarefas relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real a través dun **enfoque competencial** e do deseño de <u>actividades de aprendizaxe integradas</u> que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmos tempo. Baseámonos así nunha **perspectiva construtivista da aprendizaxe**.

Poñemos énfase na **atención á diversidade do alumnado**.

Debemos destacar a importancia na etapa de primaria do **xogo** como elemento motivador e que permite lograr aprendizaxes significativas. A **gamificación** é empregada para motivar aos nosos nenos e nenas a aprender e fomentar a súa autonomía de xeito que sexan os protagonistas do seu propio aprendizaxe. Utilizarémola por exemplo cos recursos de Ludos e outras aplicacións nos que o alumnado debe poñer en práctica as aprendizaxes adquiridas.

Como queda de manisfesto, a natureza da materia, as condicións do alumnado, a dispoñibilidade de recursos, a situación excepcional que se está a vivir…condicionan o proceso de ensinanza – aprendizaxe e os métodos empregados.

No referente ás **instalacións** <u>específicas de educación física</u>, dentro do propio centro predominan 1 ximnasio, 1 aula de psicomotricidade, 1 pista cuberta, 1 pista polideportiva.

Partindo da situación de pandemia que se está a vivir e tendo en conta as recomendacións sanitarias do protocolo Covid 19, utilizarase preferentemente a pista polideportiva e a pista semi-cuberta sempre que as condicións metereolóxicas o permitan, en caso contrario

empregaremos o ximnasio situado no edificio anexo do Centro. Éste conta con pouca ventilación, moita humidade e carece de calefacción. Trátase dunha aula de uso compartido polos diferentes grupos estables de Primaria, características que se proporán para recoller no Plan de adaptación Covid. Resulta ser un espazo pequeno para poder manter as distancias de seguridade en determinadas actividades tendo en conta que hai grupos numerosos o que limitará a variedade de xogos.

A nivel de **recursos,** destacamos: Recursos humanos: pais, profesor titor, outros profesores, centro, familia e sociedade. Recursos materiais: balóns de baloncesto, balóns de fútbol, balóns de balonmán, balóns de voleibol, indícaas, raquetas de bádminton, aros, conos, etc. Recursos impresos, tales como fotocopias, libros de consulta, murais, láminas, xornais, revistas, etc. Recursos Audiovisuais: ordenador, reprodutor CD e DVD.

## 6. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O **actual currículo da Educación Primaria** indica unha serie de elementos transversais no seu **artigo 11**, os cales debemos de traballar ao longo do curso. Anteriormente, na **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación** eran denominados como "Educación en Valores". Os elementos transversais deben ser traballados en todas as áreas, e nós dende a área de Educación Física farémolo da seguinte maneira:

**Calidade, equidade e inclusión educativa.** Especial énfase no alumnado con diferentes ritmos de aprendizaxe. **Prevención e resolución pacífica de conflitos.** Integraremos o respecto polos valores máis importantes da nosa sociedade. Aproveitaremos o Día Escolar da non Violencia e a Paz. **Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón de orientación sexual.** A través do traballo en grupos mixtos traballaremos este elemento transversal. Aproveitaremos a conmemoración do Día Internacional da violencia de xénero. **Desenvolvemento do espírito emprendedor e iniciativa empresarial.** Este elemento transversal traballarémolo dende as actividades que impliquen estilos pouco directivos. **Desenvolvemento sostible e medio ambiente.** Na área de Educación Física promoveranse actividades que axuden a coñecer, gozar, respectar e coidar o contorno. Aproveitaremos as conmemoracións do Día Mundial do Ambiente, inculcando a importancia de manter limpo o entorno que nos rodea.

## 7. PLANS E PROXECTOS

Nesta programación incluiremos varios plans de centro, así como proxectos, seguindo a **LOMCE** e o actual currículo da Comunidade Autónoma de Galicia **(Decreto 105/2014, do 4 de setembro):**

**Plan Lector:** desenvolveremos a competencia lectora, fomentando así o hábito da mesma. En EF, o alumnado terá que ler as explicacións propias da fase informativa, que o profesor lle proporcionará en papel. Fomentaremos isto a través da busca de información na biblioteca. Ademais o colexio, seguindo a lexislación, establece 30 minutos diarios de lectura. **Plan Tic:** segundo nos indica o **D. 105/2014, do 4 de setembro,** a adquisición da Competencia Dixital é sumamente importante. En educación física usaremos documentos audiovisuais como fonte de información. **Plan de atención á diversidade:** recolleranse todas as actuacións relacionadas co alumnado con NEAE**. Plan de acción titorial:** abordaremos todas as actuacións referidas a atención do alumnado. Será levado a cabo polo titor. **Plan de convivencia:** realizaranse xogos de carácter cooperativo, especialmente na UD 1, a cal irá orientada a xogos de presentación.

## 8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Esta programación está deseñada e orientada para dar solución a un grupo de alumnos, que de maneira directa ou indirecta, é un grupo con multitude de diferenzas entre si.

Coa sutil intención de dar maiores facilidades ao alumnado, axustarase a axuda pedagóxica ás súas necesidades. Tentarei que entre algunhas desas facilidades, predominen a facilitación de recursos e estratexias diversas, os cales e as cales serán necesarios para dotar ao alumnado dunha mellor resposta ante a gran cantidade de motivacións, intereses, carencias e capacidades que presentan os alumnos nesta franxa de idade.

Tal e como nos indica o **artigo 16** do **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, defínese NEAE como: "alumnos/as que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais; por dificultades específicas de aprendizaxe, Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades

intelectuais; por incorporarse tarde ao sistema educativo; por condicións persoais ou de historia escolar”.

Segundo o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro,** polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, como docentes debemos ser capaces de identificar con moita brevidade estes casos.

Polo tanto, teremos en conta as **medidas de atención á diversidade** que aparecen recollidas na **Orde do 6 de Outubro de 1995**, pola que se regulan as adaptacións do currículo, establecéndose as seguintes: **Reforzo Educativo ou Adaptación Curricular Individualizada (A.C.I.)**, nos casos que fosen necesarios.

Durante o transcurso do ano académico, poden xurdir **patoloxías temporais** como (escordadura, fractura, cambra, distensión muscular ou articular, feridas, etc.) que impiden a realización de actividade física durante algunhas sesións. Durante este tempo o alumnado que as padeza realizará algunhas das seguintes tarefas de maneira escrita:

- Recompilar información, sobre a U.D. que se leva a cabo nese momento.
- Completar modelos de sesión coas actividades realizadas polos compañeiros/ás.

**Diversidade e concreción dos casos:** En todos os casos o alumno terá que permanecer na instalación deportiva co calzado e material deportivo adecuado, salvo casos moi concretos, os cales estean xustificados.

## 9. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación entendese como unha fase máis do propio proceso de ensino aprendizaxe, polo que potenciaremos o seu carácter pedagóxico (elemento de mellora). A pesar de que a avaliación é un proceso continuo, distinguimos tres momentos:

**Avaliación inicial ou de diagnóstico:** esta avaliación será a través dunha pequena observación do historial académico de cursos anteriores. Na UD 1 realizaremos un xogo de preguntas que engloben diferentes vertentes, para comprobar como se manexa o alumnado, así como unha serie de probas prácticas, para comprobar os seus valores de destreza, habilidade, cooperación, forza e velocidade. Ao comezo de cada U. D. é importante recoller información sobre o estado en que se atopan os nosos

alumnos/as respecto aos novos contidos a desenvolver. En todas as unidades, a primeira sesión será ordinaria, pero facendo especial fincapé en tomar rexistros.

**<u>Avaliación continua ou formativa</u>:** Ao longo da unidade, analizaremos as incidencias, se están claros os obxectivos, se a selección de contidos é axustada, o enfoque metodolóxico, as actividades atractivas ou eficaces, realizando os axustes necesarios.

A avaliación será continua e global, polo que unha vez que nos atopemos inmersos no proceso de ensino-aprendizaxe, a avaliación levarémola a cabo con rexistros anecdóticos e con rúbricas**.** Disporemos dunha escala de comportamentos e actitudes que tamén se avaliarán diariamente, durante o transcurso de calquera sesión.

**<u>Avaliación final ou sumativa:</u>** Ao final da U. D., é preciso obter información sobre o grao de aprendizaxe dos contidos e resultados acadados polo alumnado. A parte dos indicado anteriormente, realizarase unha avaliación final e un traballo para cada UD**.** Acharemos a nota media (0 - 10) a partir das notas alcanzadas nos seguintes ítems: probas de carácter práctico e fichas de clase (Rúbricas; 40%), comportamento, participación e actitudes (40%), cuestionarios (10%) e traballo/exposición (escala; 10%).

## 10. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Intentaremos obter a maior cantidade de información sobre o proceso de ensino-aprendizaxe, polo que utilizaremos varios instrumentos de avaliación.

A **avaliación do alumnado** realizarase mediante:

1. **<u>Observación diaria:</u>** rexistraremos o que sucede nas sesións de forma sistemática. Para iso contamos en cada U.D. con **rúbricas** coas que se avaliarán os distintos estándares de aprendizaxe, valorado cun **40%.** Tamén utilizaremos unha **escala de observación** e **rexistro anecdótico**, para valorar o comportamento, participación e actitudes, cun **40%.**

2. **Proba oral**:. A proba oral farase na última sesión de cada U.D., na Fase de Análise de Resultados.

Relizaríase mediante dúas preguntas conceptuais sobre contidos traballados na Unidade Didáctica correspondente. Suporá un 20% da nota final.

**AVALIACIÓN**

| Tipo de avaliación | Criterio | Instrumento |
|---|---|---|
| **Observación directa** | Aspecto psicomotor | *Rúbrica* |
| | Comportamento, participación e actitudes | *Escala de observación* |
| **Probas orais e escritas** | Aspecto conceptual | *Cuestionario* |

Na **avaliación docente**, somos conscientes de que **debemos reflexionar** sobre a nosa propia actuación, coa intención de mellorala. Realizarase unha **análise exhaustiva do proceso de ensino-aprendizaxe e da propia programación, a través de auto avaliación e avaliación docente.**

Seguirase a **Orde do 9 de xuño de 2016**, que regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, na que se estipulan os resultados en: insuficiente (1, 2, 3 ou 4), suficiente (5), ben (6), notable (7 ou 8) e sobresaliente (9 ou 10)

**Que imos avaliar?**: Avaliaranse todos os elementos do proceso educativo, tales como a aprendizaxe do alumnado e a propia práctica docente do profesorado *(analizaremos as súas características, comportamentos e actitudes*).

**Momentos e instrumentos de avaliación (Como e cando?)**; realizaremos a avaliación do alumnado en diferentes momentos: antes, durante e despois, como explicamos anteriormente.

**Como imos avaliar ao profesor?, ou o que é o mesmo, como nos imos a avaliar a nós mesmos?.** Ao final de cada UD entregaráselle aos alumnos/as un cuestionario de avaliación docente, e cuestionario de auto avaliación docente para os mestres. **Aos alumnos/as** entregaránselles ao final de cada avaliación o seu boletín de notas, nas que á parte da cualificación numérica, poderán aparecer diferentes observacións. As familias terán **feedback** do progreso dos seus fillos/as a través de informes ao finalizar cada sesión de avaliación.

## 11. MÍNIMOS ESIXIBLES

Os **mínimos** que se lles vai a esixir ao alumnado son:

1. Amosa un axeitado coñecemento do corpo, dos seus elementos e funcionalidade.

2. Adapta os movementos ás circunstancias e condicións de cada situación.

3. Reproduce estruturas rítmicas sinxelas e reprodúceas corporalmente ou con instrumentos.

4. Utiliza os recursos expresivos do corpo e do movemento.

5. Desprazase e salta, combinando as habilidades de maneira equilibrada e coordinada, axustando os movementos corporais eficazmente aos cambios das condicións da actividade.

6. Xira sobre os eixos lonxitudinal e transversal sen perder o equilibrio e con certa soltura.

7. Lanza, pasa e recibe pelotas ou outros móbiles con certo control e adaptándose ás traxectorias.

8. Recoñece os efectos da actividade física, da hixiene e alimentación sobre a saúde.

9. Participa en xogos e actividades físicas establecendo relacións equilibradas cos outros, evitando discriminación por características persoais, de xénero ou culturais.

10. Coñece e valora a diversidade de actividades físicas e lúdicas, así coma os ámbitos nos que se desenvolven.

11. Resolve problemas motores de xeito eficaz nas actividades físicas, lúdicas e artísticas.

12. Coñece e practica xogos tradicionais propios da zona.

13. Coñece, respecta e aplica as regras e principios de acción propios dos xogos.

14. Asiste coa roupa axeitada ás clases de EF *(roupa deportiva e zapatillas deportivas)*

## 12) ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E DE REFORZO

En canto os mecanismos de recuperación, o alumnado que non acade os mínimos poderá repetir a proba conceptual e valoraranse as probas prácticas (relacionadas coa evolución motriz) en posteriores unidades didácticas dado o carácter continuo da avaliación.

## 13) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Actividades extraescolares e complementarias que se levaran a cabo:

- Magosto
- Día Internacional contra a Violencia de xénero (25 novembro)

- Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (10 decembro)

- Día Internacional da Educación (24 xaneiro)
- Día de Rosalía de Castro (24 febreiro)
- Día Internacional da Muller Traballadora (8 marzo)
- Día mundial da Saúde (7 abril)
- Semana das Letras Galegas (maio)
- Día do Medio Ambiente (5 xuño)
- Saídas relacionadas coa área de Educación Física.

**EDUCACIÓN MUSICAL 2º Educación Primaria**

**ÍNDICE**

**1.Introdución**

**2. Contribución ao desenvolvemento das Competencias Clave**

**3. Concreción dos obxectivos para o curso**

**4. Estándares de aprendizaxe**

**5. Contidos. Temporalización da proposta didáctica**

**6.Concrecións metodolóxicas. Concrecións COVID 19. Plano da aula**

**7.Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado, procedementos e instrumentos de avaliación.**

**8.Medidas de atención á diversidade e programa de reforzo**

**9.Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso**

**10.Aplicacións dos plans e proxectos do centro**

**EDUCACIÓN MUSICAL 2º Educación Primaria**

**1.Introdución**

O contacto coa música permítelle aos nenos/as comunicarse e convivir mellor coas outras

persoas. A música achégalles seguridade e confianza porque teñen que compartir cancións e experiencias favorecendo a colaboración e o respecto mutuo. Ademais de mellorar a súa capacidade de aprendizaxe fomenta a concentración, a memoria e a expresión corporal. Por todos estes aspectos, esta programación ten como finalidade principal facilitar e fomentar o aprendizaxe, vivenciación e a afección pola música.

Cabe destacar a importancia da programación que nos permitirá poder responder ás necesidades e intereses tanto do alumnado como do mestre/a. Ademais de ter en conta as características socioculturais e evolutivas do alumnado, programar vainos permitir propiciar momentos que estimulen a autonomía, a cooperación, o pensamento crítico, o pensamento creativo e afianzar os coñecementos e os desempeños xa adquiridos.

## 2. Contribución ao desenvolvemento das Competencias Clave

A O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da
educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, seguindo a Recomendación 3
2006/962/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para o aprendizaxe permanente, defíneas como "aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego".

Dende a educación musical, con actividades de aprendizaxe e tarefas, debemos favorecer a adquisición eficaz das competencias clave:

1) Competencia en comunicación lingüística (CCL): a través dos contos e das cancións contribuímos a desenvolver a comprensión e expresión oral.

2) Competencia matemática e competencias básicas en ciencias e Tecnoloxía (CMCT): podemos contribuír ao desenvolvemento das capacidades relacionadas coa competencia matemática grazas á práctica das figuras xeométricas nas danzas, ao cómputo e cálculo dos pulsos, acentos, equivalencias,... A Música fomenta a capacidade de interacción co mundo físico no seu tratamento dos sons do contorno e na escoita e interpretación de danzas e cancións do mundo. Cando estamos a gravar sons, producións ou seleccionando información mediante recursos multimedia contribuímos ao desenvolvemento das competencias clave en ciencias e tecnoloxía.

3) Competencia dixital (CD): a música permite unha gran diversidade de modos de 7
tratar a información; o proceso de ensinanza aprendizaxe da Música resulta moi favorable para empregar o gran abano de medios tecnolóxicos dos que dispoñemos como poden ser a PDI, o ordenador,...

4) Aprender a aprender (CAA): mediante a improvisación, a composición, corrección e a análise das obras musicais, favorecemos a confianza, a perseveranza a través dos ensaios e o sentido da responsabilidade do alumnado; desta maneira, estamos encamiñándoos a que sexan conscientes do seu coñecemento, e incluso, a que constrúan

a súa propia aprendizaxe.

5) Competencias sociais e cívicas (CSC): Contribúese dende a materia de Música grazas ao respecto ás diferenzas sociais, ás profesións, á relación cos compañeiros/as, á familia ... que se fomenta tanto no tratamento dos contidos coma nos obxectivos a acadar.

6) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): En Música, cando se elabora unha instrumentación, cando se crea unha improvisación, cando nos decantamos por diferentes interpretacións das obras e, sobre todo, cando simplemente creamos música estamos a afianzar o sentido de iniciativa e a facer do espírito emprendedor, a nosa identidade.

7) Conciencia e expresións culturais (CEC): É esta competencia a máis vencellada á música; as actividades de escoita, interpretación así como movemento e danza favorecerán o desenvolvemento da mesma. Cando tratamos repertorio do noso folclore, de outras culturas ou diferentes manifestacións artísticas unidas á Música, estamos contribuíndo ó desenvolvemento desta competencia.

## 3. Concreción dos obxectivos para o curso

Segundo o Decreto 105/2014 os obxectivos son “os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente eficaz de problemas complexos”.

Ó longo deste 2º curso de Educación Primaria, vamos a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan acadar os seguintes obxectivos:

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## 4. Estándares de aprendizaxe

Os estándares de aprendizaxe avaliables pódense definir como especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e concretan o que o alumno/a debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina.

Os propostos para o segundo curso de Educación Primaria son os seguintes:

**Bloque 1. Escoita**

• Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz

• Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.

• Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.

• Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.

• Identifica voces masculinas e femininas.

• Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.

• Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras.

• Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.

• Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.

• Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.

• Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais.

• Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.

• Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.

• Utiliza notación non convencional para representar elementos do son. • Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.

• Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.

**Bloque 2. Interpretación musical**

• Repite esquemas rítmicos escoitados.

• Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.

• Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.

• Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.

• Fai de xeito consciente o proceso da respiración.

• Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.

• Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.

• Identifica a preguntaresposta con motivos melódicos e rítmicos.

• Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol. CCEC

• Elixe e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.

• Elixe e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.

**Bloque 3. Música, movemento e danza**

• Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.

• Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.

• Responde co seu corpo a estímulos sonoros.

• Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.

• Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.

## 5. Contidos. Temporalización da proposta didáctica.

Tal e como se recolle na LOMCE, os contidos son o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e á adquisición de competencias. Os que traballaremos no segundo curso de Educación Primaria son os seguintes:

**Bloque 1.** Escoita

•Calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.

•Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.

•Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.

•Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva. Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.

•Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas e masculinas.

•Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.

•Audición de pezas vocais e instrumentais.

•Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves.

•Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que se desenvolve nelas (dirección, instrumentista e público).

•Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.

•Normas básicas de comportamento en concertos e outras representacións musicais.

•Elementos da música: tempo (adagio, andante e allegro), dinámica e carácter.

•Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.

•Forma musical: repetición e contraste.

•Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.

•Pulso e acento. Compás binario.

•As familias de instrumentos: vento, corda e percusión.

**Bloque 2**. Interpretación musical

•Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos.

•Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.

•Iniciación á frauta doce. O xilófono e o metalófono.

•Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.

•Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.

•Imitación de fórmulas rítmicas e melódicas.

•Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.

•Imitación de fórmulas rítmicas.

•Lectura e interpretación de partituras sinxelas con grafías non convencionais e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional

•Notación musical e grafías non convencionais como medio de representación da música. Colocación dalgunha nota no pentagrama.

•Utilización da percusión corporal e os instrumentos como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.

•Selección e combinación de ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.

•Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.

•Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos mediante o procedemento de preguntaresposta.

**Bloque 3.** Música, movemento e danza

•Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.

•Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas

musicais, e interpretación de danzas sinxelas.

•Práctica dalgunha danza tradicional galega.

•Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.

Entendemos por **temporizar** á acción de distribuír o tempo dun proceso. A presente programación está deseñada tendo en conta a ORDE de 28 de maio de 2018 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2018/19 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Consta de 24 unidades didácticas distribuídas en 1 ou 2 sesións de 50 minutos.

Na táboa que presentamos a continuación podemos ver a distribución por trimestres.

## 6.Concrecións metodolóxicas

Para favorecer a aprendizaxe por competencias, a metodoloxía será eminentemente activa, a través de estratexias interactivas, a realización de proxectos colaborativos e o emprego das novas tecnoloxías, centrando a atención na creación. Para garantir a aprendizaxe significativa, os contidos presentaránse dun xeito eminentemente práctico e baseado na percepión sensorial, favorecendo a activación dos coñecementos previos do alumnado. Os principios construtivistas, enfatizan na necesidade de establecer conexións (a través das actividades de movemento, o canto e a práctica instrumental) para favorecer a integración dos novos contidos na estrutura cognitiva do alumno (por medio da análisee a lectoescritura)permitindo a comprensión e asimilación que posibilita a súa aplicación en situacións semellantes a través da transferencia (improvisación e creación). Estarán presentes os métodos e recursos propostos por Dalcroze, Orff, Kodály e Wuytack. O método Dalcroze, parte do movemento e o propio corpo como base para a educación rítmica. Ben a través do emprego da percusión corporal ou de actividades de movememento. O método Orff baséase na relación linguaxe-corpo-instrumento. Empregaremos o instrumental proposto por Orff, para interpretar e acompañar as pezas. Seguiremos o seu principio "todos tocan todo". Dentro da metodoloxía Orff destaca o traballo realizado polo seu discípulo J.Wuytack con respecto ás danzas do mundo e o uso do musicograma. O método Kodály toma como base da educación musical o canto e ademais propón a instrumentación de obras clásicas da historia da música. Selección de actividades de ensinanza e aprendizaxe As actividades de ensinanza e aprendizaxe estarán condicionadas polos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. Baixo a perspectiva do construtivismo seleccionaranse as que estean baseadas nesta metodoloxía e que resulten mais motivantes, significativas, funcionais que impliquen a disonancia cognitiva e permitan diferentes ritmos de aprendizaxe. As actividades serán de motivación introdución, de desenvolvemento, de diagnóstico, de síntese, de reforzo e ampliación e de avaliación. Avaliación A avaliación das aprendizaxes é

un proceso, a través do cal se observa, recolle e analiza información relevante, respecto do proceso de aprendizaxe dos estudantes, coa finalidade de reflexionar, emitir xuízo de valor e tomar decisión pertinentes e oportunas para mellora o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

**Concrecións metodolóxicas COVID 19.**

Dadas as circunstancias especiais que condicionan todo o proceso educativo en todas as súas variables, favorecerase a metodoloxía en rede. Os materiais e recursos didácticos serán presentados de xeito telemático a través da aula virtual do centro (libro dixital interactivo) ademáis de en soporte impreso individual para cada alumno/a.No posible caso de ensino non presencial , efectuarase o seguimento do alumno coa presentación dos traballos de dito libro dixital interactivo, o material en formato pdf que está na aula virtual e a través dos diferentes medios telemáticos.

No que respecta ás metodoloxías e pedagogos anteriormente mencionados, optarase sempre por recursos e métodos que prioricen a expresión musical, en todas as súas variables, sen necesidade de compartir instrumentos, que supoñan desplazamentos no espazo ou que prescindan das máscaras para o seu desenvolvemento (frauta doce). Poden ser prosodia rítmica, audición activa, discriminación auditiva, expresión cormporal…

No que respecta ao reforzo e recuperación dos contidos do trimestre do curso 2019/2020 é de sinalar que, ao tratarse de contidos que se desenvolven de xeito cíclico, farase fincapé nos mesmos tendo en conta o grado de adquisición dos mesmos do alumnado.

# PLANO AULA DE MÚSICA



## 7.Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado, procedementos e instrumentos de avaliación.

A **avaliación** realizarase de maneira continua ao longo de todo o proceso educativo por medio da observación directa e sistemática do alumnado e o rexistro da mesma no caderno de aula. Os procedementos que empregaremos ademais da observación sistemática, será a análise de produción dos alumnos e os intercambio orais cos alumnos. Nas rúbricas de avaliación rexistraranse os progresos do alumnado en relación a cada un dos estándares de aprendizaxe relacionados coas interpretacións vocais, instrumentais e coa expresión corporal, Ao longo do proceso tamén se realizará unha autoavaliación docente do proceso de ensino a través da reflexión. Os ámbitos que se deben avaliar son: a preparación das clases e dos materiais, a metodoloxía, a avaliación das aprendizaxes e a información que se dá aos alumnos e ás familias do proceso educativo e a adecuación das medidas para a atención á diversidade.

Os **criterios de avaliación** están ligados ós obxectivos e contidos e indican o grao de adquisición das aprendizaxes pretendidas nos obxectivos xerais. Recóllense no decreto de currículo de Galicia. Os propostos para o segundo curso de Educación Primaria son os seguintes:

**Bloque 1. Escoita**

• Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.

• Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.

• Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.

• Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado

• Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).

• Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.

**Bloque 2. Interpretación musical**

• Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son.

• Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.

• Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.

**Bloque 3. Música, movemento e danza.**

• Realizar pequenas coreografías.

• Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.

Como criterios de avaliación teremos en conta o rexistro dos estándares e o grao de desenvolvemento das competencias.

Os **instrumentos** empregados para a avaliación serán:

| Instrumentos | Rúbrica | Escala de apreciación | Listaxe de cotexo | Portfolio | Proba oral |
|---|---|---|---|---|---|
| Porcentaxe | 50% | 20% | 15% | 10% | 5% |

A nota de cada trimestre será calculada en base ao cómputo dos estándares de aprendizaxe avaliados nese trimestre. A cualificación será numérica e aparecerá reflectida no boletín cuberto a través do programa informático XADE.

O alumnado superará a materia cando obteña unha avaliación final positiva, resultante de valorar os estándares segundo o peso específico de cada un deles. Para a promoción terase en conta o grao de desenvolvemento e progreso en todas as áreas.

En todo momento estará a disposición das familias a información do proceso de avaliación (criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliables, estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción).

## 8.Medidas de atención á diversidade e programa de reforzo

A diversidade é unha realidade social, e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo. A resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na personalización da educación de cada unha das alumnas e alumnos, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado. A atención á diversidade rexerase polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

En cada unha das Unidades didácticas de cada nivel, figuran medidas concretas de atención á diversidade, que se concretarán coas Necesidades Específicas de Apoio Educativo de cada neno en concreto, tanto se son de sobredotación intelectual, como se necesitan un tratamento de adaptación dos contidos ou se por seren estranxeiros descoñecen unha ou as dúas linguas oficiais de Galicia. Para iso teremos programadas actividades de ampliación e reforzo.

Como principio xeral, todos os nenos farán as actividades programadas, en especial as colectivas ou en pequenos grupos: cantos colectivos, acompañamentos instrumentais, coreografías, danzas, etc. Os nenos de A.C.I, que teñan unha adaptación tamén en Música, levarán un ritmo distinto para aquelas actividades que necesiten facelas doutro xeito, máis simplificadas, sinxelas ou distintas dependendo das propias características do alumno/a.

Os/as nenos/as que precisen axuda especial por mor de non aprobar algunha avaliación ou non ter feito algún traballo, realizarán actividades de reforzo de distinto tipo: fichas, exercicios de movementos, exercicios rítmicos, instrumentais, etc..

## 9.Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso

Os elementos transversais constitúen o conxunto de saberes fundamentados en actitudes, valores e normas que dan resposta a algúns problemas sociais existentes na actualidade tal e como ven reflectido no Decreto 105/2014. Incorporáronse á educación como aspectos do noso mundo que deben ser abordados dende unha perspectiva moral.

Dende a materia de música vamos a contribuír ao desenvolvemento de estes valores:

• Comprensión lectora: coa comprensión dos códigos musicais, coas cancións, contos musicais, relatos, coa selección e busca de información.

• Expresión oral e escrita: no momento en que os nenos/as expresan sentimentos que lles produce a música, crean sons para historias, comentan audicións, entoan e interpretan aspectos sobre unha partitura ou sobre unha música...

• Comunicación audiovisual: cando estamos a tratar grafía non convencional con musicogramas, musicomovigramas, tamén esquemas melódicos, rítmicos; cando empregamos a imaxe como recurso educativo, gravamos un vídeo...

• Tecnoloxías da información e da comunicación: coa busca, selección e utilización de información en internet coa finalidade de crear un contido determinado; no uso de programas para informáticos para a produción musical, robótica…

• Emprendemento: No momento en que os alumnos recompilan cancións no contexto familiar, no seu contorno, elaboran acompañamentos e improvisacións, constrúen un instrumento, colaboran na elaboración de dunha coreografía,…

• Educación cívica e constitucional: cando traballamos os coidados da voz, do corpo en xeral, cando traballamos en equipo ou grupos, tratamos temas como os instrumentos do mundo ou agrupacións folclóricas; tamén na interpretación  de danzas e instrumentacións en grupo.

Ademais, ao longo das unidades tamén estarán presentes valores que fomentan a igualdade efectiva entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero, resolución pacífica de conflitos, medioambiente, educación para o consumidor...

## 10.Aplicacións dos plans e proxectos do centro

Dende a materia de música, ademais de contribuír as competencias clave e aos elementos transversais a través das diferentes actividades, tamén se atenderá aos

diferentes plans e proxectos do centro educativo, adaptando se fose necesario a metodoloxía para contribuír ao seu desenvolvemento. O **proxecto lector** de centro recolle todas as actividades destinadas ao fomento da lectura e da escritura. Dende a materia de música contribuirase a partir da busca de información, mediante a lectura e comprensión de letras, cancións, textos… Co **plan TIC** fomentase a incorporación das tecnoloxías da información e comunicacióná aula como un recurso máis no proceso de ensinanza e aprendizaxe. En música utilizarase o ordenador como fonte e tamén será utilizada a lousa dixital para actividades interactivas. Ao **plan de convivencia** contribuiremos a través de danzas, da utilización de diferentes formas de agrupación e fomentando os valores.